


AUNIOS

Nº 17

MAIO 2012



ASOCIACION CULTURAL

Pineiróns



COLABORAN	PÁXINA	ARTIGOS
Laureano Mayán Taboada	2-5	O "ENTERRO DA SARDIÑA" EN MARÍN
Xoán Xosé Pérez Labaca	6-8	UNHA DUCIA DE INSTRUMENTOS HUMORÍSTICOS E SINGULARES UTILIZADOS NA ILLA DE ONS
Andrea Fernández Iglesias	11-12	O AERÓDROMO DE O GROVE
Lino José Pazos Pérez	13-15	MUSEO DO MAR DE NOIA
Anxo López Vergara	16-18	CONTOS E LENDAS DO GROVE (II)
Francisco Calo Lourido	21-23	FAME NO MAR DO GROVE E ADHESIÓN AO MONTEPIÓ
Fernando Trigo Fontán	24-28	A ILLA DE ONS: OS SINAIS DE AVISO
Celestino Pardellas de Blas	31-38	ONS: PROPIEDAD - ADMINISTRACIÓN - VECIÑOS (IV) "IRREGULARIDADES, IMPOSTO AGRÍCOLA E CONCESIÓN".
Cosme Damian Romay Cousido	39-43	NOME DAS AVES DO SALNÉS: REVISIÓN E AMPLIACIÓN
Jesús Emilio Ferrer Jaureguizar	44-49	O CONFLICTO DA TRAIÑA NAS RÍAS BAIXAS DE GALICIA: 1887 - 1902
Ramón Patiño Gómez	50-52	ÁNCORAS DE PEDRA NAS COSTAS GALEGAS (I)
Carlos Moreira García	53-54	E NINGUÉN PODERÁ APAGAR O LUME DAS VOSAS CASAS."EN MEMORIA DE CAMILO, O FILLO DO FAREIRO DE ONS"
Paula Ballesteros/Yolanda Seoane	57-60	GRAVADOS RUPESTRES NA ILLA DE ONS
Xoán Fuentes Castro	61-63	ALGÚNS TRAZOS DA FALA DE SAN VICENTE
Manuel Chazo Cores	64	SOÑOS DO PASADO
Julio Santos Pena	67-70	ONS, O MEU PARAISO DE ONTE (XI). DE PEDRAS VELLAS, HISTORIA E CONFUSIÓN
Javier Fernández Soutullo	71-72	O MAR DE O GROVE: A ARTE DO MEDIOMUNDO E O PEIXE GATA
Lolita Aguín	73-74	COMO ÉRAMOS
José Taboada García	77-79	A FALA DO GROVE E ARREDORES EN CLAVE DE HUMOR
Xosé Manuel Pereira Fernández	80-82	A CONSTITUCIÓN DA TOXA COMO SOCIEDADE ANÓNIMA
José Miguel Besada Fernández	83	OS PUPILLOS EN O GROVE
Francisco Meis	84	CONTRABANDO DE ARMAS NAS PRAIAS DE SAN VICENTE

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR:

PÁXINAS

Celestino Pardellas de Blas	21,22,23,24,26,27,28,32,33,34,35,36,38,49,61,62,63,64,67,68,69,70,83.Portada
Ramón Patiño Gómez	50,51,52
Paula Ballesteros Arias e Yolanda Seoane-Veiga	57,58,59,60
Lino J. Pazos Pérez	13,14,15
Jesús Emilio Ferrer Jaureguizar	44,46,48
Javier Fernández Soutullo	11,12,71,72,80,81,82
Cosme Damian Romay Cousido	39,40
Miguel Besada Costa	16,17,18
Carlos Moreira García	53,54
Lolita Aguín	73
Henri Cartier Bresson	74
Laureano Mayán Taboada	2,3,4,5
Francisco Meis	84
Toño Escudero	79

CORRECTOR LINGÜÍSTICO: *Anxo López Vergara*

DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL "Pineiróns"
Rúa Conchases, 39 - 2º Esq. - 36980 O GROVE
Pontevedra - Galicia - España
Telf.: 649 424 950
E-mail: tinopardellas@edu.xunta.es

Para consultar cualquier número da revista AUNIOS, nestas direccións:
<http://bueu.tk>
<http://www.wix.com/viladebueu/bueu>



O "ENTERRO DA SARDIÑA" EN MARÍN

UN DOS POCOS POBOS NO QUE O PEIXE É REAL E TÍRASE AO MAR

Por: Laureano Mayán Taboada

Non son moitos os datos que se posúen sobre a orixe, no tempo, do Entroido en Marín. Si que se pode constatar que as nosas festas eran moi populares en Galicia, porque aínda cando foron prohibidas na Guerra Civil e tamén na posguerra, Marín era un dos poucos lugares nos que se celebraba o "**Domingo de Corredoira**" ("**Corredoiro**" no resto de Galicia).

O Entroido marinense que estaba distribuído en : "**Domingo de Corredoira**", "**Domingo de Carnaval**" ou "**Entroido**", "**Martes de Carnaval**" e "**Domingo de Piñata**" (Chamado, tamén, "**Domingo de Pecado**"), podemos encaixalo en tres épocas: Finais do século XIX ata 1936 – Dende 1945 e década dos 50 – Década dos 60 ata hoxe.

O "Enterro da Sardíña" é a despedida do Entroido. Aínda que agora se celebra o Mércores de Cinza, antigamente, tiña lugar o domingo seguinte ao Domingo de Piñata. Esta festa estímase que data do ano 1895 polo que é unha das celebracións de máis antigüidade, arraigo e popularidade de Galicia.

Ese día, colgábanse nun cordel, de balcón a balcón, na Praza, unhas cantas sardiñas, mentres nas escaleiras do reloxo colocábase un bocoi a título de estrado, onde se tería que acomodar o noso personaxe. A comitiva acudía á Praza cuberta con sabas e encapuchados con candeas acendidas e facíanse oscilar uns caldeiros nos que meteran brea, serraduras e cordas vellas, o cal producía unha fumareda que facía tусir ata aos cimentos da Praza. Catro colaboradores portaban unha padiola en cuxos ángulos había uns farois de papel branco, e no centro

un pequeno ataúde branco no que se depositaba a sardiña.

O señor Higinio comezaba o festexo cun discurso e un sermón que improvisaba. Tras dar lectura á Letanía, ocultábase un rato dentro do bocoi e volvía a aparecer ciscando coa palma dunha vasoira, sobre todo o público, un líquido queapestaba. Volvía a desaparecer dentro do bocoi e xurdía de novo levando nunha man unha tixola enorme e unha grella de grandes dimensións na outra man, dicindo: "*Aquí los teneis: ésta (pola tixola) la achicharra. Y ésta la asa como a San Lorenzo. Fuera instrumentos malditos de la tortura de la sardina. ¡Que os confunda el demonio!*" Dito isto, lanzaba as dúas pezas de ferro sobre a xente, caeran onde caeran... Inmediatamente depositaba a sardiña no ataúde e organizábase a comitiva ata o peirao onde a sardiña era botada ao mar. No traxecto, a banda de música interpretaba unha peza cuxa música e letra atribúese ao médico Secundino Lorenzo Touza, outro importante personaxe nestas festas. "*Cantemos todos / la triste suerte / que dió la muerte / al Carnaval, / los ecos tristes de la campana / suenan al fin / din – dan*". Esta marcha continúa sobrevivindo.



Os anos foron pasando e entrouse nun período de terribles consecuencias, como xa sabemos... Vetáronse numerosas tradicións populares e, entre elas, o Entroido.

Nos anos 50 do pasado século, houbo un intento de recuperar o "**Enterro**" e, por iniciativa "*dos que sempre estaban nela*", chegaron a colgar dunhas cordas

unhas sardiñas secas. O feito estivo a punto de custar o cárcere aos organizadores, cuxo “*armadanzas*” era o Sr. Molas. Interveu o alcalde, entón Francisco Pérez Crespo, a quen unía parentesco co anterior, que o impediu. O mesmo caso ocorreu nas Pedreiras, onde se intentou facelo ás agachadas e a punto estivo de custar un serio desgusto a quen o organizara.

Levantada a veda (dalgún xeito) na década dos 60 volve a retomarse con forza esta festa que se consolidou nos 70. O “*Romance da Sardiña*” é moi explícito: “*Chegaron tempos de guerra / e chegou a ditadura / detiveron á sardiña / foi culpable a censura. – As burlas foron prohibidas / o censor non permitía / non hai risas nin Entroido / nin enterro da sardiña – Liberaron á sardiña / despois de corenta anos / vive entre nós dende aquela / e a enterramos cada ano*”.

Entre os que xa faleceran...as consecuencias políticas que aínda se estaban pagando... as xoves xeracións... non se confiaba en que a nova posta en marcha desta festa, volvera a espertar interese. Por iso, a organización, confiada, non levou micro para a lectura do sermón que se pronunciaba na Praza do Reloxo, practicamente atestada. Imaxínanse a mofa que producía unha persoa xesticulando e falando sen que fora escoitada? ...

Coa mosca trala orela, ao ano seguinte pediuse prestado un megáfono. Resulta que o bispo, ao falar, movía continua temerosamente o megáfono e a xente ría ante acción tan ben interpretada, como simpática... O certo é que non se debía a ningunha actuación estudada, senón que o “actor” padecía a enfermidade de Párkinson, da que, por entón, pouco se sabía...

Noutra ocasión, indo a comitiva á altura do Colexio da Inmaculada e do Novo Templo, tiráronlle pedras, suponse que por alguén que o interpretou como una mofa cara a relixión e, ademais, nun traxecto “*irreverente*”... Non houbo que lamentar desgrazas persoais, pero si xurdiu o pánico por uns momentos.

Durante uns anos, para evitar que a xente irrompera no desfile e o desorganizara, utilizábase un botafumeiro que contiña estopa impregnada en breia e que, ao balancealo, producía unha grande fumareda. Pero, nunha ocasión, houbo un problema cunha persoa que presenciaba o desfile e padecía asma. Queixouse á organización que, para evitar problemas (“*non sei porqué*”), acordou substituír a mestura empregada, por fariña.

O tempo vai pasando e o ano 1976 significa o punto firme da súa recuperación. Paulatinamente vaise experimentando un considerable incremento de participantes, e os cambios e modificacións non quedan atrás. O Libro de **Sinaturas** radicábase á porta do Ateneo, ata a década dos 90. Actualmente sitúase no Palco da Música. Tamén era habitual que a cada persoa que se achegaba a mostrar a súa condolencia, entregábaselle un cacho de vela que logo portaba acendida na procesión, así como “pan de millo” e “viño tinto”, perdéndose este costume na década dos 80. Non se sabe se por defectos de organización ou porque non chegaba para todos o material que se ofrecía. A primeiras horas da mañá do luns anterior ao Mércores de Cinza a xente decátase do falecemento da Sardiña a través das notas necrolóxicas que se exhiben pola vila:



O ATENO SANTA CECILIA

“Lembrándose da súa bondade, prega a todo o pobo que a teña presente nas súas oracións, polo eterno descanso da súa alma e a asistencia ao acto da condución do cadáver que terá lugar (si o tempo e a autoridade o permiten) o próximo ás 8 do serán, dende o local social hastra o muelle comercial onde se procederá ao seu sulagamento. Asimismo damos as máis expresivas grazas a todas aquelas persoas e autoridades que coa súa presenza ou polos distintos medios, testimonian a súa condolencia. Non se recibe duelo . Si aportacións económicas. Casa Mortuoria: Ateneo Santa Cecilia – Funeraria: Parrillas, sarténs e caldeiradas – Enderezo: Lugar de Pan de Millo e Viño Tinto”.



O público acude en masa á Casa Mortuoria, onde se rexistran irrefreables escenas de dor e todos desexan deixar constancia no Libro de Sinaturas, e no que cada cal expresa o seu sentimento “*Adiós ríos, adiós fontes / adiós Sardiña pequena / coa merda de Celulosas / non sei si volverei vela*”.

Centenares de persoas esperan a que o féretro comece a realizar as súas últimas ciabogas, mentres se producen acoradoras escenas de dor e irrefreables choros. Danse cita as primeiras e últimas autoridades civís, relixiosas e militares...e “persoas” en representación das máis variadas profesións. A comitiva ponse en marcha para percorrer as principais rúas da vila, mentres a banda de música (algúns de cuxos membros levan máis de 20 anos participando e que, seguro, non comparten ese coñecido verso dun popular



tango “*que veinte años no es nada...*”) emite unhas notas de tal sensibilidade, que chegan ao sentimento máis profundo do máis frío dos presentes. A dor das choronas é inconsolable e hai que ser de ferro para non contaxiarse e acompañalas no seu sentimento. Un sentimento extensivo aos membros da Banda de Música que, aproveitando os “sós” dos tambores, escapulíanse para repoñer forzas no bar máis próximo, sen que o director da Banda se decatara. Cando este se viraba para dar a entrada xeral á banda, atopábase practicamente só e os cabreos eran monumentais...

Unhas dúas horas antes de poñerse en marcha a comitiva, nun palco instalado na Praza de España, o Mantedor, “só ante o perigo”, informa longo e tendido a marinenses e visitantes, do significado da festa e a súa tradición, pronunciando tan gran número de palabras, xurdidas de non se sabe onde, que servirían de cimentos para completar o recheo do porto...

Ao chegar a comitiva ao palco, o Mantedor vese obrigado ao silencio para dar paso á lectura do Sermón cuxo contido, de tema libre, resulta crítico con institucións e determinados actos ocorridos durante o ano, como, por exemplo, o que fixo alusión a un de ingrato recordo ”...: “*Este ano non morreu enganxada no xeito, ou a volante... morreu co chapapote...*”. A realidade, reflectida con humor, produce no público un efecto inusual, pois mentres dun ollo saen lágrimas de dor, polo outro derrámanse lágrimas de risa.

Finalizado o Sermón, prodúcese un sepulcral silencio, toda vez que o Bispo vai dar lectura á Letanía na que participará todo o pobo.

Rematadas as pregarías ponse rumbo cara a última morada, no peirao. É o momento máis emotivo e doloroso. Os lamentos e os choros fanse máis ostensibles e desgarradores. As ambulancias medicalizadas e un equipo de psicólogos, ocupan lugares estratéxicos para atender aos habituais desmaios, ataques de nervios e ansiedade que en gran número se producen... O ataúde, que contén unha sardiña real (noutros lugares é ficticia) é botado ao mar (noutros

lugares quémase), mentres as lágrimas, irrefreables, fan subir o nivel da auga e todo o pobo predispónse a gardar tan dolorosa ausencia, ata a primeira “sardiña-da” da tempada que pronto aparecerá...

Bromas á marxe, hai que recoñecer e destacar o traballo que hai que levar a cabo para que estas tradicións poidan manterse. Un traballo que, para ser frutífero, debe estar impulsado polo labor de unha Entidade (neste caso, o Ateneo) ; debe estar amparado polo apoio dun Organismo (neste caso o Concello) ; debe estar protexido pola implicación popular; pero sobre todo, sostido por quen ao longo de moitos anos de desinteresada colaboración, gran esforzo e sentido do humor, se converten no sostemento principal para que a tradición mantéñase viva.

Varredores, industriais, mariñeiros, artistas, mestres, avogados, médicos... (o status social nunca foi obstáculo) constitúen ese amplo grupo que, con letras de ouro, deberían figurar na historia do “*Enterro da sardiña*”.

Moitos xa faleceron... doutros non sabemos nada... doutros seguro que nos esquecemos... outros xa no están en activo... pero aínda a piques de que algún dos nomes me quede no esquecemento, o que lamento, polo menos recordar algúns dos que forma-

ron parte, por exemplo, do “*Grupo Iniciador*”, a primeiros do século XX: “*O Paivo*”, “*Topete*”, “*O Lamito*”, “*O Anselmo*”, “*O Bravo*”... os da “*Recuperación*” da festa,


sobre o ano 1945, Manuel Torres, Otero Molas, “*O Fondado*”, Nicolás Vinteño, Secundino Lorenzo Touza, “*O Liberato*”, Xixira, Capirote, Millis, Esjarro, Monjarrón,... e os “*Continuadores*”, entre os que recordamos: Concha “*Caralavada*”, Eirín, “*El Abuelo*”, José Garrido Bonet, Ricardo Sobral, Manolo Gómez Gude, Xan Montenegro, Julio Santos Pena, Cholo Briones, Celso Mendez, Lois González Dopazo, “*Gaby Repoliño*”, Eusebio González Graña, Pesqueira Rapalo, Carlos Romero, González Otero, Ramírez Abril... ata un número interminable, ao igual que os numerosos grupos de Rondallas e Comparsas. Non obstante, neste apartado queremos facer unha mención especial para o popularísimo, inesquecible e máis lonxevo participante (preto de medio século) “*Xarángallo-Mángallo*”.


“*Caralavada*”, Eirín, “*El Abuelo*”, José Garrido Bonet, Ricardo Sobral, Manolo Gómez Gude, Xan Montenegro, Julio Santos Pena, Cholo Briones, Celso Mendez, Lois González Dopazo, “*Gaby Repoliño*”, Eusebio González Graña, Pesqueira Rapalo, Carlos Romero, González Otero, Ramírez Abril... ata un número interminable, ao igual que os numerosos grupos de Rondallas e Comparsas. Non obstante, neste apartado queremos facer unha mención especial para o popularísimo, inesquecible e máis lonxevo participante (preto de medio século) “*Xarángallo-Mángallo*”.

“*Caralavada*”, Eirín, “*El Abuelo*”, José Garrido Bonet, Ricardo Sobral, Manolo Gómez Gude, Xan Montenegro, Julio Santos Pena, Cholo Briones, Celso Mendez, Lois González Dopazo, “*Gaby Repoliño*”, Eusebio González Graña, Pesqueira Rapalo, Carlos Romero, González Otero, Ramírez Abril... ata un número interminable, ao igual que os numerosos grupos de Rondallas e Comparsas. Non obstante, neste apartado queremos facer unha mención especial para o popularísimo, inesquecible e máis lonxevo participante (preto de medio século) “*Xarángallo-Mángallo*”.

Pero debe terse

en conta de que non só estas persoas, senón tamén aquelas que permanecen na escuridade do traballo, fixeron posible que, entre outras cousas, “*Este Marín é famoso, polo seu “Enterro da Sardiña”... como popularizou, cantándoo, o Trío Ruada.*”





UNHA DUCIA DE INSTRUMENTOS HUMORÍSTICOS E SINGULARES "UTILIZADOS" NA ILLA DE ONS

Por: Xoán Xosé Pérez Labaca

Durante a miña estancia na Illa de Ons, que durou un chisco de anos, tiven ocasión para ir mirando, no transcorrer do tempo, como ían aparecendo diversos *APARELLOS TÉCNICOS* destinados a facilitar os traballos cotiáns e bastante comúns en case tódalas casas e a bordo de moitos barcos de pesca. Uns pronto foron utilizados por todo o mundo como os frigoríficos, os batedores, os televisores, os penicos, as cociñas de butano e un longo etcétera. Pero houbo outros máis sofisticados e específicos para determinados traballos que pouco a pouco foron desaparecendo pero, dalgúns deles, aínda quedan contadas mostras. Recordo, por exemplo, os seguintes:

AFINADOR DAS CAMPÁS.-

A campá da igrexa cantaba a choco e resultaba necesario amañala e afinala. Por iso apareceu na Illa, un utensilio que resultou ser un *Afinador de Campás* da man dun sobriño do Cura de Beluso, que acampou na sancristía e ía a pescar co mestre Santos. Era un obxecto bastante sofisticado e requiría coñecementos técnicos para o seu manexo polo que foi entregado a un auxiliar do Faro chamado Fidel que subía ao campanario para facer os traballos necesarios coa axuda de Ramiro, o outro auxiliar do Faro que era alto, e que o collía 'a caballitos' para que Fidel chegase sen atrancos ao badal, para facer tranquilamente o afinamento do instrumento, pois de pé, coa súa estatura e sen axuda, non alcanzaba á campá. (Fig. 1)




Fig. 1 Afinador de Campas




Fig. 2. Desmagorador automático



Fig. 3. Bikini de pel estirada de biosbardeo prateado

polbo seco. Era moi utilizado por persoal especializado e que non facía outra cousa e eran chamados "*Os desmagoradores*". Era xente moi considerada e apreciada socialmente. Ao parecer, segundo me contou fai anos Dalmiro Patiño, o fundamental desa tarefa era saber

revirarlle ben a capeleira aos polbos, destreza e habilidade que se adquiría coa práctica diaria. (Fig.2)

ESTIRADOR DE COIRO.-

Era este un enxeño que servía para estirar a pel de animalíños como coellos, esquíos, armiños, etcétera, para utilizala, unha vez seca, na confección de prendas de vestir. Na Illa de Ons este estirador de coiro era propiedade de Carlos, o da Cotuna, que llo trouxo un xefe de campamento chamado Tomás, "*O do Dedo Gordo cara arriba*". Carlos facía verdadeiras carcerías de biosbardos prateados que se dan moito na Illa. Esta variedade de pel, unha vez estirada e seca, adáptase moi ben ao corpo das mulleres en forma de bañadores ou bikinis ou tamén aos homes en forma de bañador da clase "*tapacollóns*" coma o de Miguel "*Manzanita*". Polas súas calidades estes coiros alcanzan prezos considerables polas zonas turísticas. (Fig. 3)

DESMAGORADOR

AUTOMÁTICO.- Este instrumento facía a súa función revirándolle a capeleira a un polbo para sacarlle o magorro que, como todo o mundo sabe, son as vísceras que non se aproveitan do polbo e que se tiran por inservibles. De fabricación italiana, baixo patente alemá, fora levado para Ons por medio do amo da Illa, Didio Riobó, cando daquela tiña a factoría de

MÁQUINA DE ESCAMAR NÉCORAS.- Este utensilio resulta ser de extremada utilidade pero resulta moi escaso no mercado tendo ademais un prezo bastante alto. Ao parecer é de orixe xaponés, e foi levada para a Illa por Mino, o do Chiringo, que atopouna cando traballou para o Corte Inglés en Pamplona pois puxéranla como oferta para escamar caranguexos de río. El, astuto e hábil, pensou que tamén serviría para escamar as nécoras, como así foi, dando un resultado óptimo. Tamén vale, cambiándolle as coitelas, para escamar outros mariscos como os santiaguíños, as cigalas, as centolas, os camaróns, etc. e, en caso de moito apuro, tamén os percebes. Ten o inconveniente de que resulta moi pesada para o seu traslado. (Fig.4)



Fig. 4. Máquina de escamar nécoras.

MÁQUINA DE FACER ESTROBOS.- Os estrobos, como todo o mundo sabe, son uns anacos de cabo que están xunguidos polos extremos e serven para suxeitar o remo dunha dorna ou dunha barca. Antes case non se usaban pero a raíz das novas tecnoloxías traídas a Galicia polos cataláns pasaron a ser pezas fundamentais na navegación a remo daqueles anos. A máquina de facer estrobos funcionaba como a roda de afiar dándolle cun pé, colocando o cabo que se ía retorcendo dando a volta de arredor para empatar a parte do principio coa final, rematando o traballo ao formarse un só cabo de fasquía redonda sen principio nin fin. (Fig. 5)



Fig. 5. Máquina de facer estrobos.

MÁQUINA DE TENSAR CAMAS.- Era un aparello que se usaba para pegarlle estiróns aos metálicos das camas cando estes daban de si e facían un branda grande no medio e medio. Tiña un grande inconveniente de que era bastante pesada para andar con ela ao lombo e ademais había que manexala con habilidade e ciencia pois moitas veces rompía os arames formando logo un lío de carallo. Houbo quen a levaba de Curro ao Canexol e Pereiró, e de alí ao Cucorno para retornar con ela ao lombo a Curro. ¡Un fenómeno! (Fig. 6)




Fig. 6. Tensando unha cama coa máquina.

MEDIO MUNDO PARA A PESCA DE CAMARÓNS.- Ideado por un celador de hospital que observou que estes animalíños acudían a comer restos de xoubas cando estes aboiaban nun charco. Sagaz e intelixente pensou: ponse nun charco un medio mundo cunha carnada de cabala ou xurelo e os camaróns acoden alí como as moscas ao mel. Unha vez reunidos centos de camaróns arredor da carnada só hai que sacar o medio mundo para fóra e xa está. Aínda non me explico hoxe o que fallou nese invento. (Fig. 7)




Fig. 7. Medio mundo para a pesca de camaróns.

PEDRA DE AFÍAR AGULLAS PORTÁTIL.-

Instrumento este ao parecer procedente de Portugal a onde foi levado desde as Illas Azores pois os portugueses cosían moi a miúdo as velas que se lle rachaban nos botes na pesca do bacallao. Coser a man, coas agullas sen afiar, resultaba penoso e trabaloso.




Fig. 8. Pedra de afiar agullas portátil.

En Ons era moi solicitada a que posuía Sra. Rosa na súa tenda, que a levaba a xente prestada para facer o afiado das agullas, cada quen, nas súas casas. (Fig. 8)

POLIMARTELO DE MAZAR POLBOS.- Este aparello moi especial foi inventado polo xenial pintor ourensá Manolo "Carallo" residente en Ons, na casa do "Cambados", polo anos setenta, que o rexistrou de acordo coas leis vixentes como propietario dos dereitos de explotación. Ese foi o motivo de que non se desenvolvese de forma industrial, pois os fabricantes non chegaron ao arranxo económico co inventor Feijóo. O invento consistiu nun martelo de oito




Fig. 9. Polimartelo de mazar polbos.

cabezas. A rápida rotación deste fai gañar un tempo apreciable aos que teñen que mazar moitos quilos de polbo. Resulta ideal para restaurantes e chiringuitos onde se "maza" moito. (Fig. 9)

SALABARDO METÁLICO REVERSIBLE.- O salabardo metálico ofrece unhas vantaxes enormes sobre os salabardos normais de rede, xa que son moitos máis difíciles de roubarlle o contido cando se deixan fondeados, cheos de marisco, na punta do muelle ou nunha boia, porque poden pecharse hermeticamente cun candado. Outra particularidade é que son reversibles polo que os demais non saben nunca

si están do dereito ou do revés. Na Illa foron os fillos do Portugués os primeiros en utilizalos alá polo ano 1984 que os levaron desde O Grove. (Fig. 10)




Fig. 10. Salabardo metálico reversible.

A PEDRA LUME, DESDORANTE EFICAZ.- Na Illa de Ons sempre houbo un aquel coa "Pedra que alum-

bra". Esta é unha pedra que está situada pola periferia do "Buraco do Inferno" se ben soamente algúns privilexiados poden mirala e saben do sitio exacto. Este lugar, no medio dun carreiro, era un lugar considerado como case sagrado para realizar o acto sexual, principalmente os novizos (homes e mulleres) onde perdían o virgo e se iniciaban na cuestión do mete e saca, tan apreciada pola xente mariñeira e labrega. A xente da Illa, daquela, era tan boa que lle falaba destas cousas a todos e claro no medio sempre había algúns aproveitados como un "hippy" de Melide, chamado Nelsón, que investigou e soubo da Pedra. Nunha punta rachouna en anacos para logo vendelos como "pedra lume" que servía para cortar as hemorraxias nos cortes dos afeitados e tamén como desodorante onde tivo un grande éxito ao refregala contra os sobacos e outros lugares do corpo que non ven ao caso sinalar.

TENACES DE COLOCAR OS TOLETES NAS DORNAS.- Era unha ferramenta moi especializada que tiña como única finalidade colocar os toletes para a boga nas dornas e por veces tamén nas chalanas e nos botes. Hoxe, estas ferramentas, están case desaparecidas. As que se conservan son moi buscadas polos coleccionistas e moi apreciadas como pezas de museo. (Fig. 12)



Fig. 12. Tenaces de colocar os toletes nas dornas.

ACTIVIDADES REALIZADAS POLA ASOCIACIÓN AO LONGO DO ANO 2011

Este ano, celebramos a Festa dos Maios por todo o alto, debido a que contamos cunha gran maioría dos socios, moitos veciños e un bo número de visitantes.

O Maio foi confeccionado pola nosa secretaria e a tesoureira que, con axuda doutros membros da asociación, elaboraron un chusqueiro Maio de 1 metro de alto por 60 cm. de diámetro.

As coplas foron confeccionadas polo noso “copleiro maior”, Lano Mayán, e por algúns socios que, coñecedores das circunstancias illáns, souberon satirizar todos os acontecementos ocorridos durante o ano.


Ao contrario do 2010, esta vez o coro estivo ben dirixido e afinado grazas á paciencia que tivo o noso Presidente nos ensaios, polo que, non houbo pé ás risas do público, como ocorreu no 2009, onde os cantores desafinaban tanto, que as gargalladas do público eran máis polo mal cantar que polo contido das coplas.

Como todos os anos, cantámolo ás portas do restaurante Casa Acuña e no interior de Casa Checho e os membros da Asociación foron convidados a empanada de millo e viños albariños e Rioxa.

RUTA XACOBEA

A nosa agrupación está inscrita no Censo de Asociacións promotoras dos Camiños de Santiago. Todos os anos intentamos percorrer en barco e, á vez, reivindicar a Ruta Marítima Galega que vai dende a Garda ata Pontecesures, continuando logo a pé seguindo a Ruta Portuguesa pero, por mor dos malos tempos que estamos a pasar, resultaba moi caro contratar o barco que nos trasladara, polo que, este ano decidimos facela en tren dende Pontevedra.

Resultou moi interesante e divertida, pois conta a asociación con moi bos cantores e animamos a viaxe e ao resto dos pasaxeiros.



EDICIÓN DA REVISTA CULTURAL “AUNIOS” Nº:16

Cun gran esforzo económico, pola falla de axudas institucionais, sacamos á rúa o nº 16 da nosa revista AUNIOS.

Como ven sendo habitual, contamos coa colaboración de importantes articulistas relacionados coa cultura e a investigación galega. Neste número a Illa de Ons e o Grove centraron a maioría dos artigos.

De Ons falouse sobre a súa fabulosa fauna, sobre o conflito da propiedade, sobre a súa toponimia mariñeira, do Buraco do Inferno, sobre a casa Reitoral de Canexol, dos diferentes aparellos de luz para pasar as noites invernales, da escola nos anos 70 do pasado século e sobre algunha lenda máis ou menos humorística.


De O Grove, tocouse a historia de varios veleiros que sucaron a ría de Arousa dando vida ás fabricas de salga, da orixe dos loureiros, dos nomes tradicionais das aves, da escola na II República, do famosísimo barrio de Peralto, do salvamento do iate Tina na Illa de Sálvora, houbo sitio para contos e lendas desta vila e coñecer a verdadeira data da inauguración do Gran Hotel da Toxa.

O resto da provincia de Pontevedra e Galicia en xeral tamén tivo espazo na revista, tocando os petróglifos de Mougas e Forzáns, mitos da Lanzada, a heráldica de Marín, sobre léxico mariñeiro e das áncoras de pedra como restos arqueolóxicos.

A revista foi presentada en O Grove na sala de actos da Confraría de Pescadores rexistrando un cheo absoluto; posteriormente, no mesón Lavandeiro, servíronse uns pinchos e houbo actuación musical.

Para consultar cualquier número da revista AUNIOS, nestas direccións:
<http://bueu.tk>
<http://www.wix.com/viladebueu/bueu>

ILLA DE ONS: CONCURSO DE ESCUDOS



A asociación Cultural PineirÓns convocou este ano un Concurso de Ideas para que a Illa de Ons tivera o seu **ESCUDO**.

O debuxo debería presentarse en Din A4, o nome de participante non debería estar impreso no debuxo e había de tempo dende o 1 ao 24 de xullo do 2011. O gañador tería como premio un polo co escudo impreso e unha invitación, nun restaurante de Ons, para dúas persoas.

A participación non foi a que esperaba a organización, pero con 11 escudos houbo de abondo para escoller.

O xurado estaba composto por:

- 1 representante por cada un dos tres restaurantes illáns que, á vez, dous deles representaban ás asociacións de veciños illáns “Illa de Ons” e “San Xaquín”.

- 1 representante da asociación PineirÓns

- 1 representante de Parques Nacionais


- 1 representante illán

- 1 representante dos turistas

Invitouse a un representante de Faros, pero non acudiu a cita.

A votación estivo moi competida entre o escudo presentado **Antonio Escudero**, que acadou 9 puntos e o da nena illán de 11 anos, **Marta Vidal Patiño** que, con 10 puntos, resultou a gañadora. En terceiro lugar estivo o escudo do marinense **Ramón Vázquez Rodríguez**.

A partires de agora, aínda que non sexa de xeito oficial, a Illa de Ons xa ten **ESCUDO**. Para o ano, esperamos convocar un concurso de BANDEIRAS, co fin de que Ons teña Escudo e Bandeira.






Marta Vidal Patiño. GAÑADORA



2º CLASIFICADO



3º CLASIFICADO





O AERÓDROMO DE O GROVE

Por: Andrea Fernández Iglesias

Ao remate da 1ª Gran Guerra, xorde, entre os aviadores, un espírito deportivo que enche a militares e civís dunha paixón por voar á vez que estimulan certames aéreos por todo o país. Como exemplos próximos o do aviador Piñeiro.

Auspiciado pola Dirección Xeral de Correos créanse as bases dun concurso para a creación das primeiras liñas aéreas en 1920. A todo isto súmase o interese das autoridades lusas por concertar enlaces co norte de España.

características, dimensións, orientación e planimetría, habilmente desenvolvidas por técnicos alemáns.

O Grove entra nas cábalas do ministerio da Gobernación quedando o lugar de Peinador en Vigo como obra inacabada e totalmente abandonada a súa sorte.

Neste intre xurdiu a proposta da construción dun gran aeroporto continental transoceánico na Lanzada, aproveitando os madóns do mesmo nome reenchendo as marismas do Bao, case que ata a illa da Toxa e soterrando a estrada comarcal

- Visita ás obras do alcalde Sr. Alfredo (cuarto pola esquerda), algúns membros da corporación e autoridades.



Todos estes datos fan da cidade de Vigo unha das principais candidatas, con preferencia, para a construción dun aeroporto, incluso o diario Faro de Vigo realiza unha subscrición popular entre persoas e empresas para axudar con apartacións económicas a sufragar os gastos pero os diferentes momentos políticos e sociais que atravesaba o país, incluída a nefasta Guerra Civil alteran todas estas formulacións.

No ano 1948 as ideas non haberían de trocar, mais os petos do país estaban baleiros para tantas peticións aeroportuarias, trócanse moitos destes proxectos pola construción de pequenos aeródromos con pequenas prestacións, catro de eles en Galicia: Lugo, Terra Chá, a Guarda e a Lanzada. Estes ofrecen as mesmas

C-550 que une a vila do Grove coa capital, cun forte apoio do xeneral Gallarza e outros altos cargos que viñan a cotío á illa a descansar e aproveitar as súas afamadas virtudes. Os primeiros trámites foron mediante unha moción presentada polo deputado D. Casiano Peláez Merino o 31 de xaneiro de 1948, na sesión da Deputación Provincial, na que se propón a iniciación das xestións oportunas ante a Xefatura Central e o Ministerio do Aire para o establecemento e construción do mencionado

aeroporto. A iniciativa tivo que parecer posible pois tras ela produciuse a visita aos terreos en cuestión dos Ministros de Obras Publicas D. Fernando Suarez Tangil y Angulo e o do Aire D. Blàs Pèrez Gonzalez. Ambos serían homenaxeados e distinguidos ao remate das súas carreiras co título de fillos honoríficos do concello do Grove en sesión plenaria do 17 de marzo de 1957.

Contéplase pois a variación do trazado da estrada comarcal C-550 e dicíanse as medidas oportunas para o estudo, polos técnicos, da viabilidade do proxecto. Ao parecer este chegou a ser rematado e aprobado segundo se deduce das felicitacións remitidas á Deputación presidida na época polo Sr D. Luis

Rocafort Martínez e ao Sr alcalde do Concello Do Grove D. Alfredo Fernandez Sanchez polo ministerio do aire cinco anos despois en 1953.


Descoñécense as razóns polas que se paralizaron as obras a pesar do interese nas mesmas que se manifestan no ano 1955 no concello do Grove e na Deputación de Pontevedra, supoñendo que o delicado do emprazamento deste tipo de instalacións foi o motivo de que se paralizasen as obras e de seguido se continuasen co previamente abandonado de Peinador en Vigo.

O concello do Grove co plano dos alemáns rematou as obras no ano 1948 especialmente grazas o impulso do ministro Gonzalez Gallarza e co apoio económico do ministerio do aire, organismo que lle cedeu o uso do aeródromo. Dispoñía dunha pista de 700 x 50 m., na orientación 05/23 encaixado entre a praia da Lanzada e a estrada. Na súa cabeceira norte contaba cunha manga de vento como única axuda para a navegación, e podería ser usada polo aeroclub de Vigo, os helicópteros da Escola Naval de Marín, os servizos de ICONA, os ultralixeiros autorizados pola Dirección de Aviación Civil e avións militares tipo aviocar.

No ano 1975 o aeroclube de Vigo faise cargo do aeródromo da Lanzada. No Grove, este aeródromo foi autorizado pola Dirección Xeral de Aviación Civil a nome do concello do Grove en xullo do ano 1965 e a propiedade e uso reverteu ao concello en 1971. Ante o abandono que sufriu no verán do 1975 o concello procedeu á reparación e asfaltado total da pista pintado e balizado da torre de vixía e construción dunha caseta para gardar ferramentas e mesmo un pequeno depósito de combustible e a contratación dun garda (Sr Costa o de Ardia).

Ese mesmo ano tivo lugar a clausura da volta Galaico-Duriense no aeródromo da Lanzada, practicamente a única actividade aeronáutica que viu.

- Avión que aterrou no aeródromo, en agosto de 1950. Trátase dun Foquer do exército do aire cheo de militares que simplemente aterraron por probar a pista. Transcorridas unhas horas fóronse para Vigo. Apreciase no alerón de popa a cruz de San Jorge, símbolo da Lexión Cóndor. As xentes que o rodean son todas de Noalla pois para eles foi un gran acontecemento. Os do Grove case que non o viron.



A partir do ano 1983 o aeródromo da Lanzada é utilizado polos socios do club aeronáutico O Grove, na súa practica totalidade adicados ao voo con ultralixeiros. Estes constrúen un pequeno hangar na súa marxe norte da pista. Pronto xorden os conflitos entre os aviadores e o concello, e isto deriva en 1986 nunha resolución municipal que ordena o desmantelamento do hangar e prohíbe o uso e goce das instalacións por parte do club. Esta resolución foi ratificada polo tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Xa nos anos noventa serán varias as iniciativas para a reactivación da actividade aeronáutica, tamén acompañadas de simultáneas peticións do seu total desmantelamento.



MUSEO do MAR de NOIA

Por: Lino José Pazos Pérez

Devalábase o ano 2004 cando unha ducia de amigos, todos eles vinculados coa conservación do Patrimonio Marítimo de Galicia, fundamos a Asociación Mar de Noia.



O arranque foi duro, pero ilusionante; pronto viría a primeira exposición do que íamos conseguindo, no “atrio” do Concello de Noia, animando aínda máis ós veciños da milenaria Noela a colaborar, achegando pezas interesantísimas que nutriron a segunda gran exposición levada a cabo no Teatro Noela, xerme do que anos máis tarde se converterá no MUSEO DO MAR DE NOIA que agora xa podemos ver.

Situado nas antigas instalacións da praza de Abastos, no Malecón de Cadarso, ó carón mesmo do río Traba, instalacións que albergaran ós mastros, motor auxiliar, etc., do patache Joaquín Vieta durante o primeiro período de restauración deste emblemático barco, o máis lonxevo dos que continúan a sucuar os mares galegos.

Pero imos facer unha cronoloxía do Museo que agora estase a encher de contido.

Naqueles primeiros anos tívose a boa idea de comezar a atesourar en diversos locais e casas particulares o material cedido á Asociación, material que na súa gran maioría estaba necesitado dunha urxente restauración, e aquí entran en acción os voluntarios que, sen ningunha remuneración, puxeron en valor infinidade de pezas do máis distinto; dende unha nasa de camaróns a un motor dunha tonelada de peso, ou máis, pasando por maquetas, cadros..., incluso osos de balea.

As xestións ante o Concello dan o resultado previsto, e o Alcalde, D. Rafael García Guerrero, concede o local antes sinalado, facéndose cargo dos custes que o Museo ocasionará, como, luz, auga, etc.,



A inauguración tivo lugar o 2 de decembro de 2011 baixo a coordinación de Félix Túñez, actual presidente da Asociación Mar de Noia, cunha gran aceptación de público, entre os que se atopaban veciños e forasteiros.

A colección de material alí acubillado, para os que gustamos deste tipo de pezas, é impresionante, sobre todo pola procedencia do exposto, todas elas en calidade de doazóns ou cesións.

O apartado que máis me chama a atención é o dedicado ós motores construídos en Noia, pola complexidade de expoñelos, representados por non menos de media ducia de pezas, entre as que destaca o motor nomeado Forte, feito artesanalmente en Noia



polos irmáns Hermo, Martín e Juan, e os proxectos dos de 8 e 12 Hp que quedaron no caixón ante a avalancha de motores fabricados no resto do país e no estranxeiro,



que arruinou a pequena industria noiesa... , ou os Ayón (o nome ven de inverter o topónimo *Noya*) dos que se expoñen cinco potencias, dende oito a cento doce cabalos de forza, ademais dun motor construído na veciña Riveira, AEW, coñecido como o motor do alemán.

As instalacións teñen a forma dun balandro, de tres paus, que simbolizan outras tantas columnas do local, dende proa a popa, con aparellos que representan a manobra do buque, velas (cangrexas e de relinga), motóns, pastecas, cadernais, etc., incluídos, quedando á espera do mascarón que está a facerse por un artesán da vila, lugar que neste momento ocupa un cadro representando, como non podía ser doutro xeito, á Virxe do Carme.

Así, en popa, podemos contemplar o que queda da mandíbula da primeira balea cazada na factoría de Caneliñas, si, aquela que estaba na porta da entrada ás dependencias..., osos, barbas, enormes dentes de cachalote, etc.; na aleta de babor atopámonos cun grande panel que expón as pezas que podían mercarse nos efectos navais nos primeiros anos do século pasado, outro panel acolle as fotografías do medio centenar de persoas que colaboraron fisicamente na consecución deste magnífico proxecto...; na aleta de estribor pódese ollar unha serie de ferramentas de carpintería de ribeira, que medra con novas achegas a medida que pasa o tempo, aixolas, martelos e ferros de calafate, brocas, estopa..., serra de aire incluída.

Camiñando cara a proa, pola banda de babor, vemos una poutada de considerables dimensións, como eu nunca vira, roda de temón e áncora

de considerables proporcións e datación por realizar, pero de máis de trescentos anos, seguramente..., logo o apartado de fauna mariña, no que nunhas vitrinas cedidas xentilmente pola Fundación Millares Vázquez, acollen unha colección de cunchas catalogadas por unha bióloga voluntaria, nun recuncho o anuncio do



Museo pintado polo recoñecido pintor de Noia, Alfonso Costa, danos paso á parte adicada á ponte de mando..., radiofonía, gonio, sondas gráficas, Decca, corredera, roda de temón, bitácora, etc., rematando na amura de proa cun catre, perfectamente ambientado, con todo o que un mariñeiro que bote meses no mar tiña que levar: maleta, fotos, una radio para escoitar Radio Exterior de España, e un libro..., por certo que o portelo que daría luz ó sollado pertencía á draga Arroutado, toda una xesta na construción naval en Noia, feito con poucos recursos, pero con moitísima imaxinación nos talleres de Cascallar.

Na liña de cruxía aliñanse piolas, espellos, caixón para o berberecho (os de Noia son os mellores do mundo, podo dar fe diso), lanzacabos, megáfono..., os motores Ayón e o AEW antes comentados.

Pola banda de estribor espéranos unha serie de maquetas, algunha de considerables dimensións, unha bala de canón, de ferro, atopada en augas británicas por un pesqueiro, libros e documentos náuticos, fotografías de barcos da ría; e na amura, un apartado en exclusiva para os motores Forte, dos irmáns Hermo, no que Juan, que sobreviviu á Martín, cunha paciencia digna de encomio, “diseccionou” unha das pezas para que os visitantes puideran ver as entrañas deste motor construído de forma totalmente artesán nun pequeno taller abicado precisamente no lugar chamado O Forte, que lle deu nome.

Todo isto, e moito máis que queda no tinteiro, pódese contemplar en Noia grazas á tenacidade duns cantos veciños que máis que Museo lograron recrear un soño onde verse representados os namorados do mar e os barcos, entre os que me atopo...

Por certo, as instalacións están adaptadas para poder ser visitadas por discapacitados e nenos..., e, se tendes sorte, o percorrido estará animado por un veterano e entusiasta acordeonista.

Esperámosvos a bordo

Contacto: mardenoia-felix@mundo-r.com



Ás beiras do Lérez, logo de ollar de mañanciña ós cormoráns de Ons remontar o río.

Lino José Pazos

CONTOS E LENDAS DO GROVE

Por: Anxo López Vergara

Debuxos: Miguel Besada Costa

Retomamos neste número os contos que M^a do Carmo Henriquez Salido recollera na súa tese doutoral e dos que xa demos conta en parte no anterior Aunios. Insistimos en que estes contos son parte da cultura popular da vila de O Grove, e que non nos gustaría que se esquecesen nin se perdesen, pois é un tesouro que todos deberíamos axudar a conservar e recuperar.

(Estes contos están escritos tal e como llos contaron, recolleu e escribiu, a mediados dos anos 60 do pasado século, M^a do Carmo).

Informador: Francisco Caneda Otero. Personaxe moi popular. Dirixe numerosas comparsas no Entroido no barrio de Peralto. Ten fama de enxeñoso e chistoso.

< En Santander teñen o costume de ir ás regatas. Entonces antes de salir, de iren pa as regatas, danlle brusca –queimanos- ós barcos. Entonces había un gitano que tiña una burra e a burra non lle andaba, era palanquina, e iba con ella tirando pola burra á resto. Entonces chegou xunto o que estaba queimando o barco, e díxolle:

- Buenas tardes, maestro! Para que queiman el barco? E díxolle o outro:
- Home, pa que corra pas regatas.

El, pensando de que o engañaban, non o quixo crer. Pero chegou un pouco máis diante e veu outro dándolle brusca tamén ó barco e preguntoulle pa que queimaba o barco. Entón el díxolle:

- Este es para las regatas, pa que corra, se le da brusca e después sebo e máis breu.

Entonces el díxolle á burra, a rente do oído:

- Vamos, joder, que ti tamén vas andar.


Con que chegou a un pinal e amarróuna. Entonces xuntou ahí un feixe de paúlo e toxo e plantoulle fuego. A burra có fuego empezou a patear e a correr a toda forza. El meteu a man aquí na cintura, púxose así e dixo:

- Para joder!, para! Que aún te falta el sebo e la brea. Cando corre así ca brusca sola, cando lle dea o sebo e máis o breu, é máis cun velos! >


< Unha vez había un fulano e foi á feira, e foi vender ganado. E claro, el cando foi pa alá, chegou á feira e claro vendeu. Tiña os cartos na carteira ben repleta. E, ó vir pa acá sinteu cantar a un. E a copla era: Polor sacramentos – polor sacramentos – me tienes loca mañica, en el corazón dadentro...

Pero deronlle un pau a ese medio tempo. E resulta que levárono desvanecido. Había tres días que lle faltaba á muller da casa. A el roubáronlle cincuenta ou sesenta mil pesetas; pero non lle acordaron os cartos. El quería saber a copla, pero a copla co pau fouselle da cabeza. Con que el sentouse na cama e non lle acordaba máis co: - ailalelo, ailalelo. E sempre repetía o mesmo. Anduvéronlle preguntando de onde era, el non daba distinción. Resulta, que claro, puxérono no periódico e chegou a sonada á casa de el. E polos datos fúrono buscar onde estaba. Cando chegou a casa e vían que estaba tan malo, dixéronlle:

- Pos, hai que chamar polo cura pa lle por os sacramentos.
- Tan pronto lle falaren do cura pa lle por os sacramentos, asentouse na cama, e dixo:
- Eso, home, eso!. E púxose a cantar: - por los sacramentos... >



< Había un fulano nunha aldea que tiña un laranxeiro na horta un mundo de grande. E resulta que trataran de facer un santo dos milagres con el, porque o outro santo que tiñan dos milagres estaba apolillado. E trataran alí naquela aldea de decirlle ós feligreses,



que iba vir un santo dos milagres pa que lle pagaren o arrendo das fabas e todo eso. E vai o cura e subeuse ó púlpito pa lle botar un discurso ós feligreses.

Como non lle pagaban o arrendo, díxolle:

- Queridos feligreses, saberedes que por non pagar o arrendo, o santo desapareceu.

Pero mentres tanto xa foren a xunto do do laranxeiro pa que llo vendera pa facer o santo dos milagres. E fixeron o santo. E díxolle el aos feligreses:

- Pa tal día, queridos feligreses, aparecerá o santo dos milagres.

E estaba toda a xente xunta ese día pa aguardar polo santo dos milagres, cada un co seu lote: Un con fabas, outro con millo, outro con espigas, ... E, tamén, o que vendeu o laranxeiro, que chamábase Juan.

E ó vir co santo ó lombo dos que o traían, díxo o cura:

- Ahí tendes, queridos feligreses, o santo dos milagros. E díxo seño Juan, que foi o que vendeu o laranxeiro:

- En miña horta te he plantado, laranxas de ti comín, os milagros que ti fagas, que todos os claven en min.>

Informadora: Carmen Álvarez Meis. Barrio de Peralto.

< Un home quixo saber o que lle quería a súa muller. E vai el e fíxose o morto. A muller, tanto lle quería, que non sabía si o había de poñer na caixa ou o que había que facer. E vai ela, e que fixo, púxoos nunha chalana de esas do mar, que tiña aparello e boureles, que eran pezas do xeito. E entonces cando, despois claro, díxéronlle co tiña que poñer na caixa, e pa o poñer na caixa, antes de poñelo, ela diciálle:

- Ai Andrés! Andrés! Pa onde ti me vas. Andrés, pa onde me vas!

E díxolle el:

- Vou po xeito, carajo, vou po xeito.

E ela pensaba que si o metía na caixa, que xa estaba morto pa sempre, e inda o quería meter na chalana, pensando que lle estaba vivo pa que lle fora po mar>.

< A xente do puebló do Grove, chámanlle mecos, porque unha vez había un cura que lle chamaban don Juan de la Meca, e ise cura, cando se casaban as mozas, pois a el gustábanlle todas que vía.

Despois unha moza e un mozo, María Rosa e Juan Manuel, cando se casaron, el non quixo que a moza siguera esa tradición. E despois xuntáronse uns cantos e levárono pa Fiáns e alí matárono e colgárono nunha figueira. E despois as autoridades quixeron buscar quen o matara. E todos dicían:

- Un, eu non fun. E outro igual.

E preguntáronlle a un mariñeiro:

- Donde estaba usted cuando mataron a don Juan de la Meca? El respondeu:

- *Ese día eu estaba no mar da Illa de Ons e dígolle que mar por baixo e mar por riba, había mar que saltaba a quilla. E despois preguntáronlle a outro, e declarou:*
- *Ese día eu estaba no mar dos Mesos, pescando fanecas, e dígolle que había cada unha coma pedras de poutada. E vendo os xueces que non encontraban a declaración que eles buscaban, preguntáronlle a todo o pueblo, que estaba agrupado xunto á porta do xuzgado:*
- *¿Hai alguno de ustedes que sepa quien mató a don Juan de la Meca?*
- E o pueblo contestou á vez:*
- *Fumos todos.*
- E entonces quedounos o nombre dos mecos. E entonces díxo o Sr. escribano:*
- *Desde que soy secretario, no he encontrado un caso más tenebroso que este sumario, de las declaraciones que busco yo, nadie lo ha matado, y lo mataron todos.>*


Informador: Francisco Fernández Torres. Mariñeiro do barrio de Peralto.

< Unha vez eran dous compadres que andaban os centolos. E cada compadre tiña un fillo. E un día estaban fondeados facendo a cociñada pa comer, e alí puxeron o plato diante, e empezaron a comer. E dílle un compadre ó outro:

- *Cómo come o teu fillo! E dílle o outro:*
- *Eló! Non é un mozo?*

Ah! Pero tratouse de ir á venda de Finisterre pa Vigo, e empezaron a bogar, e chegou primeiro un que outro. E entón ó chegar, díxolle o compadre ó outro:

- *E vós, como tardastes tanto? E entón díxolle o compadre:*
- *E que lle queres, éche un rapás! >*




EN TEMPORADA:
Caza
Lamprea
Angulas
-
AMPLIA CARTA

Restaurante

Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN





FAME NO MAR DO GROVE E ADHESIÓN AO MONTEPIÓ.

Por: Francisco Calo Lourido

Nesta mesma revista dei a coñecer os documentos da constitución dos gremios de mareantes do Grove e de Portonovo (Calo, 2001) así como outros que facían mención de grandes fames na Xurisdición da Lanzada (Calo, 2006), acontecementos que tiveron lugar nos anos 1771 e 1772. Poucos anos despois, concretamente nos inicios de 1777, manifestouse de novo a miseria entre os mariñeiros do Grove, o que os obrigou a tomar unhas decisións que tamén aparecen documentadas nos protocolos notariais.

Na vila e porto de San Martiño do Grove comparecen, o 18 de febreiro de 1777, diante do escribán Felipe Santiago Ortega, 50 homes de mar, todos eles matriculados e veciños da vila. Fan constar que falan en nome propio e no dos restantes matriculados ausentes, tanto enfermos como impedidos ou rapaces. Din que, con anterioridade, tiñan feito un depósito, un fondo, para facer fronte aos litixios e outras cousas que favorecesen ao gremio. Algunhas “disensións” fixeron que se esgotasen os fondos e que mesmo houbera que recorrer a facer unha derrama; pero acordaron que a parte coa que cada un dos membros do gremio viña contribuindo ao fondo común era moi pequena, polo que decidiron obrigarse a pagar unhas novas taxas, a saber: cada un dos matriculados, tanto en activo (“*de Plaza viva*”) como xubilado ou rapaz entregará $\frac{1}{2}$ arroba de polbo curado, e os que “*no estén en cuadrilla*” $\frac{1}{4}$ de arroba.

Non se deron moita présa, xa que acordaron que a primeira paga se faría a mediados de decembro e as sucesivas nas mesmas datas de cada ano. O depositario será o veciño matriculado Francisco de Cores, quen informará ao cabo

do gremio do valor do polbo aportado. Cando sexa preciso sacar algunha cantidade deste fondo terá que intervir e ordenalo o Sr. Subdelegado do Partido, co acordo da maior parte dos membros do gremio. No caso de que o depositario morra ou teña que se ausentar para servir na Real Armada, o gremio nomeará outro.

O mesmo día, os devanditos mariñeiros presentes, agás 3, o que tal vez fose descoído na transcripción do escribán, fan unha nova escritura en nome propio e dos ausentes. Este documento debería dilixencialo o escribán de Mariña, pero, por se atopar indisposto, o Xuíz de Mariña, Sr D. Francisco Fernández Mariño, dispuxo que puidera substancialo o mesmo escribán civil. Solicítase que se dea fe de que, aínda que os matriculados están libres de alcabalas (imposto indirecto, equivalente ao IVE, que funcionou en España desde 1341 ata 1845) e de centos (imposto igual-

mente indirecto que aumentaba o tipo da alcabala) por todo canto peixe fresco vendan ou beneficien, que se atopan “sumamente pobres”, por ser tan escasa a pesca que case que non lles dá para mercar e compor redes, barcos e demais aparellos. Pola contra, os labradores veciños están –segundo os reclamantes– en moi boa situación económica, ata tal punto que todo canto teñen en conxunto os mariñeiros non chega a $\frac{1}{3}$ do que posúen os labregos; e por riba,

cando aqueles son chamados ao Real Servizo, teñen que deixar desamparados muller e fillos e, ao volver, atópanse cos barcos arruinados, tendo que arranxalos e carenalos, sendo así cada vez máis pobres.

Engaden que, polos artigos 13 e 15 do tratado 4º, título 6º das ordenanzas da Real Armada, se prevé que nos



COLABORA:



Deputación
Pontevedra

repartimentos de trabucos debe estar presente o Xuíz ou Subdelegado de Mariña e que, non concordando este coa xustiza ordinaria sobre a cantidade que corresponde, se recorra á Superintendencia de Rendas. Así se fixo sen resultados satisfactorios, polo que, por este documento, dan poderes a uns representantes para que se insista en que eles, os mariñeiros matriculados, están exentos de pagar os devanditos tributos.

Acabamos de ver un instrumento notarial no que fan constar que esgotaron os medios do gremio e que acordan subir as cotas que cada un deles debe aportar e, a continuación, outro do mesmo día no que protestan polo feito de ter que pagar impostos que, segundo eles, corresponden unicamente aos labradores e onde comisionan a uns representantes para que tenten solucionarlles esta reclamación.

Pasaron dous meses e, o día 28 de abril, volven comparecer diante do mesmo escribán 35 mariñeiros matriculados e veciños da vila que, como anteriormente, van falar en nome propio e no dos ausentes. O que agora pretenden é conseguir unhas axudas do Montepío que dous anos antes se instaurara en Galicia.

O ilustrado, grande experto en pesca, rexedor perpetuo de Santiago e anticatalanista belixerante D. Josef Cornide Saavedra propuxo a creación dun *“Monte-Pío, que adelantando á los matriculados los fondos necesarios, para compra de sus precisos aparejos, y ayuda de su subsistencia en los tiempos de escasez, les habilite para emprender con vigor la pesca en la sazon, exigiéndoles al tiempo de reintegrarlo un premio reducido, y solo suficiente para la conservación del fondo”* (Cornide, 1774: 72). Nun fermoso libríño, Díaz de Rábago, recolleu a breve experiencia do Montepío, pois, efectivamente, a proposta de Cornide foi arriba, pero non a traveso de subscricións populares máis un adianto da Real Facenda, como el pretendía, senón por implantación da Igrexa de Santiago cos fondos de espolios e vacantes. Engade este autor que *“no conozco bien la historia, pero Labrada achaca el fracaso del instituto a la ruda adhesión de estos marineros a sus antiguas prácti-*



cas” (Díaz de Rábago, 1885:105). Certamente, Lucas Labrada deixou dito que se trouxeron pescadores vascos para ensinar aos galegos técnicas de salga tipo Terranova, *“pero la ruda adhesión de los nuestros a sus antiguas prácticas ha hecho vanos los esfuerzos que hicieron los vascos para instruirlos”* (Labrada, 1971:255).

As cousas non foron tan sinxelas. O Montepío naceu para facilitar fondos aos mariñeiros, sen ningún tipo de interese, para que os dedicasen á exploración e subseguinte explotación pesqueira e salga de pescadas e badeixos. Hai que pensar que quen puxo o diñeiro e capitalizou o Montepío foi a Igrexa e que esta se manifestou desde un primeiro momento en contra dos cataláns, que por esas datas estaban chegando a Galicia; non era precisamente esta institución a máis indicada para dirixir unha operación encamiñada a potenciar a industria pesqueira, pois “o Mon-



tepío, para as finalidades dos ilustrados, quería capitáns de empresa que non eran nin de lonxe os círculos da Igrexa” (Santos, 1990: 57). Remito aos interesados en coñecer mellor o nacemento e, breve, desenvolvemento do Montepío, cuxo fondo documental obra no Arquivo Catedralicio de Santiago, ao traballo de Martínez (1970).

Meijide Pardo, grande especialista no século XVIII, deixounos un magnífico traballo sobre a actividade empresarial dun industrial de Valladolid que foi quen trouxo os pescadores vascos, concretamente da localidade de Saint Jean-de-Luz, para ensinar o método de salga de Terranova. Fixo vir tamén un par de barcos que se dedicaron a percorrer o mar na procura de novos bancos de pescada, localizando un deles, o chamado “Descubridor”, o actual Cantil, a oeste de Corrubedo, de onde procede a pescada que nas

prazas se vende como sendo do pincho. O propio rei Carlos III e o seu ministro Floridablanca gabaron os peixes salgados que lle enviou da factoría que tiña montada na miña vila de Porto do Son, a onde chegaban coa pesca barcos de Pontevedra, Bueu, Illa da Arousa ou Muros e onde aínda se conserva unha familia de apelido Vildós, que non quixo retornar cos demais inmigrantes cando a Francesada (Cfr. Meijide, 1967: 85-147).

Foron nomeados directores do Montepío D. Josef Cornide, D. Jerónimo Hijosa e D. Manuel Ventura Figueroa, o representado na estatua que hai na baixada da Ferradura ao Campus de Santiago; aínda hoxe segue a haber bolseiros –chamados figueroístas– da fundación que mandou facer con esa finalidade. Levaba 2 anos funcionando este Montepío, cando se fixo, no Grove, o 3º documento que estamos comentando e no que aparecen citados os tres directores, cos seus moitos e elevados títulos. Principia dicindo



que os moitos mariñeiros presentes o fan facultados polo Sr. D. Juan Francisco Fernández Mariño (Mestre de Jarcia da Real Armada noutros documentos, Xuíz de Mariña no anterior e, aquí, Contador de Navío da Real Armada e Subdelegado de Mariña do partido con cabeza en Sanxenxo) imposibilitado de asistir por indisposición, o mesmo que o escribán de Mariña, neste caso por estar ocupado. Os comparecentes actúan, coma sempre, en nome propio e dos ausentes. Este documento é un verdadeiro resumo do que era o Montepío: saben que conta cun fondo de 600 000 reais, que o 30 de outubro último se deu orde ao licenciado D. Juan Antonio Serrano, cóengo da catedral de Santiago, para que principiasen os libramentos dos socorros á pesca, que D. Jerónimo Hijosa comunicou ás subdelegacións que fixesen informes para poder repartir equitativamente e con xustiza o diñeiro, que cada porto e gremio que se confederase tiña que restituír as cantidades recibidas, sen interese de ningún tipo, no prazo de catro anos, a razón dun cuarto

por ano, e que só se podería investir en pesca, cura e salgado dos peixes e non noutros fins, “*aplicándose con especialidad a la de Merluza y abadexo en todos aquellos parages y sitios que haiga postas para ella, salando dichas dos especias según el método que prescriban y enseñen los Fransezes prácticos en los bancos de terra Nova...*”.

Solicitan os do Grove 20 000 reais, comprometéndose a gardalos na arca de tres chaves, que custodiarán Pedro de Aguiño, Francisco de Aguiño e Francisco de Cores, prometen aplicalos para a fin indicada, non empregar redes prohibidas e devovelos a razón de 5000 por ano. Transcorridos os catro anos e amortizado o préstamo, no caso de precisar outro, deixan a porta aberta para facer unha nova solicitude.

Finalmente, facultan aos tres depositarios da chave da arca máis a Pedro Domínguez para poder asinar a recepción dos 20 000 reais en nome do gremio.

Foron malos tempos e tentativas frustradas de capitalización propia do mar galego, mentres os “holandeses do sur”, os cataláns, se espallaban como mancha de aceite pola nosa costa. Desenvolver isto bótase fóra das estremas do artigo.

FONTES E BIBLIOGRAFÍA:

Fotos para a ilustración do artigo: Colección Tino Pardellas.

Arquivo Histórico Provincial. Pontevedra. ORTEGA, Felipe Santiago: G. 324 (18/II e 28/IV/1777)

CALO LOURIDO, Francisco (2001): “Creación dos gremios de mar do Grove e de Portonovo”. *Aunios*, 3. Asociación Cultural-Gastronómica Pineiróns. O Grove, 27-28.

CALO LOURIDO, Francisco (2006): “Fame na Xurisdición da Lanzada en 1772”. *Aunios*, 13. Asociación Cultural-Gastronómica Pineiróns. O Grove, 49-51.

CORNIDE SAAVEDRA, Josef (1774): *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia*. Madrid. (Hai edición facsímil e estudo de CALO LOURIDO, Francisco (1997). Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela).

LABRADA, José Lucas (1971): *Descripción económica del Reino de Galicia*. Ed. Galaxia, Vigo (1ª ed. Ferrol, 1804).

MARTÍNEZ BARBEITO, Carlos (1970): *El Montepío de pesca en Galicia en el siglo XVIII*. Instituto Social de la Marina, A Coruña.

MEIJIDE PARDO, Antonio (1967): *Hombres de negocios en La Coruña dieciochesca: Jerónimo Hijosa*. Rev. Instituto “José Cornide” de Estudios Coruñeses”. Ano III, nº 3. A Coruña, 85-147.

SANTOS CASTROVIEJO, Santiago (1990): *Historia da pesca e a salgazón*. Uniproeditorial, S.A. Vigo.

A ILLA DE ONS "OS SINAIS DE AVISO"

Por: Fernando Trigo Fontán

O Coordinador desta revista, leva anos pelexando porque a Illa de Ons sexa para os investigadores un campo de estudo e pescuda. Coida que non existe en Galicia unha Comunidade socio-histórico-etnográfica tan interesante e á vez tan pouco estudada, e nalgúns campos como o etnográfico, totalmente virxe. Comparto con el a idea de que, por desgraza, hoxe, poucas persoas illeiras poden falarnos de contos, lendas, historias, anécdotas,..., que hai tan só corenta anos os seus pais e avós nos contaban con todo luxo de detalles.

Participo na teoría de como a administración pon pouca énfase en promover e impulsar estudos de carácter histórico e etnográfico-antropológico e, sen embargo, subvenciona todo tipo de estudos de carácter ecolóxico-natural, como se un Parque Nacional, como o das Illas Atlánticas, estivera só composto por fauna e flora.

Espero que estas pequenas contribucións histórico-antropolóxicas que puiden recompilar con Tinón na miña estancia en Ons a finais dos anos setenta do pasado século, animen aos verdadeiros investigadores a pescudar sobre esta enigmática Illa que ten aínda, por máis que a administración o queira negar, moito que ofrecer.

O LUME COMO SINAL DE AVISO. POSIBLE FACHO EN ONS

Contan que, entre os pobos costeiros do Salnés, facíanse sinais de fume para avisar da chegada por mar de naves aparentemente inimigas. Famoso é o castelo da Lanzada que, pola enseada do Bao, se comunicaba por medio de grandes fogueiras co castelo de Santo Tomé en Cambados e que este, á súa vez, cos pobos da costa arousán, chegando incluso ata as Torres de Catoira.

Parece ser que, dende a Illa de Ons, tamén se facían estes sinais ao ser a Illa mellor situada entre as rías de Pontevedra e Arousa, rías de doada penetración por mar e moi demandadas ao ser rutas marítimas comerciais e ao atoparse nelas o Camiño por mar cara a Compostela.

Dende Ons pódese divisar perfectamente o horizonte oceánico e ten a vista de paxaro, polo norte: cabo Couso en Ribeira, a illa de Sálvora e a entrada da ría de Arousa; de fronte: a entrada da ría de Pontevedra e a enseada de Aldán e polo sur: as illas Cíes e cabo Home na entrada da ría de Vigo. Por iso, a súa estratéxica posición facilitaba o aviso por fume a practicamente toda a costa das Rías Baixas.

Hai autores que quixeron ver en Ons, nas ruínas do "Castelo da Rueda", o lugar que en tempos serviu de facho de aviso ao castelo da Lanzada. Estes datos son imprecisos


pois as ruínas ás que se refiren non son de ningunha construción de aviso, senón o que queda das baterías que, polo ano 1810, a *Junta Provincial de Armamento da Provincia de Santiago* comezou a construír para defender a entrada da ría de Pontevedra dos franceses.

Sería lóxico que, de existir ese facho, o normal é que estivera radicado na zona máis elevada da Illa, que correspondería ao lugar onde hoxe atopamos o Faro no barrio do Cucorno.

De tódolos xeitos, non debemos descartar que en Ons houbera un facho de aviso. Entre a documentación existente sobre a fortificación de Ons, podemos ler o seguinte: "... que se reducen a la reserba del terreno para edificar desde el regato que forma el agua de la Fuente de los Yngleses acia el Pozo que esta pegado al Castillo de en medio llamado de San Salvador...". Esta frase forma parte dun amplo documento sobre a fortificación de Ons e fai referencia á zona da Illa que se reserva o Cabido para el, terras que non poderán ser entregadas

como Accións de Primeira Clase.

O curioso da frase é a descrición da zona onde se nomea o topónimo de "*Fuente de los Ingleses*" e fala dun castelo de nome *San Salvador*. Esta documentación e os topónimos son sacados do traballo que presentou o enxeñeiro encargado de facer o estudo e radicación das baterías. Nese traballo



Castelo da Rueda en Ons. Ao fondo, á dereita, a Praia da Lanzada.

fai unha introdución sobre o estado da Illa de Ons no ano 1810, no que di que está totalmente deshabitada, que existen construcións derruídas e os restos dunha pequena capela. Estará entre os restos citados ese castelo de San Salvador? Se está, e agora sabendo que a citada Fonte dos Ingleses estaba radicada na costa leste a 200 m. cara ao norte do peirao, o referido castelo de San Salvador estaría entre a hoxe chamada Praia das Dornas e os restos da fortificación coñecida hoxe como *Castelo da Rueda*.

Tendo en conta estes datos, podemos atrevermos a sacar a teoría da posible existencia dunha torre de aviso nese lugar e que dende ela se comunicarían por fume cos castelos da Lanzada e de Santo Tomé. Esa torre, que posiblemente existiu, ten varias lendas, que os veciños atribúen ao Castelo da Rueda, sobre a existencia dunha enorme cova ao seu carón que comunicaba o castelo de Ons co castelo da Lanzada e coa Illa de Tambo e que estes pasadizos ían por debaixo do mar.

O LUME E O FUME SINAL DE AVISO ENTRE OS HABITANTES DE ONS¹

Cando antes falabamos do lume como sinal de aviso sen ter ningunha documentación que o corrobore, estabamos entrando no campo do conto, da lenda ou da hipótese. Sen embargo, cando a principios do século XIX viñeron a Ons a traballar nos labores de fortificación persoas da costa próxima e quedaron a vivir na Illa, por mor do abandono que sufriron por parte de todas as administracións, xurdiron unha chea de usos e costumes que provocaron que a Illa de Ons sexa unha das comunidades etnográficas máis importantes de Galicia. Un destes usos era o de facer unha fogueira en terra co fin de, despois de trasladar a algún enfermo en dorna, avisar da súa chegada sen problemas. Ou as que se facían dende a Illa para comunicarlles aos mariñeiros, que ían regresar despois de ir moer o millo a Bueu ou a Sanxenxo, da forte marusía existente e da imposibilidade de atracar en Ons,

Se en Ons alguén se poñía enfermo, ao non haber médico nin transporte regular con terra, as primeiras atencións recibíaaas da súa familia. Se non sandaba, entón acudían a algunha "*muller desas*", xeito de chamar a algunhas mulleres da Illa ás que se lle atribuían poderes ou que tiñan algún coñecemento do uso das plantas medicinais e que eran consideradas meigas. E, se aínda así o enfermo non recuperaba, entón a solución era o traslado a terra.

¹ Segundo contan os veciños, estes lumes eran empregados polos seus avós e bisavós, co que nos situamos na última metade do século XIX e principios do XX. Posteriormente, coa posta en funcionamento no Faro dunha emisora, cando había algún enfermo ou ferido e era necesaria a súa evacuación, o Fareiro chamaba á Escola Naval que, segundo a gravidade, enviaba un barco para o traslado.

Se a casualidade, o tempo e o estado do mar permitía que estiveran faenando barcos a motor preto da Illa, achegábanse a eles coas dornas para pedir axuda co fin de trasladar ao enfermo. Se pola contra, non había ningún barco preto, víanse na obriga do seu traslado en dorna, traslado que se multiplicaba en perigosidade se o mar era duro ou había temporal.

Contaba José Reiriz (illán que no ano 1975 contaba con 70 anos): "*Cando un estaba moi enfermo, levabámolo a terra nas dornas. Se o tempo era bo, íamos ata Marín ou Pontevedra para ir ao médico, se estaba de temporal, íamos a onde mellor nos cadrara Noalla, Bueu,...*, e dende alí trasladávolo en carros ata onde estivera o médico..." . Comentaba despois: "... tanto en Bueu como en Noalla, xa había persoas que che axudaban, levando ao enfermo no carro de bois ou de cabalos, aínda que despois sempre había que darlles algo; e outras que eran as encargadas de facer a fogueira para avisar da nosa chegada, a estes había que pagarlles, por iso, se podíamos, facíámola nós, o difícil era atopar a leña..." .

A dificultade que entrañaba levar a un enfermo ou accidentado nas pequenas dornas polbeiras debía ser considerable, tanto se ían a vela, xa que dificultaría a manobra, como se ían a vogar, pois necesitábanse dúas persoas e o espazo era mínimo. Se a iso engadimos o estado do mar, as correntes e o vento, a odisea estaba servida.

Comentaba Aureliño: "... era moi perigoso, normalmente facían o traslado mozos que non tiñan familia ao seu cargo e eran máis botados pa diante. Se se podía navegar a vela, ía o máis experimentado..." .

Dende logo, fora quen fora ou como fora, ao chegar a terra tiñan a obriga de comunicar, aos familiares do enfermo e aos seus, a súa chegada e facíano con distintos tipos de lume e fume.

TRASLADO DE ENFERMOS: DOUS TIPOS DE LUME E FUME

A dificultade para este tipo de aviso por aquelas datas era enorme. Varios problemas se xuntaban: primeiro había que deixar ao enfermo en boas mans, despois había que buscar un lugar adecuado para facer o lume e que este se vira dende a Illa, tiñan que atopar madeira adecuada e transportala ata o sitio e por último que as circunstancias meteorolóxicas non foran adversas. A isto había que engadir o lugar de arriba da pois se era Pontevedra, a dificultade multiplicábase pola distancia.


Polo xeral, había dous lugares de arriba, ou Bueu ou Noalla – Sanxenxo. Se era a Bueu atopaban máis facilidades para realizar todas as manobras precisas ao ser a vila onde realizaban as tarefas comerciais e administrativas e sempre podería haber algún familiar ou coñecido que axudara en todo. De ser Noalla, polo xeral, tiñan que pagar.

En Bueu realizaban as fogueiras nos altos de Cabalo ou en Cabo Udra. En Noalla en calquera praia da costa que mira a Ons ou no alto de cabo Cabicastro.

Se chegaran sen dificultade, o lume facíase con materiais que botaran moito fume, nese caso valía calquera cousa que houbera pola praia. Se xurdiran dificultades o lume facíase máis á noite e tiña que ser con madeira e fogueira alta.

Contaba José Reiriz: "... tiñamos que ir de noite ao monte e cortar polas grandes sen que nos viran, daquela a madeira era moi prezada, usábase nas casas para todo, e non permitían que a cortaras, nin tan sequera cando era para avisar de algo tan importante... En cambio cando todo saía ben, non había tanto problema, facíamos o lume con plásticos, ramas verdes, madeira mollada, ..., que botara moito fume para dicirlles que chegamos ou para comunicarlle que o enfermo xa estaba nas mans do médico."

Normalmente, dende a Illa tamén tiñan que contestar por medio dunha fogueira, co que comunicaban que estaban informados e así non obrigaban aos de terra a repetir a operación.



Ons dende a zona de Pereiró. Ao fondo a costa de Noalla – Sanxenxo. Praia de Montalvo e cabo Cabicastro.

CANDO ÍAN A BUEU, SANXENXO OU PORTONOVO A MOER. PROBLEMAS COA IDA OU COA VOLTA

Na Illa, aínda que existían pequenos muiños de man, cando era de facer as grandes muiñadas, ían a facelo a Bueu

ou a Portonovo nas dornas. Polo xeral, e ao non correr présa, ían con tempo bo, pero, ás veces, ese tempo mudaba e para volver necesitaban saber se o ataque en Ons era posible.

Aínda que, como bos mariñeiros imaxinaban como estaría o mar mirándoo na ría ou achegándose ata cabo Udra ou Cabicastro, era difícil saber con exactitude como terían o ataque en Ons e non podían arriscarse a ter que dar a volta ou, nunha mala manobra, perder a carga ou, o que sería peor, perder a embarcación ou a vida, polo que ían á zona adecuada e facían un lume grande que, ao miralo en Ons, sabían que preguntaban polo estado do mar na Illa.

Dende Ons contestábanlles cun lume pequeno se non había atranco ou cun lume grande se era difícil o ataque.

Tamén, conta Cesáreo que: "... quedaban as familias na Illa pendentes dos que marchaban. Moitas veces non podías moer no momento e tiñas que quedar en Bueu ou Portonovo varios días, entón, tiñas que avisar á familia. Como xa quedaras con eles, senón moias no día e había que quedar a durmir en terra, achegábase á costa (Udra en Bueu ou a praia de Montalvo en Portonovo) e, á noite, facías unha pequena fogueira. Tiñas que, cun gancho, levantar o lume tres veces e esperabas que che contestaran dende a Illa. Dende Ons tamén tiñan que levantalo tres veces, así eles quedaban tranquilos de saber que estabas ben e ti tamén..."

A CAMPÁ DA VELLA CAPELA DE CANEXOL² E O LUME, PARA A NÉBOA

Os veciños de Ons comezaron a dar os seus primeiros pasos no mar coa instalación na Illa dunha fábrica de salga. Pronto chegaron a Ons as dornas polbeiras e con elas as primeiras singraduras. Comezaron a pescar ao carón da costa ou afastándose un pouco dela cara ás marcas que tiñan para a pesca das diferentes especies.

Nun primeiro intre, mentres non collían experiencia, manobrabilidade e confianza, non se distanciaban moito, pero iso non significaba que non puideran xurdir problemas. Un deles, o máis perigoso, era a chegada da néboa que, ás veces, entraba con tanta rapidez, que non daba tempo a coller rumbo cara o peirao.

Cando isto sucedía e os veciños comprobaban que non chegaran ao peirao todas as dornas que saíran, achegábanse á pequena ermida de Canexol e repenicaban a campá para que os mariñeiros, se é que estaban en apuros, puideran

² O uso da campá para aviso, contoumo, no ano 1975, o veciño de Ons, de 75 anos, José Reiriz, que llo escoitara ao seu pai. Os veciños de hoxe en día non teñen conciencia do uso da campá como sinal de aviso marítimo.

orientarse e que non se foran cara ao interior da ría.

Contan que, cando sabían que a dorna ou dornas que faltaban estaban traballando a unha certa distancia da Illa e que podían estar en dificultades para orientarse polo neboeiro, tamén facían pequenos lumes e gritaban cara aos diferentes puntos da Illa onde, os demais mariñeiros, dicían que os viran por última vez; así se vían o resplandor que na néboa facía o lume, sabían cara a onde debían dirixirse.

Contaba Manolo Reiriz: " Un día, Delmiro máis eu, andabamos aos polbos co espello na Onza. Case sen darnos conta, pola Porta, comezou a entrar a néboa. Nun principio, non lle dimos importancia e seguimos pescando, pero en pouco tempo xa non mirabamos a Illa.

Puxémonos a vogar con calma cara ao lugar onde criamos estaba a Illa. Levabamos un rato e non topabamos terra, puxémonos a berrar por se alguén nos escoitaba, pero non oíamos nada. De alí a un pouco, escoitamos voces. Nós volvemos a berrar, pero as voces escoitábanse lonxe. A sorte foi que, ao señor Arturo, ocorréuselle facer unha fogueira no alto de Fedorentos, nós vimos o resplandor e sen deixar de berrar vogamos cara a el.

Fomos a dar ao puntal de Fedorentos, despois costeando, chegamos ata a praia de Fedorentos e alí fondeamos a dorna..."

OS BERROS E A BANDEIRA DE AVISO

En épocas difíciles do ano, os mariñeiros da Illa tiñan que buscar fórmulas que fixeran incrementar os seus poucos ingresos pola venda de peixe ou marisco pouco valorado. Unha delas era a dedicación á ameixa, en época de veda, que era moi valorada e pagábase ben no mercado encuberto.

Un bo viveiro de ameixa en Ons era a zona fronte da praia de Melide, aínda que non era nada desprezable o que se atopaba nas proximidades da praia de Canexol.


Polo xeral, era o de Melide o escollido, tanto cando estaba aberta a veda como cando non estaba. A mediados do século pasado (s. XX), cando os barcos a motor aínda non chegaran a Ons, a pesca da ameixa facíase coa dorna, remolcando o rastro coa forza do vogar do mariñeiro que estaba aos remos, dun xeito artesanal e con moi complicadas e laboriosas manobras, o que dificultaba a fuxida no caso de que algún barco da mariña, por aquela o organismo que se dedicaba á vixilancia da pesca en Galicia, aparecera pola zona.

Na época de veda da ameixa e se había bo mercado, os mariñeiros illáns ían á pesca deste bivalvo. Para que todo

foxe ben tiñan que preparar adecuadamente as técnicas de aviso e fuxida. Se ían poucas dornas e algún dos mariñeiros vivía nas zonas de Cucorno ou Melide, os familiares destes eran os encargados de dar a voz de alarma, normalmente a **berros**, se polo horizonte vían aparecer algún barco da mariña.

Este método era eficaz se o familiar encargado da vixilancia se dedicaba en exclusiva a elo, pero iso en Ons era totalmente imposible. Polo xeral eran as mulleres e os mozos os encargados, e aproveitaban eses momentos para levar o gando ao monte ou para realizar algunha faena agrícola preto das zonas de mellor observación. Pero, non sempre estaban atentos ao que tiñan que estar, o que daba o tempo suficiente para que o barco de vixilancia chegara onda as dornas.

Se cumprían co seu cometido, tan pronto vían entre San Vicente e Ons vir algún barco da mariña, **berraban**: A ghasolinera!! A ghasolinera!!!, que era o xeito como coñecían ao barco que se dedicaba á vixilancia da pesca.



Ao escoitar os **berros** e, se daba tempo, arriaban todo cunhas pequenas boias que quedaban afundidas a media altura, co fin de que despois, cando pasara o perigo, podelas recuperar coa axuda do espello ou mirafondos.

Se o barco da mariña saía de Marín, avistábano con facilidade dende o lugar de traballo e dáballes tempo a facer a manobra, o problema era cando o barco viña dende a ría de Arousa, dobrando San Vicente, pois dende Melide non podían divisalo esa era o motivo de poñer unha persoa no alto do Cerrado ou no Centulo para dar o aviso.

Se non contaban con algún vixiante nos montes da Illa e se arriscaban a ir, era case imposible o escapar, pois, aínda que daquela os barcos da mariña non eran moi rápidos, mentres se desfacían do marisco, desarmaban os aparellos de pesca e intentaban deixalos recuperables, pasaba un tempo mínimo que unido aos nervios, daba tempo suficiente para que o barco estivera ao seu carón ou, polo menos, que

avistaran o lugar onde estaban traballando e que, con axuda dalgún mecanismo, recuperaran do fondo o marisco e os aparellos empregados polos illáns o que lle supoñía a estes un enorme contratempo económico pola perda dos útiles de traballo e, ás veces, polas multas que lles impoñían se os collían.

Interesante o comentario de Cesáreo: "... ás veces estabamos traballando e mirabamos algún barco da ardora ou de pesca a motor que viña dende Bueu ou da ría rumbo a nós e xa escapabamos a toda, pois seguro que nel viña o Axudante de Mariña de Bueu para cazarnos. A cantos ten collido ao principio! Pero despois xa sabiamos e como o barco non collera o rumbo normal para ir aos caladoiros de fóra, desconfiábamos e a tirar todo ao mar e para o *muelle*. Ao principio enganounos, pero despois xa sabiamos e, case sempre, daba tempo a escapar, aínda que ten collido a moitos. Para iso non había sinal de aviso ningunha..."

A BANDEIRA DE AVISO

A principio dos anos 60 do pasado século XX, os illáns comezaron a mercar barcos a motor. Aínda que a súa economía mellorou debido a que podían achegarse a vender aos portos con máis facilidade, os caladoiros de traballo eran máis accesibles e abondosos, non cabe dúbida que seguiron empregando as mesmas prácticas que antes cando a demanda era grande e a veda non permitía a pesca legalmente.

Tamén, cos motores, as manobras eran máis doadas, a pesca máis elevada e a fuxida, se era necesaria, máis facti-


ble. Pero, ao igual que pasaba noutros tempos coas dornas, se as lanchas de vixilancia, agora máis rápidas, se achegaban pola zona norte, entre Sálvora e San Vicente con rumbo á Illa, senón había algún vixilante que dera a voz de alarma nalgunha das alturas da Illa, e aínda que os barcos xa tiñan *chivato* (xeito de chamar ás primeiras emisoras dos barcos) ao non poder albiscalos dende a zona de traballo, o collelos era ben doado.

Foi neses intres cando idearon un novo sistema, xa que, o anterior dos berros, co ruído dos motores tirando do rastro (coñecido co nome de can) non escoitaban nada. A idea foi a seguinte, buscaron un lugar alto preto de Melide dende onde se puidera vixiar ben a entrada da ría de Arousa, entre a Illa de Sálvora e San Vicente do Mar, a ría de Pontevedra e a entrada da ría de Vigo pola costa de Soavela. O Alto do Cerrado, mesmo enriba de Melide era o lugar ideal, dende alí divisábase, practicamente todo o mar ao redor da Illa e, sobre todo, a entrada da ría de Arousa que era a zona que máis temían.

Contan: "... poñíámonos todos os que íamos a traballar á ameixa de acordo e un dos mariñeiros subía ao alto do Cerrado cun pau ao que se lle poñía un trapo, a modo de bandeira. Cando albiscaba ao barco da mariña, chamabámoslle "O Caixón", comezaba a mover a bandeira e tan pronto algún o vía, polo *chivato* e empregando palabras que xa tiñamos acordadas, avisabámonos e comezabamos a recollida e a fuxida... Despois repartíamos tamén co mariñeiro que subira ao Cerrado..."


Ons, vista dende o Alto do Cerrado cara ao norte.


Entrada Ría de Arousa. San Vicente. Praia da Lanzada. Noalla. Cabo de Cabicastro. Entrada ría de Pontevedra



Ons, vista dende o Alto do Cerrado cara ao leste e sur.

Cabo Cobicastro. Entrada ría de Pontevedra. Entrada ría de Aldán. Costa de Soavela. Entrada ría de Vigo. Illas Cíes. Onza





ONS: PROPIEDAD - ADMINISTRACION - VECIÑOS (IV). “IRREGULARIDADES, IMPOSTO AGRÍCOLA E CONCESIÓN”

Por: Celestino Pardellas de Blas

Pensei que á terceira ía a vencida e que o tema da propiedade de Ons quedaría resolto, xa fora por vía política ou pola xudicial, no intervalo de tempo que vai dende a saída do nº 16 de AUNIOS (maio de 2011) e a do nº 17 (maio de 2012). Pero non foi así e véxome na obriga de sacar a cuarta entrega sobre esta temática co fin de dar un remate, quizais non definitivo no tempo, a esta cuestión tan importante da vida social dos veciños de Ons e para aclarar algunhas cuestións do anterior número.

A miña idea para esta entrega era seguir coa temática etnográfica e antropolóxica que comezara nas primeiras revistas pois, os habitantes desta Illa, por mor dos 200 anos de illamento que padeceron, deron vida a unha abraiante Cultura Popular única que, dun xeito inaudito, ninguén estudou exhaustivamente, sendo, aínda hoxe, un campo totalmente virxe.

Ao chegar a Ons, eu tiven a sorte de coñecer, entre outras persoas interesantes no campo da investigación etnográfica, a Ana Liste que conviviu cos illáns durante dous anos, a principios dos anos 70 do pasado século e que, sen realizar un estudo profundo sobre esta comunidade, tomou os datos suficientes como para resaltar, no seu libro sobre bruxería e supersticións (Ana Liste. "Galicia: bruxería, superstición y mística". Penthalon ediciones. Madrid 1981) e en numerosos artigos de prensa, o xeito de vida e crenzas destes illáns.

Grazas a ela e ás charlas que recibira no instituto de Pontevedra da boca de D. Alfredo García Alén, o mundo etnográfico de Ons fixo cama no meu interior e, coas ensinanzas obtidas destes dous mestres investigadores, comecei eu a miña andaina, da que sinto que, no seu momento, non tivera os coñecementos necesarios para realizala con máis profundidade.

De todos os xeitos, púxenme en contacto con Fer (Fernando Trigo), co que compartín moitas horas de pescudas en Ons a finais dos anos 70 do pasado século XX e, cos datos que posúemos, el vai, substituíndome, dando vida nesta revista a ese baleiro investigador sobre a Illa de Ons, no campo antropolóxico.

REFERENCIAS SOBRE A ILLA DE ONS

Moitas veces temos as teorías e os datos moi claros e contrastados pero, á hora de expoñelos, quizais pola falla de experiencia, cometemos erros de explicación que dan pé a confusións naqueles lectores que non coñecen a temática exposta, pero, tamén son aproveitados por outros que, coñecéndoa, explotan a confusión creada para desprestixiar ou para arrimar a “ascua á súa sardiña”.

Coa idea de emendar os erros de explicación cometidos (se os houbo) no número anterior respecto a varios conceptos sobre a propiedade dos TERREOS e das VIVENDAS da Illa de Ons e, co fin de dar remate, momentáneo, a este tema na revista, vou a intentar explicalo distinguindo entre, a problemática da PROPIEDAD dos TERREOS e a problemática da PROPIEDAD das VIVENDAS da Illa de Ons, como cuestións e argumentos totalmente distintos.

DATA DE 1810¹. MÍNIMO RESUMO.

A Illa de Ons atopábase totalmente baleira. A *Junta Provincial de Armamento de la provincia de Santiago*,

decide montar nela unhas baterías de defensa para a ría de Pontevedra. Encarga a un enxeñeiro que realice a viabilidade e o estudo da posible radicación destas baterías. Encomendan ao párroco de Sanxenxo que leve a cabo as obras e contratacións. Póñense en contacto co dono da Illa (o Cabido) para que dea o permiso necesario e aporte cartos para as obras. O Cabido dá o permiso, pero non está disposto a aportar cartos. A Junta e o párroco de Sanxenxo buscan solución ao problema económico que se presenta para realizar estas obras. (Mínimo resumo do comezo do ano 1810. Ons).

1ª PARTE: OBREIROS – PROPIETARIOS (1810)²


Decidida a *Junta de Defensa* a realizar as obras de defensa en Ons, póñense en contacto co propietario da Illa, daquela (1810) segundo os documentos consultados pola *Junta de Armamento*, o Cabido Catedralicio. Despois de varios contactos, o Cabido accede a que se realicen as obras, pero informa que non vai a aportar capital algún para axudar a sufragar os gastos. A *Junta*, xa iniciados os primeiros desembolsos e contratados os primeiros obrei-

¹ Para una mellor comprensión do tema a tratar, recomendo a lectura de: Revista AUNIOS números: 7 (2003), 12 (2007), 14 (2009), 15 (2010), 16 (2011).

² Ao longo deste artigo seguiremos os pasos de Salustiano Portela Pazos, aínda que, nestes intres, as súas pescudas están bastante cuestionadas.

ros, decide buscar financiamento e, por idea do párroco de Sanxenxo, acordan dividir a parte cultivable da Illa en parcelas e poñelas á venda como Accións de Primeira Clase (así lle chamaron) e ofrecerllas aos obreiros que viñeron a traballar á Illa.

Para poder levar a cabo a venda das Accións, pónense en contacto co Cabido. Este non se opón, pero esixe o pago dun canon (coma un imposto) a todos aqueles que as merquen. Nun primeiro momento existe, por parte dos obreiros que querían posuír terras cultivables, un receo a mercar por non fiarse do canon imposto polas posibles subidas que este podería ter; sen embargo o que vai facer de capataz de obras en Ons (segundo relata Salustiano), non tivo ningunha dúbida en mercar un bo número desas accións, facéndose cunha boa parte dos terreos illáns. Aínda que despois de que o capataz mercara, moitos dos obreiros (antepasados dos actuais veciños) tamén se animaron a adquirilas.



Restos da fortificación comezada no 1810

Despois duns anos de incerteza coas obras, despois paralizadas porque os franceses non representaban xa un perigo, queda a cuestión da propiedade un pouco confusa. Por un lado o Cabido quería cobrar o imposto sinalado polas accións, por outro lado estaba o capataz que, pola compra desas accións, críase dono da Illa. E, por último, nun plano un pouco escuro (non o deixa claro Salustiano) estaban os obreiros (mal chamados colonos) que tamén mercaran esas accións.

A toda esta problemática, había que engadir outra: o capataz, como dono das terras que adquirira, seguía admitindo familias que, polo pago dun arrendo ou canon a el, podían establecerse en Ons e traballar as terras.

Parece ser que, ata a morte do capataz (segundo Portela Pazos), non existiu ningún conflito pola propiedade da Illa. Supoñemos que os, xa considerados veciños, que mercaran accións, non tiñan problemas con el. As familias que viñeron posteriormente, se pagaban o canon imposto polos terreos, tampouco. E o Cabido, se cobraba, non

poñería pegas e senón cobraba, quizais por temor a este potentado capataz, calaba.

Conclusións a esta 1ª parte: O Cabido considerábase dono da Illa. Os obreiros, os antepasados dos antigos veciños, non viñeron a Ons como colonos, senón como obreiros. Hai unha merca de terreos (accións). O capataz de obras merca un bo número delas e hai posibilidades de que os obreiros tamén. Pagaban un canon (imposto agrícola) ao Cabido polas terras. Para vivir na Illa construían casas, pero en ningún documento aparece que esas casas pertenceran a un dono e que llas alugara, arrendara,..., a ningún obreiro ou veciño, o que demostra que eles mesmos as construíron.

2ª PARTE: APARECE O MARQUÉS DE VALLADARES (1834)

Ata a morte do capataz, non xurdiron problemáticas. Pagaba o canon ao Cabido e seguiu admitindo máis familias que, polo pago tamén dun canon (imposto agrícola) a el, pasaban a vivir na Illa, construían a súa casa e traballaban as terras.

Á morte do capataz, comezan a xurdir os conflitos. Por unha banda están os seus testamentarios que, supostamente, deixan de pagar o canon ao Cabido e este rebélase contra eles. Por outra parte, estaban os veciños arrendados ao capataz aos que estes testamentarios lles soben en demasía o imposto agrícola polas súas terras. Aparece o Marques de Valladares, descendente dos foreiros da Illa. E sen esquecerse dos obreiros, posibles mercadores das accións, que se consideran donos dos terreos que traballan.

O Marqués toma as rendas do conflito e, en primeiro lugar, enfróntase aos testamentarios do capataz. Estes, angustiados, por un lado co Cabido e polo outro cun gran potentado como o Marqués, deixan de preitear pola Illa á que non consideran xa rendible. Despois, comeza a loita co Cabido; aquí o enfrontamento foi maior. O foro esixía unhas cláusulas e parece ser que os antepasados do Marqués non cumpriran con elas, polo que o tiña bastante complicado, pero, co xurdir das leis desamortizadoras, a igrexa, ao verse privada de moitas das súas posesións, preferiu loitar por outras prazas máis interesantes que a Illa de Ons, o que trouxo o abandono do preito que mantiña co Marqués.

O Marqués de Valladares, veuse libre dos seus contrincantes pola posesión da Illa e comeza a querer exercer como dono desta³. Ao principio, tivo serios problemas cos veciños que xa cultivaban as terras e tiñan casa, pois non o consideraban dono de Ons, tiñan medo que este quixera quitarlle as terras que cultivaban e as casas que construíran ou que pretendara impoñerlles un canon (imposto agrícola) máis alto, como pretendieron facer os testamentarios do capataz.

³ Serán legais as actuacións do Marqués de Valladares nestes intres.

Valladares, persoa influente, logrou que varios veciños se puxeran do seu lado e coa axuda destes, os demais veciños aceptárono como dono das terras da Illa. Queda en dúbida que lles puido ofrecer a cambio.

Calmados, os considerados “*donos antigos*” e os veciños actuais, empeza a regular a posesión das terras e é o primeiro en facer o deslinde destas e poñer sobre documento as terras que traballaba cada veciño, cales eran os lindes e o que tiñan que pagar polos ferrados que traballaban.

Observamos na documentación que hai ao respecto, que constantemente fala de terras (ferrados) e pagos por elas, nunca das vivendas, o que fai supoñer e demostra que foron construídas polos veciños e que as considera deles. É tamén o primeiro en facer constar, en documento, o nome de <Colonos> para os seus veciños.

Na época de Valladares atopamos o primeiro documento que fai referencia ás vivendas. É unha querela criminal do ano 1885 na que denuncia a un veciño de Noalla, que acabou confesando o feito, por tirar a casa que un dos seus <colonos> **estaba construíndo na Illa de Ons** e é obrigado a indemnizalo polos gastos ocasionados. Primeiro dato importantísimo que demostra que as casas de Ons, dende 1810, **foron construídas polos**, primeiro, obreiros e posteriormente veciños, aos que o Marqués, chama <colonos>.

Co Marqués viviron uns anos de tranquilidade e prosperidade económica grazas á instalación na Illa dunha fábrica de salga e ao bo entendemento entre veciños e o Marqués.

Conclusións a esta 2ª parte: *Xorde unha loita pola propiedade da Illa entre testamentarios, O Cabido e o Marques de Valladares. Finalmente resólvese a favor do Marqués. Os veciños acéptano como propietario das terras de Ons e xorde un entendemento entre eles. Aparece por primeira vez nun documento, ao respecto, a palabra colonos para os veciños que habitaban en Ons. Xorde o primeiro documento onde se demostra que as casas de Ons facíanas os veciños co seu traballo e cos seus cartos.*

3ª PARTE: FAMILIA RIOBÓ (1921)

O Marqués de Valladares tiña un home de confianza (outro capataz) que era veciño de Ons e encargado de cobrar o canon (imposto agrícola) aos demais veciños. Habítala a casa que o Marqués tiña en Curro e que anos antes fora fábrica de salga. Á morte do Marqués, os pais deste, que se fan cargo dos seus bens, ofrécenlle a Illa ao capataz (Sr. Bernadal) e este contacta cun adañeirado forense de nome Manuel Riobó e, entre os dous, mercan a Illa aos herdeiros do Marqués.

Nun primeiro intre as cousas ían ben, pero van xurdindo atrancos a medida que o Sr. Riobó comprobaba que o



Ao final do peirao, enriba da praia, restos da casa de Bernadal..

Sr, Bernadal non xogaba limpo con el e cos veciños. Ante esta tesitura o Sr. Riobó merca a súa parte a Bernadal e queda con toda a Illa para el.

Falaba Manoelino: “... *o meu pai contoume que Bernadal era moi ruín. Como non pagaras o canon das terras no seu momento, xa ía por ti. Todo o que pescabas tiñas que venderlo a el e non aos barcos que se achegaban á Illa para mercar. Cando se separou do Sr. Riobó, aínda viña pola Illa a mercar e moitos lle vendían por medo, por iso, o Sr. Riobó obrigou a todos a venderlle o peixe e o marisco a el, senón teríamos problemas....*” .

A familia Riobó, Manuel pai e Didio fillo, fanse cargo da Illa ata 1936. Crean unha Sociedade Anónima que se dedica a merca e comercialización de polbo e congro, principalmente. Axudan aos veciños nas tarefas agrícolas. E permiten que os fillos destes, que se emancipan por casamento, monten unha nova vida na propia Illa herdando terras dos seus pais e construíndo casas nesas terreos.

O que non consta en ningún documento, é que as vivendas que os veciños construíron (hai documentos) no tempo de Marqués, foran obrigados a pasarllas ao Sr. Riobó. Tampouco hai documentos no que conste que os veciños, que construíron casas por emancipación ou casamento, na época da familia Riobó, tiveran que pasarllas obrigatoriamente a esta familia. E aínda menos existe algún documento no que conste que, tanto o Marqués de Valladares como a familia Riobó, construíra nin herdara algunha vivenda, das consideradas veciñais, en Ons e que esta lla pasara a algún veciño en réxime de alugueiro ou arrendamento, o que demostra que as casas construíronas os veciños nas terras que tiñan en propiedade, arrendadas ou cedidas.

Importante resaltar o empeño do Sr. Didio Riobó para que os veciños de Ons foran donos das súas terras na época da República, que, como sabemos, cando o tiñan case conseguido, a lentitude burocrática, non fixo posible esa oportunidade histórica que faría xustiza cos verdadeiros donos da Illa de Ons, os veciños.

Tamén salientar que con Didio Riobó o imposto agrícola pasan a pagalo a maioría dos veciños, en cartos. Antes facíase en especie (millo, patacas, trigo,...) .

Conclusións a esta 3ª parte: *Xorden uns novos donos, Bernadal e Manuel Riobó. Queda como único dono*

o Sr. Manuel Riobó. Obriga aos veciños a venderlle en exclusiva a pesca a el e, por problemas co Sr. Bernadal, a que o aceptaran como único dono de Ons. Monta unha sociedade anónima dedicada ao secado e comercialización de polbo e congro. Máis veciños, emancipados por casamento, seguen construíndo vivendas. Os veciños, por decisión de Didio Riobó, estiveron a piques de conseguir a propiedade das terras que cultivaban. Segue sen haber documentos a favor do dono, neses intres Didio Riobo, que demostren que, as vivendas que habitan os illáns as construíu el ou os antigos donos da Illa, o que segue demostrando que as vivendas as construíron, aínda estando el como dono, os habitantes de Ons, os veciños.

4ª PARTE: A EXPROPIACIÓN.

No ano 1936 o Sr. Riobó suicídase e Ons pasa a ser administrada polo Sr. Massó, importante conserveiro de Bueu, ata o ano 1941 ano no que a Illa vai ser expropiada polo Ramo de Guerra.

Durante estes anos, o Sr. Massó vai seguir os pasos trazados polo Sr. Riobó, cobrando aos veciños o Canon Agrícola polas terras que traballan (hai documentación) pero nunca polas casas que habitan.

Cando se produce a expropiación, o Sr. Massó presenta ao Ramo de Guerra a documentación existente sobre a Illa de Ons. Nos diferentes documentos fai constar o nome de cada veciño, os ferrados que traballa e o canon que paga por eles, tamén constata as diferentes casas que posúe o dono (almacén, casa habitación, taberna, casa de falanxe, casa escola,...) e comenta que existen casas veciñais das que declara que, 8 – 10 están en medianas condicións pero que as outras son de pobre aspecto. Na documentación non fai constar que estas vivendas pertenceran ao dono, o que volve a demostrar que as vivendas que ocupaban os veciños eran deles porque as construíron ou herdaran dos seus antepasados.

A temática da expropiación levárona a familia Riobó e a administración nos seus despachos. Os veciños non foron informados, soamente lles dixeron que agora tiñan que pagarlle o canón agrícola ao Ministerio do Exército.

Hoxe en día, a administración di que, cando se produce a expropiación, Ons pasa a ser de dominio público. Eu coído que, nese intre, se produce unha irregularidade como é **a falla de aviso** aos veciños da expropiación, pois non existe un documento que, asinado por todos os veciños (senón no é válido nin legal) informe deste novo cambio administrativo que pode traerlles graves consecuencias no caso de que tiveran que abandonar a Illa, e así, loxicamente, ter dereito a alegar sobre esta circunstancia. Coído que se cometeu unha ilegalidade ao non avisar aos

veciños para que estes tiveran a oportunidade de expoñer alegacións e aportar a documentación que fora necesaria ao seu favor.

Debido a esta circunstancia a declaración de **Dominio Público** pode quedar anulada ao non cumprirse a legalidade como era: Avisar aos veciños que habitaban Ons nese intre, demostrándoo coa sinatura dun documento que o avale.

ISLAS DE ONS Y ONZA .

RELACION DE COBROS Y PAGOS EFECTUADOS POR CUENTA DE LA JEFATURA DE PROPIEDADES MILITARES DE VIGO.-


COBROS:

RENTAS: Cobro total de las rentas correspondientes al año agrícola 1.946/1.947.....20.339,90 Pts

VIGO, 27 de Septiembre de 1.948.

Las rentas del año 1.947, por los conceptos de CORREO, ALQUILER LOCAL - ESCUELA y TIENDA Y PESCA, han sido incluidas en la relación liquidada en 24 de febrero último.

Un dos moitos recibos que demostra o pago dunha renda agrícola.






Durante a etapa de xestión do Ministerio do Exército, este só fai de mero administrador, cobrando o canon agrícola expedindo o correspondente recibo. Estes recibos poñían: “*Importe de las rentas abonadas por los colonos de la Isla de Ons correspondientes al año agrícola 1962-1963 (Año de ejemplo)*”. Volvemos a comprobar como, claramente, pagan un CANON AGRÍCOLA, nada pagan pola vivenda que eles construíron.

O exército permite a construción de vivendas aos novos matrimonios nas terras que lles deixan os seus pais. Dáse a casualidade que hai veciños aos que os seus pais deixan un anaco das terras que cultivaban para que o seu fillo/a constrúa a súa vivenda no intre de casarse, pero non lle deixa terras de cultivo, este novo matrimonio **non pagará o canón agrícola**, pois non teñen terras, só pagará a luz. De novo a demostración de que o canon ou renda que pagaban, non era pola casa senón polos terreos que traballan.

Resaltar que, coa xerencia do Ministerio do Exército, este instala en Ons o primeiro tendido eléctrico o que trouxo posteriormente para os veciños, o pago por este concepto.

Conclusiones a esta 4ª parte: *Morre o Sr. Riobó e faise cargo do cobro do canon agrícola o Sr. Massó. Prodúcese a expropiación e os veciños non son avisados, non*

ILLA DE ONS		CATALOGO DE VIVIENDAS	
BARRIO: _____	CASA Nº 32		
ARRENDATARIO D. <u>MANUEL BAIBEZ OTERO</u>	D. N.º _____ CASADO CON _____		
Y DOMICILIO HABITUAL EN <u>ILLA</u>		FACHADA PRINCIPAL	
CARACTERÍSTICAS DE LA VIVIENDA <u>BARREDES EXTERIORES A VIVIENDA</u> <u>TERRAZO E DOS AGUAS</u> <u>TABOQUES A PASILLO</u> <u>PERCHAS Y VENTANAS A MODO DE</u> <u>ABREVESTADO</u>			
RENTA QUE ABONA _____	<u>NO</u>	CROQUIS DE PLANTA, ESCALA 3-10	
OBSERVACIONES 1. <u>CUADRA A G X</u> 2. <u>ESTE SEÑOR NO TIENE TIEMPOS</u> 3. <u>TRABAJA LAS 24 HORAS</u>			

Folla do Catálogo do Irida (1979), collida ao chou, onde queda claro que este veciño, que vivía na Illa, non paga renda AGRÍCOLA, porque non ten terreos. Posto a man polo funcionario en observacións.

hai documentación asinada por eles que o demostre. Puido a administración cometer unha ilegalidade, polo que, o concepto de dominio público de Ons pode ser irregular. O Ministerio do Exército segue cobrando o canon agrícola pero nunca polas vivendas veciñais. Nesta etapa, os novos matrimonios poden construír a súa vivenda pero, senón posúen terreos, non pagan a renda agrícola só pagan a luz. Queda demostrado que, o canon que pagan é agrícola, polas vivendas que eles construíron non pagan ren, só a luz.

5ª PARTE: COLONIZACIÓN, IRIDA, ICONA

O exército non ve sentido a seguir administrando Ons. Decide pasarlle a outro Organismo. O Estado pásaa ao Instituto Nacional de Colonización. Colonización realiza unhas obras na Illa que non evitan a emigración forzosa dos illáns que reclamaban un novo porto que dera máis abrigo á nova flota. A mediados dos anos 70 do pasado século XX pasa a ser administrada polo Irida (Instituto Nacional de Reforma y Desarrollo Agrario) un organismo máis compatible cunha das dúas actividades económicas que realizan os veciños, a agricultura.

O Irida, non cambia para nada o xeito de xestionar Ons e segue a ser un mero administrador e cobrador do IMPOSTO AGRÍCOLA. O que si realiza é o primeiro inventario de edificacións de Ons. Este inventario realízano polo ano 1976, tendo a sorte de estar eu presente nalgúns barrios e onde puiden comprobar o xeito de realizalo, que consistía en, ir polas vivendas e, despois das fotos de rigor, preguntar quen a habitaba, saber cal era o domicilio habitual dos donos, que características tiña a casa e que edificacións anexas posuía. É de supoñer que logo, nos despachos, pasaban ao papel, digamos oficial, o resultado do traballo de campo.

Este inventario en nada comprometía ao propietario da vivenda, o veciño, só que, como nunca se fixera, este organismo, por facer algo diferente, desempeñou este traballo. Deixar claro que os veciños só deron información, pero nada asinaron con respecto ao que alí dicían e escribían os representantes do Irida.

You ao caso que, ao transcribir os datos obtidos ao papel, en vez de poñer propietario (como debería ser) puxeron Arrendatario, como se o nome e a casa que alí constaba, pagaran unha renda ou aluguer por ela á administración. Unha manobra falsa que provocou a confusión, este pasado ano 2011, na xuíz á hora de ditar sentenza, pois ese catálogo de vivendas serviulle á administración para demostrar que, os veciños, eran arrendatarios das casas. Unha IRREGULARIDADE oficial que motivou unha sentenza desfavorable contra os veciños que reclaman a propiedade das casas que eles construíron.

De novo repetir, a pesares de ser cargante, que o canon ou renda que pagaban era polas terras que traballaban, non polas casas, e que nunca pagaron renda nin aluguer algún pola casa que construíron.

Do Irida pasou ao Icona, que trae un pequeno cambio. Aparece a figura do Axente Forestal que se responsabiliza dos cobros da renda agrícola e da luz que antes cobraba o Sr. José Vidal, que facía ás veces de Alcalde Pedáneo que herdara á morte de Jesús Acuña, cabezaleiro, na época de xestión do exército.

No ano 1984, é transferida á Xunta e nesta época xorden cambios importantes e novos problemas para os illáns.

Conclusións a esta 5ª parte: Hai uns cambios de administración que vai pasando de colonización, ao Irida e finalmente ao Icona antes de ser transferida á Xunta de Galicia. O Irida fai un catálogo de vivendas e cataloga aos veciños como arrendatarios desas vivendas, cando nunca pagaron ningunha renda nin aluguer polas casas que eles construíron. Ningún dos tres organismos pode demostrar que as vivendas dos veciños son da administración nin que as construíran os antigos donos. Xorde a figura do Axente forestal e a renda AGRÍCOLA e a LUZ pasa a cobrala o devandito axente ata 1984.

6ª PARTE: XUNTA DE GALICIA, PARQUES NACIONAIS

Chega o ano 1984 e Ons é transferida á Xunta de Galicia facéndose cargo da súa xestión a Consellería de Agricultura. A primeira decisión que toma esta Consellería (polo daquela o Conselleiro era Fernando Garrido Valenzuela, actual Presidente do Padroado do Parque Nacional Illas Atlánticas) é deixar de cobrar aos veciños o imposto agrícola e a luz. Os veciños non entenderon tal decisión e,

en numerosos escritos, solicitaron que se lle cobrara a luz e, aos veciños que seguían traballando as terras, os recibos agrícolas; desconfiaban, como agora podemos comprobar, que a Xunta utilizara esa estratexia para ir contra eles dicindo que están en precario xa que non pagan nin a luz.

Durante a xestión de Agricultura, as necesidades básicas eran importantes pero nada cambiou, agás que, despois dunha enorme loita reivindicativa entre veciños e administración, o delegado en Pontevedra anuncia unha instalación eléctrica nova e o cambio para un xerador máis potente.



É nestes intre, principios dos 90, cando xurde, pola falla dun verdadeiro Estudio Xurídico un boom na reconstrución das casas illáns que trouxo máis enfrontamentos entre veciños e administración e entre os propios veciños, que provocou un desfase urbanístico que, cun pouco de cabeza e boa vontade polas partes, arranxaríase sen tantos problemas, denuncias e pequena alteración da que era coñecida como a arquitectura popular mariñeira mellor conservada do litoral galego.

De novo, outro cambio de xestores. A Consellería de Agricultura quere quitarse de enriba esa pataca quente que é a Illa de Ons e decide que, como a agricultura na Illa pasou a ser residual, mellor que sexa a Consellería de Medio Ambiente quen a xestione. Xa temos outro organismo xestionando Ons, dentro da propia Xunta, pero seguen cos mesmos problemas, non queren diálogo nin ceder ante os veciños para so-

lucionar os problemas xurídicos, sobre todo, polo tema da propiedade das vivendas, e intentan aburrilos para que abandonen a idea de propiedade e ata a propia Illa. Este novo organismo tampouco quere cobralles a luz, e os veciños, tamén en numerosos escritos, solicitan que Medio Ambiente poña a funcionar os contadores e que cada un poda contratar a potencia que necesite e pagar segundo consumo, pero Medio Ambiente se nega, ten que aproveitar esta circunstancia para que así, ante a opinión pública, os veciños queden coma uns aproveitados que gastan unha luz que non pagan.

Entre enfrontamentos veciños - administración - veciños, xorden dúas importantes circunstancias: Por un lado a familia Riobó pasa ao campo xudicial para recuperar a Illa de Ons ao non cumprirse o motivo da expropiación e por outro Ons pasa a ser parte integrante do primeiro Parque Nacional Galego.

Con respecto á familia Riobó habería que ver se, cando se realizou a expropiación, se cometeu algunha irregularidade, no que respecta aos veciños que habitaban Ons nese intre, que dea pé á invalidez dos procesos posteriores. Coido que os veciños non foron partícipes da tramitación desa expropiación, cando as casas as construíran eles e eran da súa propiedade, e que non foron avisados (xa que non consta en documento asinado por eles) para poder alegar contra a expropiación ou para solicitar algún tipo de indemnización polas súas vivendas no caso de que foran desaloxados.

A quen non lle soa raro esta expropiación e o xeito en que se fixo? Onde ían a reasentar a máis de 400 veciños con todos as súas pertenzas? Que habería detrás de todo iso?

Se houbo irregularidades, o paso posterior a dominio público non tería validez e os descendentes da familia Riobó terían que recuperar a Illa e, mesmo os veciños poderían reivindicar as terras que traballaron dende sempre co pago dun imposto agrícola e pasar estas á súa propiedade polas leis de Arrendamentos Rústicos ou Históricos. Un bo avogado contando cun bo historiador que lle busque a información necesaria nos arquivos, sairía airoso deste preito.

O punto onde Ons pasa a ser parte integrante do Parque Nacional, contén os mesmos erros que o pun-



Hemicar, S.L.

Pintura al horno
Bancada de Carrocería



TALLERES

HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Avda. Médico Ballina, 5
LÉREZ - PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525


to anterior. Houbo irregularidades anteriores? Se as houbo, e coido que si, habería que aclaralas e ver que dereitos teñen os veciños, engadindo a maiores que: - Hai documentación que certifica que as casas, dende a etapa do Marqués de Valladares, construíronas os antepasados dos antigos veciños. - Nunca se lles solicitou pago algún polas vivendas. - Os veciños que non tiñan terreos non pagaban o imposto agrícola, pero si a luz. - Non consta en ningún documento que antigos donos e as diferentes administracións lles fixeran pagar un arrendo aos veciños polas casas. - Tampouco hai documentación que certifique que as casas as construíron os antigos donos ou a administración. - Non existe documento con algunha cláusula que diga que o dono ou a administración deixara construír pero que logo esa casa pasaría a eles. - E un longo etc.

Conclusións a esta 6ª parte: *Puideron cometerse irregularidades cando se fixo a expropiación. Se se cometeron, todos os procesos posteriores, como a declaración de Dominio Público, poden quedar anuladas. Non hai documentos que avalen a propiedade das vivendas por parte dos suposto donos da Illa nin da administración. Si que os hai conforme os veciños construíron as súas vivendas. Polo tanto podemos dicir que as vivendas de Ons construíronas os veciños e son deles e que nunca pagaron ningún tipo de arrendo nin canon por elas, por iso lles pertencen e teñen un DEREITO de SUPERFICIE sobre o terreo que ocupan.*

7ª PARTE: (2010 – 2011) PREITOS, DEMANDAS E CONCESIÓN

A problemática pola propiedade das vivendas segue durante o 2009 - 2012. O novo goberno da Xunta tampouco cede. Politicamente podía arranxar o conflito dun xeito amigable e dialogante, pero dos veciños de Ons só quere os votos. Pola súa parte, quizais por atoparse nestes intres na oposición, os representantes do BNG e PSOE en Bueu e no Parlamento Galego, únense aos veciños de Ons e mirando as súas xustas reivindicacións, apóíanos politicamente no Parlamento: *(reclaman modificar a Lei 5/2001, que establece o réxime xurídico da Illa de Ons en base ao sistema de concesións. Demandan cambiar o texto da lei para recoñecer a titularidade veciñal das vivendas desafectando as casas do dominio público e outorgándolles a cualificación de bens patrimoniais).* Pero a maioría absoluta do PP bota abaixo calquera iniciativa para que os veciños consigan a propiedade ou, polo menos, a desafección dos terreos que ocupan as casas como dominio público. O Goberno Galego rexeita cambiar a lei e recoñecer a propiedade en

Ons porque, segundo din: *“perdería a condición de Parque Nacional”*. Sen embargo os grupos da Oposición argumentan: *“Non é certo que para desafectar as vivendas de Ons sexa necesario reverter a condición de Parque Nacional... Pois todos os Parques Nacionais que hai en España teñen dentro do seu territorio propiedades privadas e vivendas privadas... Exemplos son: o Teide, Garajonay, Picos de Europa, Doñana,...”*.



Precarias casas, construídas polos veciños en cachotería, na época do Marques de Valladares. (Foto. Rev. Estampa)

Está claro que o Goberno Galego (2009 – 2013) non quere dar a propiedade aos lexítimos donos das casas de Ons, os veciños, e, sen embargo, aduce cousas tan increíbles como: *“A Xunta normalizou, sempre de acordo coa lei, unha situación anómala e permitiu aos habitantes das Illas Ons manter o dereito ao uso das súas vivendas nunhas condicións favorables. Por iso, o Goberno Galego quere amosar a súa estrañeza polas críticas contra a súa xestión nesta materia, xa que en todo momento buscou compatibilizar e defender os dereitos históricos deste colectivo co obrigado cumprimento da lexislación vixente”*. Temos aquí unha idea do pensar deste goberno, os veciños construíron as súas casas en Ons e nelas viviron durante case dous séculos. Defender os verdadeiros dereitos históricos dos veciños sería: *<Recoñecer que as casas foron feitas polos seus antepasados polo que lles pertencen e teñen un Dereito de Superficie sobre o terreo onde están radicadas>*. Iso si sería **normalizar os dereitos dos habitantes de Ons**.

Sen embargo, inventan unha Lei 5/2001, onde recoñecen: *“...a situación histórica dos poboadores de Ons e que os faculta para gozar e utilizar os inmobles que de xeito tradicional veñen facendo por eles e os seus antepasados...”*. De novo tentan agochar a verdadeira situación, porque non din que os inmobles os construíron os antepasados dos actuais veciños e polo tanto os materiais de construción, é dicir, a casa, lles pertencen, porque pagaron eses materiais e aos obreiros que a fixeron. Como xa quedou exposto anteriormente, a administración nunca foi quen de demostrar que as vivendas de Ons as construíron os

antigos donos ou a administración, polo tanto. Quen as construíu? A resposta é obvia, os antepasados dos actuais veciños.

Vostedes cren que, se a administración tivera na súa man un só documento conforme as vivendas as construíron os que se din “antigos donos de Ons” ou a administración, non terían botado fóra xa a estes veciños? Home, non cabe a menor dúbida! Case seguro, estas casas estarían xa sendo utilizadas como CASAS de VERANEO para os membros da administración.

Como Conclusión a esta 7ª parte dicir que: No intre de rematar este resumido artigo, a situación é a seguinte:

Os veciños son por dereito, os donos das vivendas que os seus antepasados construíron.

Non hai documento algún que demostre que as vivendas de Ons as construíron os antigos donos.

Non hai documento algún que demostre que pagaron unha renda ou alugueiro pola súa vivenda.

O Goberno galego non quere, politicamente, recoñecer (con respecto as vivendas) os dereitos históricos dos veciños, nin a súa propiedade (aínda que as fixeron eles), nin concederlle un Dereito de Superficie sobre o terreo que ocupan.

Os grupos da Oposición no Parlamento Galego e o Alcalde de Bueu apoian aos veciños de Ons presentando unha proposición de Lei para modificar o texto legislativo. O parlamento votou en contra.

-O concello de Bueu presenta un recurso contencioso-administrativo contra o decreto 174/2010, que regula a aplicación da lei de concesións, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Este Tribunal rechaza la posibilidad de suspender cautelarmente la aplicación del decreto 174/2010, por el que se desarrolla la Lei 5/2001 y que establece

el sistema de concesiones para las viviendas de la isla de Ons.

Varios veciños, pertencentes á Asociación Xan Xaquín, presentan unha demanda para solicitar a propiedade das súas vivendas. Perden a demanda e presentan recurso.

As dúas asociacións deciden unir as súas forzas e loitar contra o que consideran un “roubo histórico” das súas vivendas, pero, como a Lei os obriga, teñen que presentar a documentación para que lles dean a Concesión, iso si, presentando un Documento adxunto onde din que piden a Concesión por Imperativo Legal, porque o Goberno galego obrígalles.

Están estudando presentar, todos os veciños, un recurso para solicitar a Propiedade das Vivendas que eles ou os seus antepasados construíron cos seus cartos.



Piornos e casas illáns no 1975. Caño

Xa como PUNTO e FINAL, momentáneo, só queda engadir que:

Os veciños son donos das súas vivendas. Hai máis de 80 casas veciñais. A súas casas teñen un importante valor, sobre todo, sentimental. Non deben faltar cartos para loitar por algo xusto e de dereito. Por iso, co aporte dunha certa cantidade cada unha, contratando a un bo avogado e a un bo investigador, e que estes, traballando xuntos, o (investigador) pescudando nos arquivos e buscando documentación e o (avogado) buscando a mellor estratexia segundo os datos que se posúen e os documentos obtidos, non será difícil conseguir levar a bo porto o tema da Propiedade das Vivendas de Ons a favor dos veciños.

NOMES DE AVES DO SALNÉS: REVISIÓN E AMPLIACIÓN

Por: Cosme Damián Romay Cousido

┆ Meloxo, 14. CP 36980 O Grove (Galicia). E-mail: cdromay@gmail.com

Tras a publicación de *Nomes tradicionais de aves do Salnés* no número 16 de *Aunios* (Romay, 2011), detectáronse varios erros e omisións na táboa de nomes vernáculos, que veñen ser solventados no presente artigo. Modifícase tamén o deseño da devandita táboa para facer máis doada a consulta.

Fornécense, ademais, nomes novos colleitados ao longo de 2011, pasando de 705 denominacións de aves a un total de 915, sen contar os vernáculos descoñecidos. Distínguense

347 denominacións únicas, isto é, nomes distintos para a mesma especie, independentemente da pronuncia, para un total de 119 especies ou grupos (xéneros/familias) de aves. Tamén o número de localidades con datos aumenta de 20 a 27, considerando aparte os datos de Moroi, ubicados realmente no concello de Catoira, fóra da comarca do Salnés. Esta mellora na cobertura débese en boa media ao bo traballo de Emilio Martínez Sabarís (quen realizou entrevistas no Carballo e forneceu datos de Portonovo) e Encarna González Rodiño e Gustavo Ferreiro Martínez (quen obtiveron vernáculos en Dorrón).

Os pormenores do proxecto de recollida de nomes tradicionais pódense consultar no mencionado artigo de *Aunios* 16.

De novo, o autor agradece aos lectores de *Aunios* o envío de máis nomes tradicionais de aves (e doutros animais), en calquera punto da comarca do Salnés, aos enderezos: atlas@sgosgo.org e cdromay@gmail.com.




Figura 1. Puntos onde se recolleron nomes tradicionais de aves (2004-2011). 1: Carril (Vilagarcía de Arousa). 2: Castro Gudín (Vilagarcía de Arousa). 3: Vilanova (Vilanova de Arousa). 4: Baión (Vilanova de Arousa). 5: Ponte-Arnaldas (Ribadumia). 6: Santo Tomé (Cambados). 7: San Sadurniño (Cambados). 8: O Couto de Abaixo (Cambados). 9: San Vicente de Nogueira (Meis). 10: San Salvador (Meis). 11: Os Cruceiros (Meis). 12: Armenteira (Meis). 13: San Vicente (O Grove). 14: Balea (O Grove). 15: A Gandariña de Reboredo (O Grove). 16: Meloxo (O Grove). 17: Porto de Meloxo (O Grove). 18: O Grove (O Grove). 19: A Revolta (Sanxenxo). 20: O Carballo (Sanxenxo). 21: A Cachada (Sanxenxo). 22: Aios (Sanxenxo). 23: Portonovo (Sanxenxo). 24: Dorrón (Sanxenxo). 25: Dena (Mearño). 26: San Miguel de Lores (Mearño). 27: Axis (Mearño). M: Moroi (Catoira). O raiado vertical corresponde ao Parque Nacional das Illas Atlánticas (arquipélago de Cortegada), e o diagonal ao Lugar de Importancia Comunitaria "Complexo Ons-O Grove". O sombreado gris escuro corresponde aos concellos doutras comarcas. O sombreado gris pálido ao mar. Cartografía: elaboración propia a partires de SITGA (2009).




Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO

BUEU

Teléfono: 986 323 483

Figura 2. Andoriña (*Hirundo rustica*). Coñecida maioritariamente como *anduriña* no Salnés, esta especie forma parte do folclore rural galego.



Referencias

- Conde Teira, M. Á.** 1999. Nomes galegos para as aves ibéricas: lista completa e comentada. *Chioglossa* 1: 121-138. Grupo Naturalista Hábitat.
- Enríquez, M. C.** 1974. Léxico de O Grove. *Verba* 3: 1-168. Universidade de Santiago de Compostela.
- Ríos-Panisse, M. C.** 1983. Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. II. Mamíferos, aves y algas. *Verba*, anexo 19: 1-118. Universidade de Santiago de Compostela.
- Romay, C. D.** 2011. Nomes tradicionais de aves do Salnés. *Aunios* 16: 44-47. Asociación Cultural Pineiróns, O Grove.
- SITGA.** 2009. *Cartografía de Galicia*. URL: <http://sitga.xunta.es/cartografia/> [con acceso: 01/01/2012].

Táboa 1. Relación dos informantes do presente traballo.

Núm.	Localidade (concello)	Informante/fonte	Lugar de nacemento	Profesión	Década de nacemento					Notas	Núm.	Localidade (concello)	Informante/fonte	Lugar de nacemento	Profesión	Década de nacemento					Notas		
					20s	30s	40s	50s	60s							70s	20s	30s	40s	50s		60s	70s
1	Carril (Vilagarcía de Arousa)	Ríos, 1983									17	Porto de Meloxo (O Grove)	Manchibás	Porto de Meloxo	Manifeiro							xubilado	
2	Castro Gudín (Vilagarcía de Arousa)	Anónimo	Castro Gudín	Labrego								Ramón	Porto de Meloxo	Manifeiro								xubilado	
		Anónimo	Castro Gudín	Labrego								Manuel	Porto de Meloxo	Manifeiro								xubilado	
3	Vilanova (Vilanova de Arousa)	Ríos, 1983										Antonio	Porto de Meloxo	Manifeiro								xubilado	
4	Baión (Vilanova de Arousa)	Anónimo	Baión	Hostaleiro								Jose	Porto de Meloxo	Manifeiro								xubilado	
		Anónimo	Baión	Hostaleiro								Ricardo	Porto de Meloxo	Manifeiro								xubilado	
5	Ponte-Amelas (Ribadumia)	Pepe	Ponte Amelas	Mestre								Luis	Porto de Meloxo	Manifeiro								xubilado	
6	Santo Tomé (Cambados)	Mon	Santo Tomé	Mestre								Manuel	Porto de Meloxo	Manifeiro								xubilado	
		Ríos, 1983										Ramón	Porto de Meloxo	Manifeiro								xubilado	
7	San Sadurniño (Cambados)	Jesús	San Sadurniño	Manifeiro								Francisco	Porto de Meloxo	Manifeiro								xubilado	
		José	San Sadurniño	Manifeiro								Arturo	O Grove	Barbeiro								xubilado	
		Manuel	San Sadurniño	Manifeiro								Francisco Javier	O Grove	Manifeiro								xubilado	
8	O Couto de Abaixo (Cambados)	Anónimo	O Couto de Abaixo	Labrego								Francisco	O Grove	Manifeiro								xa falecido	
9	San Vicente de Nogueira (Meis)	José	San Vicente de Nogueira	Pároco								Sr. Fonteira	O Grove	Manifeiro								xubilado	
		Anónimo	San Vicente de Nogueira	Non fornecida								Francisco	O Grove	Comerciante								xa falecido	
		Anónimo	San Vicente de Nogueira	Hostaleiro								Enriquez, 1974											
10	San Salvador (Meis)	Anónimo	San Vicente de Nogueira	Non fornecida								19	A Revolta (Sanxenxo)	Angel	A Revolta	Conductor bus							
11	Oa Cruceiros (Meis)	Luis	Oa Cruceiros	Mecánico								20	O Carballo (Sanxenxo)	Casimiro	O Carballo	Labrego							xubilado
12	Armenteira (Meis)	Rosendo	Armenteira	Mecánico								21	A Cachada (Sanxenxo)	Anónimo	A Cachada	Non fornecida							xubilado
		José Manuel	Armenteira	Mestre								22	Aios (Sanxenxo)	Anónimo	Aios	Labrego							xubilado
		Rosendo	Armenteira	Mecánico									Anónimo	Aios	Labrega							xubilado	
13	San Vicente (O Grove)	Ramón	San Vicente	Manifeiro								23	Portonovo (Sanxenxo)	Emilio	Portonovo	Manifeiro							
		Enriquez, 1974											Ríos, 1983										
14	Balea (O Grove)	Paco	Balea	Informático								24	Dorrón (Sanxenxo)	Manuel	Dorrón	Non fornecida							xubilado
		Anónimo	Balea	Labrega								25	Dena (Meaño)	José	Dena	Carpinteiro							xubilado
15	A Gandarilha de Reboredo (O Grove)	Sr. Ochoa	Reboredo	Labrego								26	San Miguel de Lores (Meaño)	Anónimo	San Miguel de Lores	Albani							xubilado
16	Meloxo (O Grove)	José	Meloxo	Manifeiro								27	Axis (Meaño)	Victoriano	Axis	Hostaleiro							xubilado
		Jacobo	Meloxo	Manifeiro								M	Moroi (Catoira)	Felipe	Moroi	Manifeiro						xubilado	
		Pilar	Meloxo	Arma de casa										Genucha	Moroi	Non fornecida						xubilado	

Táboa 2. Nomes tradicionais de aves recollidos en diferentes concellos da comarca do Salnés (O Grove, Sanxenxo, Meis, Meaño, Cambados, Ribadumia, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa). Claves empregadas: **g, gu:** gheada, como o h aspirado (similar ao h inglés en *hat*) ou, no Grove e zonas veciñas, similar á j castelá en *jarrón*; **c, z:** seseo, como a letra s; **e:** e pechado; **e:** e aberto; **o:** o pechado; **o:** o aberto. VD: vernáculo descoñecido.

Núm.	Localidade (concello)	Nome galego (Conde, 1999). Entre paréntese, denominacións xenéricas non oficiais	Especie(s) / xénero(s)		Família
			Avor	Castro	
1	Carril (Vilagarcía de Arousa)	Pato			Anatidae
2	Castro Guadín (Vilagarcía de Arousa)	Pato do río			Anatidae
3	Vilanova (Vilanova de Arousa)	Pato			Anatidae
4	Bakón (Vilanova de Arousa)	Pato			Anatidae
5	Ponte-Arnedas (Ribadumia)				Anatidae
6	Santo Tomé (Cambados)	Levanco Alovenco			Anatidae
7	San Sadurniño (Cambados)	Pato Pato de mar			Anatidae
8	O Couto de Abaixo (Cambados)	Pato			Anatidae
9	San Vicente de Nogueira (Meis)	Pato mariño			Anatidae
10	San Salvador (Meis)				Anatidae
11	Os Cruceiros (Meis)				Anatidae
12	Armenteira (Meis)				Anatidae
13	San Vicente (O Grove)	VD			Anatidae
14	Baka (O Grove)				Anatidae
15	A Gandariña de Reboredo (O Grove)				Anatidae
16	Meloxo (O Grove)				Anatidae
17	Porto de Meloxo (O Grove)				Anatidae
18	O Grove (O Grove)				Anatidae
19	A Revolta (Sanxenxo)				Anatidae
20	O Carballo (Sanxenxo)				Anatidae
21	A Cachada (Sanxenxo)				Anatidae
22	Alos (Sanxenxo)				Anatidae
23	Portonovo (Sanxenxo)				Anatidae
24	Dorrón (Sanxenxo)				Anatidae
25	Dena (Meaño)				Anatidae
26	San Miguel de Lores (Meaño)				Anatidae
27	Áxis (Meaño)				Anatidae
M	Morol (Catoira)				Anatidae
Total de nomes por especie					
Total de nomes únicos (distintos) por especie					
Vernáculos descoñecidos					

(continuación)

Núm.	Localidade (concello)	Nome galego (Conde, 1999). Entre paréntese, denominacións xenéricas non oficiais	Especie(s) / xénero(s)		Família
			Avor	Castro	
1	Carril (Vilagarcía de Arousa)				Accipitridae
2	Castro Guadín (Vilagarcía de Arousa)	Gabión	Miñoto	Rapiña	Accipitridae
3	Vilanova (Vilanova de Arousa)				Accipitridae
4	Bakón (Vilanova de Arousa)				Accipitridae
5	Ponte-Arnedas (Ribadumia)				Accipitridae
6	Santo Tomé (Cambados)				Accipitridae
7	San Sadurniño (Cambados)				Accipitridae
8	O Couto de Abaixo (Cambados)				Accipitridae
9	San Vicente de Nogueira (Meis)				Accipitridae
10	San Salvador (Meis)				Accipitridae
11	Os Cruceiros (Meis)				Accipitridae
12	Armenteira (Meis)				Accipitridae
13	San Vicente (O Grove)				Accipitridae
14	Baka (O Grove)				Accipitridae
15	A Gandariña de Reboredo (O Grove)				Accipitridae
16	Meloxo (O Grove)				Accipitridae
17	Porto de Meloxo (O Grove)				Accipitridae
18	O Grove (O Grove)				Accipitridae
19	A Revolta (Sanxenxo)				Accipitridae
20	O Carballo (Sanxenxo)				Accipitridae
21	A Cachada (Sanxenxo)				Accipitridae
22	Alos (Sanxenxo)				Accipitridae
23	Portonovo (Sanxenxo)				Accipitridae
24	Dorrón (Sanxenxo)				Accipitridae
25	Dena (Meaño)				Accipitridae
26	San Miguel de Lores (Meaño)				Accipitridae
27	Áxis (Meaño)				Accipitridae
M	Morol (Catoira)				Accipitridae
Total de nomes por especie					
Total de nomes únicos (distintos) por especie					
Vernáculos descoñecidos					

Núm.	Localidade (concello)	Especie(s) / xénero(s)																			
		Mazaricos	Bilurico	Mazarico	Mazarico	Mazarico	Mazarico	Mazarico	Mazarico	Mazarico	Mazarico	Mazarico	Mazarico	Mazarico	Mazarico	Mazarico	Mazarico				
1	Carril (Vilagarcía de Arousa)																				
2	Castro Gudiñ (Vilagarcía de Arousa)																				
3	Vilanova (Vilanova de Arousa)																				
4	Baión (Vilanova de Arousa)																				
5	Ponte-Arnelas (Ribadumia)																				
6	Santo Tomé (Cambados)																				
7	San Sadurniño (Cambados)																				
8	O Couto de Abaixo (Cambados)																				
9	San Vicente de Nogueira (Meis)																				
10	San Salvador (Meis)																				
11	Os Cruceiros (Meis)																				
12	Arzenteira (Meis)																				
13	San Vicente (O Grove)																				
14	Balea (O Grove)																				
15	A Gandariña de Reboledo (O Grove)																				
16	Meloxo (O Grove)																				
17	Porto de Meloxo (O Grove)																				
18	O Grove (O Grove)																				
19	A Revolta (Sanxenxo)																				
20	O Carballo (Sanxenxo)																				
21	A Cachada (Sanxenxo)																				
22	Aino (Sanxenxo)																				
23	Portonovo (Sanxenxo)																				
24	Dorrón (Sanxenxo)																				
25	Dena (Meaño)																				
26	San Miguel de Lores (Meaño)																				
27	Asis (Meaño)																				
M	Moroi (Catoira)																				
Total de nomes por especie		1	6	6	5	8	9	8	14	4	3	11	1	3	22	3	11	18	2	15	12
Total de nomes únicos (distintos) por especie		1	2	3	2	3	7	1	3	2	3	5	1	3	8	3	7	3	2	2	4
Vernáculos descoñecidos		0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

(continuación)

Núm.	Localidade (concello)	Especie(s) / xénero(s)																				
		Moucho	Avellana	(Rapinas nocturnas)	Arzenteira	(Cintras)	Picapeixe	Bubela	Peto verde	Peto real	(Petros)	Coluvia pequena	Laverca	(Lavercas)	Anduriña	Anduriña de ou branco	(Andurinas)	Pico das prabos	Lavandeira amarela	Lavandeira real	Lavandeira branca	
1	Carril (Vilagarcía de Arousa)																					
2	Castro Gudiñ (Vilagarcía de Arousa)																					
3	Vilanova (Vilanova de Arousa)																					
4	Baión (Vilanova de Arousa)																					
5	Ponte-Arnelas (Ribadumia)																					
6	Santo Tomé (Cambados)																					
7	San Sadurniño (Cambados)																					
8	O Couto de Abaixo (Cambados)																					
9	San Vicente de Nogueira (Meis)																					
10	San Salvador (Meis)																					
11	Os Cruceiros (Meis)																					
12	Arzenteira (Meis)																					
13	San Vicente (O Grove)																					
14	Balea (O Grove)																					
15	A Gandariña de Reboledo (O Grove)																					
16	Meloxo (O Grove)																					
17	Porto de Meloxo (O Grove)																					
18	O Grove (O Grove)																					
19	A Revolta (Sanxenxo)																					
20	O Carballo (Sanxenxo)																					
21	A Cachada (Sanxenxo)																					
22	Aino (Sanxenxo)																					
23	Portonovo (Sanxenxo)																					
24	Dorrón (Sanxenxo)																					
25	Dena (Meaño)																					
26	San Miguel de Lores (Meaño)																					
27	Asis (Meaño)																					
M	Moroi (Catoira)																					
Total de nomes por especie		9	5	9	0	4	5	25	3	6	2	15	1	10	4	15	2	6	0	1	4	21
Total de nomes únicos (distintos) por especie		2	2	5	0	4	5	3	3	1	3	3	1	3	2	3	2	4	0	1	2	7
Vernáculos descoñecidos		0	1	0	2	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	1

O CONFLICTO DA TRAIÑA NAS RÍAS BAIXAS DE GALICIA: 1887 - 1902

Por: Jesús Emilio Ferrer Jaureguizar

No ano 1886 chegan Á Coruña, procedentes do Cantábrico, as embarcacións denominadas *traineras* que en Galicia se denominarán traíñas, igual que a arte de pesca co que facían uso. Dous anos máis tarde, 1897, chegan ás Rías Baixas, sobre todo á de Vigo, auspiciadas polos conserveiros e salgazoneiros da cidade.

Dende uns anos antes o aumento da demanda de sardiña presiona sobre as artes extractivas da pesca tradicional que non son capaces de surtir ás industrias da época¹. Aproveitando esta situación aparecen nas nosas costas traíñas, procedentes do Cantábrico, con mariñeiría e patróns foráneos utilizando unha nova arte de cerco, a **traíña**, que compite de maneira desigual coa tradicional arte de enmalle dos portos das rías, o **xeito**. A partir dese momento o conflito estaba servido.

Recordemos que anos atrás e por motivos semellantes xa houbera un conflito similar pola arte de pesca do arrastre introducido por algúns salgazoneiros cataláns, denominado **xávega**.

A voz de alarma dáa o deputado Eduardo Gasset nun artigo publicado no periódico El Imparcial de Madrid, o día 28 de outubro de 1897, remitido dende Pontevedra, no que escribe, entre outras frases, as seguintes: "*aquí se está planteando un problema que, a pesar de ser ahí desconocido, decide el sustento de más de 40.000 españoles*". *Hasta ahora no han parado de exponer sus razones los dos bandos, que son de una parte los fabricantes de conserva y los pescadores ricos, y de otra los marineros de las rías de Galicia*". Pasa logo a describir as razón dos fabricantes (a maior captura de sardiña implicaría a creación de novas fábricas e maior emprego) e as razóns dos pescadores (deben prohibirse por devastar a pesca, o que supón a súa ruína). A continuación describe con detalle os dous aparellos e acaba co seguinte parágrafo: "*Seamos francos y menos egoístas y confesemos que con las traíñas se desea conseguir que tan solo tenga cuenta pescar a los ricos*". Este

¹ Jesús Giráldez Rivera. "Conservacionismo o conservadurismo en la pesca gallega de comienzos del s.XX".

artigo en primeira páxina dun periódico de prestixio madrileño competindo con noticias como guerras coloniais e outras de igual calado fai que, no prazo de dous meses, o resto da prensa da capital se faga eco da noticia. Ten o mérito de ser a primeira noticia que reflicte a existencia xa de dous bandos en conflito.

A falta de poder acceder a periódicos galegos da época, a partir de agora todas as referencias estarán tomadas dos periódicos madrileños dixitalizados na Hemeroteca Nacional. Debo facer un resumo, polo que resaltarei as noticias máis importantes, ao meu modo de ver.

Traíña en Redondela. Roberto Gil Moure.



Así a revista EL MUNDO NAVAL ILUSTRADO, o día 1 de decembro de 1897 publica un artigo asinado por H. Souto, Tenente de Navío, titulado "*La Traíña y el Trabuquete*" expón, entre outras explicacións, que: "*la traíña debe permitirse con la sola limitación de que pesquen en fondo bastante para que nunca arrastren*". Recordemos que os xeiteiros aducían que o arrastre prexudicaba os fondos e mataba as crías de sardiña.

O 22 de decembro de 1897, EL LIBERAL, publica:

Contra las traíñas.- Embarcación quemada.-Al ministro de Marina .

"*Villagarcía 21(3.18 t). El corresponsal de Puebla del Caramiñal me dice que el domingo llegó a aquel puerto una embarcación de pesca con el aparejo conocido por traíña. Enteradas de ello las mujeres del pueblo hicieron desem-*

barcar a los tripulantes, echaron los aparejos a tierra, los rociaron con petróleo y le prendieron fuego. Igual suerte corrió la embarcación. Los restos de ésta fueron arrastrados por las calles. Las autoridades resultaron impotentes para contener la excitación del pueblo..."

O 27 de decembro de 1897, LA IBERIA, expón:
UNA MANIFESTACION

"En Redondela se ha verificado una manifestación pacífica. Más de 3.000 (tres mil) personas recorren la calles en son de protesta por el uso de las traíñas en aquellas rías. Los manifestantes lleva banderas y con los lemas ¡Abajo las traíñas! ¡Viva la marinería!. Se han dado muchos vivas a la prensa en general, y al periódico local El Pueblo, en particular".

Nos días seguintes outros periódicos como La Iberia, La Correspondencia de España, La Epoca, El Liberal e incluso o Diario Oficial de Avisos de Madrid, refírense a esta manifestación de Redondela e a resaca informativa chega ata fin de ano.

O 1898 é parco en noticias sobre o conflito , pero as que aparecen no deixan de ser interesantes.

O día 5 de xaneiro de 1898, EL LIBERAL, titula un artigo:

Nuevos desmanes.-Edificio asaltado.- Excitación de los pescadores.

"Redondela 3 (1-6 t). La prensa regional sigue dando cuenta de manifestaciones realizadas en otros puertos contra el uso de la traíña".

Di tamén que: *"500 pescadores del Grove , armados de navajas, pistolas y palos, asaltaron los almacenes de los catalanes conservadores, intimándoles a que abriesen sus puertas, sospechando hubiese dentro redes de traíñas. Los catalanes se negaron, y entonces los pescadores, echando abajo las puertas y penetrando en el edificio, rompieron un aparejo de boliche, creyendo en su obcecación que era de traíña. Según la citada prensa los ánimos están excitadísimos".*

O día 31 de agosto de 1898 el diario EL GLOBO, di así:

LA TRAIÑA.CONFLICTO EN PUERTA.

"De Vigo ha salido para Muros la cañonera "Diamante", por temerse que ocurra allí alteración en el orden público a causa de la pesca de la traíña".

E, segue a continuación, expoñendo as penas dos "pobres pescadores" e que "los mismos salazoneros y fabricantes sufrirán la ley del Talión".

No ano 1899, non reproduce ningunha noticia referida á traíña que os periódicos de Madrid teñan en consideración, non así o ano 1900.

Así o 26 de abril, LA ÉPOCA, notifica:

"Pontevedra. Los pescadores de la provincia han celebrado en Marín una reunión en la que acordaron protestar contra el aparejo llamado traíña. Se nombró una comisión que viniese a esta Corte a presentar una exposición a S.M. la Reina y a recabar el concurso de algunos hombres públicos".

O 10 de abril, en MUNDO NAVAL ILUSTRADO:
"Pesca con traíña.- Por el Ministerio de Marina ha sido desestimada la instancia que elevaron a aquel centro los marineros del Son , solicitando que quedara prohibida la pesca con traíña en las Rías Bajas de Galicia, especialmente en las de Muros, Arosa, Pontevedra y Vigo. El Sr. Silvela dispuso, además, que sean rechazadas todas las peticiones en igual sentido".

A partir desta data, o periódico EL IMPARCIAL implícase de maneira clara a favor dos mariñeiros e en contra da traíña e, como é o que me procura maior información, será o que siga máis neste percorrido informativo.

LA ÉPOCA, 8 de junio de 1900.

"Una Comisión de los pescadores de las rías bajas de Galicia ha visitado a los Sres. Montero Ríos, Villegas y Vicenti..."

EL IMPARCIAL, 9 de xuño de 1900.

LA PESCA EN GALICIA. Problema importante.

"el cebo que utilizan para la pesca por traíña consiste en una sustancia de olor nauseabundo, compuesta de la hueva de bacalao con agrega-

dos de cal viva, salvado y otras materias que fermentan al contacto del agua de mar..." "Si la pesca así obtenida no se somete pronto a las operaciones, se descompone y perjudica la salud si se destina al consumo..."

EL CORREO MILITAR, 9 de xuño de 1900.

"El Sr. Gasset ha manifestado que está dispuesto a acceder a los deseos de los pescadores gallegos prohibiendo la pesca de la traíña."

Traíña no peirao. Roberto Gil Moure.



Ambos bandos seguen con cruces de comunicados teoricamente científicos ou ben de adhesións (Cámara de Comercio de **Vilagarcía**, Federación de traballadores e obreiros de **Vigo**, etc.) e manifestacións de asociacións de mariñeiros (**Bueu**, **Vilaxoan**, **Riveira**, **Marín**, e incluso, **Vigo**), por un lado, e da Cámara de Comercio de **Vigo** e fabricantes de conservas polo outro; mentres a Comisión seguía en Madrid intentado conseguir a prohibición... incluso con axuda divina.

EL IMPARCIAL, 25 de xuño de 1900.

"Puerto del Son. Los curas párrocos que suscriben, interesándose en la paz, tranquilidad y bienestar de sus feligreses, ruegan a ese importante periódico apoye la solicitud de la comisión de pescadores que gestiona la prohi-

bición de la funesta y perturbadora traíña. -El párroco de **Son**, Francisco García. - El párroco de **Queiruga**, Cristobal Martínez. - El cura de **Caamaño**, Ramón Dieste. - El regente de **Varonna** (Baroña), Manuel Costa. -El cura de **Sunó** (Xuño), Cándido Perez Noal. -El cura de **Muros**, Francisco Castromán".

EL IMPARCIAL, 30 de xuño de 1900.

UNA CARTA INTERESANTE. Sr. Director de *El Imparcial*.

"Las asociaciones de marineros de la Puebla, Riveira (sí, con uve), Son, Esteiro, Freijo, Villajuan, Marín, Aldán, Cangas, Bueu, San Tomé do Piñeiro, Bayona y La Guardia, son muy dignas de respeto..." "Los fabricantes de ese litoral son opuestos al sistema de pesca por traíña..." " y no cierran sus fábricas como amenazan los de Vigo...", "...y aun pecando de prolijos, advertiremos que la zona comprendida desde Finisterre a Muros estuvo representada por el señor general Amerelle; Muros, Pindo, Freijo y Esteiro por el Sr. Montero Villegas; Portosin, Son, ..., Corrubedo, Couso, Aguiño, Castro, Carreira, Martín, Ameijida, Fontán, Castiñeiras, Riveira, Arosa, Insuela, Palmeira, Jobre, Puebla, Escarabote, Boiro, Cabo Cruz, Chazo y Abanqueiro por el Sr. Gasset; Beluso, Taragoña, Rianjo, etc, por el Sr. Ortega Munilla; desde Carril a Sanjenjo, comprendiendo Villagarcía, Villajuan, Vilaboa, Arosa, Villanueva, Cambados, Grove, San Vicente y otros por el Sr. González Besada (adherido a los acuerdos), desde Sanjenjo a Cangas, incluyendo Poyo, Pontevedra, Marín, Bueu, Aldán, San Tomé de Piñeiro, Cangas y otros puntos el Sr. Vicenti; Redondela representada por el Sr. De Federico, y La Guardia por el Sr. Ordóñez..." " Para

AGRADECIMIENTO Á:



XUNTA DE GALICIA

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN
DO PLAN XACOBEO

terminar : El Fomento del Trabajo Nacional de Barcelona está a nuestro lado...".

*Luis L. Santos Hermo.
(POR TELÉGRAFO)*

Pontevedra 28 (4 tarde). Manifestación popular.

Sr. Director de El Imparcial:

"Representantes de las sociedades de marineros de todos los puertos de la rías bajas gallegas desde Finisterre a la Guardia, reunidos en numero de DOS MIL, en manifestación pacífica, acaban de visitar al gobernador civil, a la diputación provincial, alcalde y a los diputados en cortes que aquí se hallan, señores Gasset (D. Eduardo), González Besada y Mon y al señor marqués de Riestra, pidiendo el apoyo de todos para conseguir del gobierno la supresión de las traíñas. Nos han acompañado en la manifestación obreros de Marín y Bueu. Renovamos nuestra súplica y pedimos justicia. Por los presidentes de las sociedades unidas, Ramón Lojo, secretario".

EL IMPARCIAL, 7 de outubro de 1900.

(POR TELEGRAFO) Vigo (5,20 tarde). Nuevas colisiones. -Insultos a un ayudante de marina. -Más heridos. -Botes destrozados. -La guerra civil en la ría. -Grave situación.

"Vemos que los enfrentamiento a lo largo de las rías bajas continúan, pese a que las traíñas sólo están autorizadas a pescar fuera de ellas los xeiteiros las acusan de hacerlo dentro de ellas. En medio de todas estas escaramuzas con palizas, pedradas, tiros y demás, entre unos y otros, la armada intenta mantener el orden en el mar con varias cañoneras y en tierra, mientras tanto, se encarga la guardia civil y los carabineros".

EL IMPARCIAL, 23 de setembro de 1901.

MOTÍN EN VILLAJUAN. POR TELÉGRAFO. EL CONFLICTO SE AGRAVA.

"Pontevedra 21 (10 noche). Serios disturbios. - Bombas de dinamita contra los traineros. - Un guardia civil herido. -Lucha a balazos. -18 pescadores heridos".

Días máis tarde a ira aplácase, momentaneamente, aínda que xa os mariñeiros de O Grove e Cambados ameazaran con comparecer en Vilaxoán para solidarizarse cos seus poboadores e o goberno, pola súa parte, envía ao torpedeiro "Audaz" a vixiar a ría e os xeiteiros convocan unha manifestación en Vigo con 4.000 lanchas que non se chega a realizar debido ao mal tempo. En outubro visita as rías o ministro de Mariña, duque de Veragua, como fixera meses atrás El-Rei Alfonso XIII (no iate "Giralda" de paso para Santander, o seu lugar de veraneo). Con motivo da visita do ministro concéntranse en Vigo 800 lanchas xeiteiras que colisionan con traíñeiros e volven a aparecer os tiros. Pola súa parte os traíñeiros crécese e o 15 de Outubro realizan un meeting. Agora coñeceremos ao outro bando en liza.

EL IMPARCIAL, 16 de outubro de 1901.

"EN VIGO. Vigo 15 (2 tarde). Excitación de los traineros. -Una proclama. -"firman esta hoja D. Eduardo Iglesias, diputado provincial y representante en Vigo de la política del Sr. Urzáiz; D. Fernando Conde, concejal; D. Benigno Barreras y D. José Curbera, fabricantes de conservas."

Meeting de los traineros.

"En el teatro Rosalía de Castro. "Ocuparon la mesa los presidentes de la Cámara de Comercio, Liga Marítima y Fomento del Trabajo, y representantes de los conserveros y salazoneros. Hablan entre otros D. Eduardo Iglesias... D. José Ramón Curbera... pide la palabra el zapatero Antonio Rodríguez..."

Ao final foron aprobadas, resumindo, as seguintes conclusións: Protesta contra as restricións dos límites de pesca. Reclamación de xustiza. Ofrecemento de solucións que non foran aceptadas. Abstención de mercar sardiña mentres non varíen as circunstancias e, por último, invítase aos demais establecementos a que pechen en sinal de desgusto.

Rematado o mitin organizouse unha manifestación á que concorren unhas 3000 persoas. Seguen os enfrontamentos no mar e nos portos. Así, no Berbés tíranse as sardiñas dos xeiteiros e noutros portos as sardiñas sospeitosas de proceder das traíñas, aínda que sexan transportadas en galeóns. Mentres todo isto

sucedía pola disputa da traíña, en Bouzas os mariñeiros dos vapores de pesca enfrontábanse aos armadores con apedramentos e demais.

Comeza o ano 1902 con incidentes como o apresamento, en xaneiro, de once traíneiras por pescar dentro dos límites e frecuentes colisións (EL IMPARCIAL 19 de xaneiro de 1902) e ata setembro non se produce outra noticia na prensa de Madrid. “*Colisión entre 10 galeones y 300 barcas*” (26 de setembro de 1902):

“*COLISIONES. SITUACIÓN GRAVÍSIMA.*

“como resultado de la persecución de un galeón por xei-teiros de Riveira que le obligan a refugiarse en Palmeira y allí la población intenta echarlo a pique, salvándose por la intervención de la guardia civil.”.

Aparecen tamén un par de artigos máis

senalando as reunións duns e outros reclamando límites de pesca, cada un ao seu favor, xa que o 6 de outubro de 1902, unha real orden, publicada no boletín nº 109 do mesmo ano, marca os límites de pesca para as traíñas.

Como podemos apreciar polas informacións de diversas fontes, o conflito da traíña é un enfrontamento de orixe económico pola incapacidade dos xeiteiros da Rías Baixas de acceder ás novas embarcacións e artes de pesca, demasiado caras para eles e a burguesía industrial de Vigo, sobre todo, nese momento con visión de futuro e reservas de capital suficientes para enfrontarse ás demandas do mercado. O enfrontamento tamén é político se temos en conta as diferentes militancias dos deputados a cortes que se encaran. Vemos, tamén, que co tempo as friccións diminúen debido, con algunha probabilidade, ao acceso das novas xeracións de pescadores ás embarcacións tipo traíñas e, o máis probable, á irrupción das embarcacións de vapor e combustión cos seus grandes aparellos de arrastre e cerco que fan desaparecer paulatinamente ás embarcacións propulsadas a remo e a

vela. Como antecedentes deste conflito xa existiran outros como a xávega – xeito e facía só dezaseis anos o boliche – xeito.

Temos que ter en conta o rendemento familiar das embarcacións xeiteiras que con dous ou tres tripulantes da mesma familia podían acceder ao mercado próximo e, sen embargo, unha traíña necesitaba de trece ou catorce tripulantes para a súa posta en funcionamento. O historiador Jesús Giráldez, no traballo citado, dinos que unha traíña pescaba 50 millares de sardiñas por xornada, mentres unha barca xeiteira só

7 millares. De facer caso a estas cifras, a balanza inclinaríase polo xeito en canto a rendemento / tripulante, por capturas. Sen embargo, os pescadores do xeito non poderían acceder aos bancos de sardiña do exterior das rías, debido á menor esloira das súas embarcacións e pola menor velocidade das mesmas, sen mencio-

nar o estado do mar.

A partir de outubro de 1902 deixan de aparecer, na prensa de Madrid, noticias referentes ao conflito.

Sen saír do tema, engadimos una interesante “receita” feita por un Xeiteiro de O Grove e que foi publicada no libro: “*Pontevedra 1898. Sociedade, arte e cultura*”. No apartado dedicado a “Pontevedra fin de século” he escrito por: María Jesús Fortes Alén e Cristina Echave Durán.

Na páxina 51, din: “Os mariñeiros dos distintos portos da provincia han de se enfrontar á ameaza da implantación das traíñas como sistema de pesca da sardiña. Da Moureira e doutros portos pesqueiros levántanse voces de protesta pedindo a prohibición da dita arte... O Deputado en Cortes Vincenti será o encargado de eleva-las queixas e propostas ó Ministerio de Marina, pero haberá que agadar ó ano 1900 para que se tome una resolución definitiva nesta cuestión” Acompaña a este parágrafo a <Receita contra as Traíñas> (páx52) que poñemos a continuación.



RECETA CONTRA AS TRAIÑAS, por un xeiteiro do Grove

Xeiteiros das Rías baixas,
nobres é honrados xeiteiros,
si queredes coñecer
un muy barato remedio,
contra esas boas lacazás
que se chaman *traíñeiros*,
que queran a conta vosa
hencher de cartos o peto,
aunque xa os condanadiños,
están podres de diñeiro,
por chaparvos o sudore,
e quitarvos o pelexo,
vouvos a dar á receta
mais boa do mundo enteiro,
pra que de unha vez se amoquen
esa chusma de larpeiros,
que aínda parez que lle andan
furgando no rabo ó demo.

E xa que xuntos estades,
amigos e compañeiros,
de Cangas, Aldan é Bueu,
Loira, Marin é Sanxerxo,
Palmeira, Boiro, Rianxo,
Redondela, Grove, Esteiro,
Chapela, Raxó, Bayona,
Pontevedra, y outros puertos
como La Guardia, Panxón,
é moitos mais que me lembro,
como Villaxán, Mosña,
e tantos que non son menos,
Caramiñal, Finisterre,
Escarabote, e mais cento,
que a fellas que, por ser tantos
non me caben no tinteiro,
terra toda de valentes
e de honrados mariñeiros,
que vides agasallar
con cariño verdadeiro,
á Reina millor do mundo,
e mais ó Rey pequerrecho,
á quen garde Dios cen anos
de felicidades cheos;
oíde, pois, amiguíños,
meus queridos compañeiros,
oíde á miña *receta*,
que así me leven os demos,
si che hai outra mais bonita
nin que chege á custar m. m. m.

Dimpois que a os nosos Monarcas
lles faga dos os festexos,
e tornedes pra a casilla,
collede cada xeiteiro,
un pau de toxo ou carballo,
e untadiño ben de sibo,
e presto logo no lume
pra que se poña ben seco,
dádelle unha boa man
de unto de boi bermello,
ou de carneiro vir-lo,
que dis que ton moito mérito
para *meigas e caciques*
e toda crás de larpeiros.

Ista pau así arrogra lo,
ben compostiño o ben feito
meté-lo entre as *pruelas*,
e cando sallais ós *xeitos*,
e vexades que anda cerca

un demo de un *traíñeiro*,
collede este po-la gorxa
e por baixo do chaleco,
sacade o pau a modiño,
y en menos que canta un orego,
pasádello vinte veces,
con suavidade e con tento,
por debaixo dos cadrires,
por enriba e po-lo medio,
y aínda que me trague o pulpo,
-- si o traballo foi ben feito, --
non se queda o lampantín
mais brandiño que un *curulo*,
mais triste que un *ollomol*,
e mais parvo que un *cangrexo*.

Por supuesto, que as *freguiñas*,
pra que valla este *remedio*,
aunque feitas á modiño,
han de ser rante o pelexo,
y aínda, si poidese ser,
han de darse contra pelo.

Si o paciente se queixase
e comenzase á dar berros,
porque lle fixesen cóxegas
ó darlle as fregas os médicos,
pódeselle untar o coiro
con un pouquiño do *cebo*
que se enprean nas *traíñas*,
que dis que ten moy bon choiro,
para darlle forza e ámos;
dimpois, con zapato vello,
fáizelle á señal da cruz
sobre ó mesmo asentadeiro,
pra que as *meigas* non lle entren,
e non o leven os demos.

¿Que aínda berra o cundanado?
pois entoncas, compañeiros,
deixádeo que berra, á ver
si ven o *Nuncio á valelo*,
que si non ven, é señal
de que foi bon o remedio,
e xáncras nunca me leve,
si volve mais ó larpeiro
á falar mais d'as *traíñas*
nin coller ist' aparexo,
conque andaban amocando
a os probes d'os mariñeiros.

Conque, ¿que os pareceo, amigos?
¿non vos gusta o meu invento?
Pois xuro que non hay outro
mais bonito e barateiro.

Xa o sabedes: pau de toxo,
ou de carballo ben seco,
que todo o damais soa contos
para andar perdendo ó tempo.
¿Queredes que as *traíñas* morran?
empregade iste remedio,
que fai días atopéi
leendo n-un libro vallo.
Ala con él, camaradas,
que en menos de mas o medio,
non queda nin pra contalo,
un demo d'un *traíñeiro*.

Y-o dito, dito. A *receta*
sólo custa un *cin pequeno*.

O Grove, Agosto de 1900.

ÁNCORAS DE PEDRA NAS COSTAS GALEGAS (I).

Por: Ramón Patiño Gómez

Grupo de Arqueoloxía "A. García Alén"

A navegación deber ser considerada como tal coa aparición de embarcacións construídas con madeira, que permitiron a realización de travesías marítimas de exploración e comercio.

Un dos artefactos necesarios en toda embarcación é a áncora, un utensilio que permite manter retida unha nave sobre a auga, soportando os embates das ondas e o vento contra a súa estrutura.

As primeiras áncoras eran simples pedras, de forma máis ou menos definida, que se suxeitaban á embarcación mediante cabos fabricados con fibras vexetais. Como instrumento de uso cotián sufriu unha clara evolución. Primeiro foron pedras que exercían o seu papel en función do seu peso, logo foron adaptándoas para que realizasen mellor o seu traballo de retención e fosen máis doados de manexar.

Ás simples pedras fóronselle engadindo elementos de madeira. Iso contribuíu a unha redución no peso e no tamaño da áncora. Os elementos engadidos, de madeira, eran os que exercían a función de amarre dunha forma mecánica e non por gravidade ou peso. A pedra compórtase como un lastre que provoca que as pezas de madeira realicen o agarre. Entón da simple pedra cun burato, e cun peso elevado, pásase a pedras que engaden máis buratos onde

fixar as pezas de madeira. Xorden así as áncoras de dous e tres buratos. Un segue sendo destinado ao cabo e os outros ás pezas que ofrecen o amarre.

As dun burato presentan variadas formas: redondas, cadradas, trapezoidais, etc. Das de dous buratos constátanse dúas formas xeométricas básicas: Triangular ou trapezoidal, e rectangular ou ovalada. As de tres buratos adoitan ser triangulares.

A elaboración dunha áncora implica un considerable esforzo e tempo. Primeiro habería que seleccionar a peza pétreo e logo realizar nela os buratos necesarios. En moitos casos a súa fabricación non se cinguía só a estes pasos, senón que se completaba cun pulido da superficie, o que lle daba a esta un rematado estético e vistoso, con formas redondeadas, sen arestas.


Nalgunhas delas aparecen gravados, que correspondían a signos de propiedade, como cruciformes ou letras.

O seu funcionamento era bastante simple. Botábanse á auga, e o seu peso e forma facían que caese sobre o fondo mariño paralela a este. Arrastrábase por el, ata que a estaca de madeira se cravaba no substrato. No caso dun fondo de area, por efecto do tiro do cabo, enterrábase, e en rocha ou cascallo deslizábase ata que a peza de madeira se enganchara nas pedras do fondo.

A áncora de dous ou tres buratos, en oposición ás dun burato, utilizaríase principalmente para realizar as manobras de varado das embarcacións, máis que para o fondeo. Por popa botábase a áncora e a embarcación suxeitábase por proa a terra, conseguindo manter o navío en posición perpendicular á zona de varada, impedindo que a ondada deitase a nave na praia. Manobra esta que parece quedar de manifesto en descrições antigas: "*desembarcaron tamén a pequena pedra de ancoraxe, e colleron outra que era apropiada de peso*".

Tal utilización non impide que en remansadas augas puidesen utilizarse para o fondeo en augas libres.

A zona do NW peninsular era unha zona de promisión, rica en ouro, prata, chumbo e estaño, frecuentada dende moi antigo por gregos, fenicios e cartaxineses, probablemente xa dende o século X a.C



Formas básicas y como funcionaban

COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
BUEU



Ata o cambio de Era, o comercio coas Cassitérides, illas do estaño, foi controlado polos navegantes fenicios e púnicos, probablemente dende a fundación de Cádiz. Estes encargáronse de propagar todo tipo de historias, desalentadoras, sobre o Océano Atlántico e os monstros que nel habitaban. Todo para impedir que outros pobos do Mediterráneo frecuentasen estas costas.

O navegante cartaxinés Himilcon foi un dos primeiros en referirse á navegación ata estas terras. Do seu Periplo é de onde recolleu información o historiador romano Rufo Festo Avieno (século IV a.C) para a súa obra "Ora Marítima". Nela refire:

115 Tamén os habitantes de Cartago e a xente que se move entre as columnas de Hércules percorría estes mares. O cartaxinés Himilcon asegura poder contar, xa que el mesmo o probou, que para esta navegación apenas chegan catro meses.

125 engádesse tamén a isto que moitas algas flotan entre as ondas e que unha e outra vez montóns delas reteñen o barco. Conta tamén este que a profundidade do mar non é moita e moi pouca cantidade de auga cobre o fondo. Que as feras do mar aparecen aquí e alá, que as naves van navegando lentas e inesperadamente lánguidas entre os monstros.

Nos primeiros tratados, entre os pobos mediterráneos, establécese a exclusividade do comercio polo occidente a cargo dos cartaxineses, o que se mantivo ata a conquista da Gallaecia polos romanos.

É coñecida de sobra a historia do navegante gaditano que afundiú a súa embarcación ao verse seguido, facendo que os perseguidores naufragasen. Os seus compatriotas compensaron xenerosamente este sacrificio.

Dise que o primeiro navegante por esta zona foi o grego Meidakritos (Midacritus), que levou estaño dende a

insula cassiteride. Tras o monopolio fenicio-púnico foi o romano Poplios Crasos, o que rexistrou os rumbos, que logo utilizaron os seus compatriotas, e avaliou o espesor dos filóns minerais e o carácter pacífico dos habitantes destas rexións.




Ría de Aldán - Cabo Udra - Bueu. Pescadoira, nº 44

As rutas cara ás zonas do océano setentrional son citadas por Diodoro, Strabon, Plinio, Mela e Ptolomeo. Fálase de illas onde se obtiña o estaño (chumbo branco) en filóns a flor de terra.

Arqueoloxicamente, estas viaxes quedarían confirmadas coa aparición, en poboados da cultura castrexa, de produtos do sur da península ibérica e doutros netamente mediterráneos, como as contas de pasta vítrea, as ánforas e a cerámica común fenicia, ademais de elementos relixiosos de tradición púnica como os cipos. A súa aparición só se explicaría coa existencia de vías marítimas non ocasionais.

A presenza de embarcacións, que realizaban estas rutas comerciais, tamén se vería confirmada pola representación de naves nalgúns gravados rupestres da Idade do Bronce, como as tres gravadas en rochas da zona de Santa María de Oia.



Ría de Aldán - Cabo Udra - Bueu. Cons de Arcade, nº 9

A navegación antiga polo atlántico era unha aventura arriscada pola forza do océano, con grandes ondas e fortes ventos. Con barcos de entre oito e quince metros, de carácter mixto, a vela e a remos, de capacidade limitada pero de doado goberno, e con escaso calado, facíanse difíciles as expedicións, tamén pola limitada naveabilidade das embarcacións utilizadas, e só se podían realizar estas en certas épocas do ano. Ás máis idóneas denominábanas "mare apertum" e correspondería ao outono e a primavera, períodos nos que os ventos e as correntes ofrecían menos dificultades á navegación cara ao Norte dende o Golfo de Cádiz. Non obstante só se realizaban

estas rutas en travesías curtas, sempre con terra á vista, e aproveitando as brisas costeiras e mariñas.

Logo de sufrir a oposición do Océano, os mercadores deberían fondear en zonas seguras, enseadas e desembocaduras de ríos, e poñerse en contacto cos pobos indíxenas que as ocupaban. O historiador Herodoto relátanos a forma de realizar o troco de produtos entre mercadores e indíxenas: *“despois de deixar os seus produtos na praia, volvían aos barcos e producían unha fumareda. Os nativos, entón, poñían ouro xunto ás cousas púnicas, como prezo do troco, e despois retirábanse a distancia. O ir e vir continuaba ata que os púnicos quedaban satisfeitos. Ningunha das partes estafa a outra. Os púnicos non tocan o ouro ata que están conformes”*.

Localizáronse áncoras de pedra, semellantes ás encontradas en Galicia, ao longo das costas mediterráneas: Líbano, Turquía, Exipto, Libia, Túnez, Sicilia, Italia, Francia, costa mediterránea española, costa atlántica española, e o Algarve.

Na actualidade estase a realizar a catalogación de todas as pezas coñecidas, no marco das rías galegas. Ata o momento rexistráronse máis dun centenar, a maioría inéditas. As primeiras pezas documentáronse nos anos oitenta, froito da súa localización por parte de mergulladores deportivos.

A illa de Ons, como as outras illas da costa galega, non é allea á aparición de áncoras de pedra. Téñense referencias da súa existencia fronte á praia de Curro e noutros lugares da costa interior da illa. Todas as pezas localizadas en augas de Ons, fórono cando a limpeza da vertedura do Prestige no 2002-2003. Mais documentadas están as encontradas na ría de Aldán, en Cabo Udra e en Bueu.

Son pezas dun, dous e tres buratos, cunhas dimensións entre 45 e 75 centímetros de alto e un peso entre 10 e 60 Kg.

Os buratos son circulares, ovalados, rectangulares e cadrados.

Ademais das mostradas na lámina que se achega, existen referencias dalgunhas áncoras na enseada de Ancora-doiro, e en Cabo Udra, que serán proximamente fotografadas. As documentadas graficamente están depositadas no Museo de Pontevedra (1,2,3,4,5), no Museo Massó (12), en Barcos do Norte (9) e na Asociación Os Galos de Bueu (13,14,15,16); as restantes mantéñense no lugar da súa localización.


A súa cronoloxía non está clara. Só podemos afirmar que son anteriores á ocupación romana, o que non implica que con posterioridade fosen imitadas polos castrexos. Pero recordemos que estes non posuían embarcacións do tipo que necesitarían uns artefactos como os descritos. Segundo os historiadores romanos: *“antes da expedición de Brutus, non tiñan máis que barcos de coiro para navegar polos esteiros e lagoas do país; pero hoxe usan xa barcos feitos dun madeiro de árbore”*.

É, polo tanto, clara a súa adscripción cronolóxica a épocas prerromanas.

Os romanos utilizaban unha áncora característica de madeira con cepo de chumbo, sendo este o modelo que precede ao das áncoras de ferro, que imitan as formas anteriores e crean novas, como as de catro uñas. É lóxico pensar que as áncoras de pedra fosen

anteriores ás romanas con chumbo.

Nos últimos anos encontráronse pezas análogas dun, dous e tres buratos nas costas cántabras e nas do País Vasco, abundando as dun ou tres buratos. Pola contra, as de dous buratos escasean, mentres que son a gran maioría das catalogadas nas costas galegas.



E NINGUÉN PODERÁ APAGAR O LUME DAS VOSAS CASAS

EN MEMORIA DE CAMILO, O FILLO DO FAREIRO DE ONS

Por: Carlos Moreira García

Observar a illa de Fuerteventura evoca un comportamento compensado no que a explotación de recursos se refire por parte dos seus poboadores. Todo ou case todo permanece inalterábel co paso do tempo, e ese comportamento racional e conservacionista antóllaseme parello á illa de Ons, pero máis ben en aqueles tempos no que eras un rapaz e esa era a comunidade á que pertenciches xunta coa túa e outras familias. Viviades dos recursos da agricultura, crianza de animais domésticos, pero sobre todo da pesca e marisqueo. Non existía despilfarro, xa que tampouco había moitas cartos e os que había adicábanse á merca de aparellos e roupa, pero recollíades do mar e da terra aqueles produtos que necesitabades para vivir. O teu pai Miro e tamén a túa nai Aurita adicábanse tamén ao mantemento do faro da illa, aí na túa illa onde de rapaz fuches á escola, e xa de maior traballaches na extracción de percebe, intercalado con algún traballo de navegación.


Lembro agradablemente os paseos pola illa e a información que me dabas do illote da Freitosa, das pedras do Sentulo onde desembarcamos a Aurita co traxe de neopreno cando aínda se adicaba ao percebe, e tamén do submarino alemán encallado no sur da illa dende a guerra do 36, e dos baixos de nomes rechamantes: a Loba, os fillos da Loba e o Loubán, sitios entre Ons e Onza e protagonistas dalgúns naufraxios.

De mozo, xunto co teu curmán o Perrenco, golpéante as garras dos ávidos do vicio do enriquecemento rápido que sen escrúpulos e só por ganas de diñeiro fácil trafican con sustancias perniciosas que teñen desgraciado a vida de familias enteiras. Esas circunstancias téñenche causado algún desgusto e algún comportamento que os amigos soubemos entender e desculpar.

Sempre demostraches ser amigo dos teus amigos, facendo grupo, axudando, enriquecendo e animando o debate e comentarios divertidos da nosa variopinta relación de amizades.

A viaxe ao Courel deixoute sorprendido. A diferenza e peculiaridade da paisaxe e a conformación ur-

banística das vivendas, aldeas de cachote e cubertas de lousa, as albarizas que noutro tempo servían para protexer dos osos o mel das colmeas e sobre todo o trato coa xente, tranquila, amable, hospitalaria, con eles compartimos días de verdadeiro goce. Ti quedaches sorprendido con eles e eles tamén contigo, ese percebeiro alto e forte natural da illa de Ons, do que toda a xente falaba e querían coñecer. Como o rapaz que atopamos no camiño da Fontiña, preto da ferrería vella onde se vai para o río pequeno e que dixo: “coñézote, sei quen es, chámaste Camilo”.



O vello Graciano ensinou o castiñeiro cuxo perímetro non o abrazaban sete homes, dixo. Un monu-

mento á supervivencia, cuxos primeiros exemplares trouxo a colonización romana, un rato de camiño polos soutos de Piñeira atopamos a antiga mina de ouro, A Toca, e na outra cara do val a de Toribio, as dúas xunto coas Médulas contribuían co seu ouro ao mantemento do Imperio Romano. O mestre e historiador courelá, Orlando Álvarez falounos da resistencia dos castrexos e as operacións de castigo levadas a cabo polos lexionarios romanos. Apoia a súa tese, o terse atopado un aguia de bronce dun estandarte dos que aportaban as lexións. Está datado que o xeneral Máximo Agripa foi repudiado polo senado de Roma pola perda de dito símbolo que fica para mostra de todos no museo provincial de Lucus Augusti, así como tamén a táboa da amizade atopada algúns anos antes, preto do castelo do Carbedo, no Monte Cido. A resistencia dos castrexos no Cido en Esperante do Courel, crea a súa hipótese de que este monte pode tratarse do mítico Medulio onde os galaicos se defenderon ate a morte.

A compañía de Euloxio e Reboleiro a toque de gaita e tarrañolas, en Ferreiros de Abaixo e a noite de Sebane foron un bo colofón da nosa estancia.


Monte Furado, as escadas da Ribeira Sacra onde se cultivan as viñas, as oliveiras de Quiroga, as pesqueiras do Miño. A convivencia castrexa, a construción de pontes e ablatas o abandono dos castros dos tesos cumes de Novoneira, de construción circular por unhas construcións novas de planta cuadrangular. Daba comezo a pax romana e a unha nova bagaxe dunha poboación galaico-romana e do seu predicador Prisciliano. En fin historias que se perden na noite dos tempos que ben poden parecer sacadas máis ben de contos dos elfos de Tolkien ou de aventuras de Maracaibo.

.... A vosoutros que queredes a illa tanto como a vosa propia vida, agora quérenvos romper o horizonte. Esas decisións ruíns e covardes tomadas por políticos nefastos que se miran o embigo como si fosen o centro do universo, e na realidade non son máis que uns vulgares mediocres, cheos de vaidade, e prepotencia. Como se pode ser tan ruíns para non ter en conta a morea de anos de máis de tres xeracións de poboadores que habitan a illa dando vida, construindo as vivendas que fixestes coas vosas propias mans, formando parte importante da economía da ría de Pontevedra e tendo o cemiterio cheo de poboación dos seus ancestros? Eles non saben das vosas penurias e do voso sufrimento de cando tiñades que cruzar a mar toda, a vela no inverno na dorna pola enfermidade de algún fillo. Si, son eses mesmos que desbalden cartos públicos a montóns, e son incapaces de que funcione a depuradora e manteñen a illa sen atención médica.

Botámosche moito en falta, a cantidade de Luthiers que pasaron estes anos pasados pola illa e que ti sempre acompañaches coa túa boa percusión de tarrañolas e caixón. Xa dende os tempos en que Antonio (o Ruso) se sumaba ás festas, boa percusión, a túa, e as gaitas rematando unhas boas noites abraiadas de estrelas entre amigos e boa alegría ao redor da mesa de pedra ás veces ata o mencer. Foi tan intenso e tan bonito que nunca esqueceremos.

Un chupiño de Jhonie? Vai por ti, amigo!,

FUERTEVENTURA 30/12/2011



GRAVADOS RUPESTRES NA ILLA DE ONS

Por: Paula Ballesteros-Arias e Yolanda Seoane-Veiga

Instituto de Ciencias do Patrimonio, Consejo Superior de Investigaciones Científicas

CONTEXTO DA LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN DOS GRAVADOS

Na Illa de Ons foron localizados tres petróglifos dentro do contexto dun proxecto de prospección arqueolóxica levado a cabo polo Laboratorio de Patrimonio do CSIC, actual Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit).

O proxecto denominado “Estudo Arqueolóxico e Etnográfico da Paisaxe Cultural das Illas Ons” foinos encargado pola dirección do Parque Nacional de Illas Atlánticas co fin de identificar e documentar o Patrimonio Cultural da illa, profundizando desta maneira no coñecemento do espazo cultural a través da arqueoloxía, da etnografía e doutras disciplinas, buscando así recoñecer as diferentes etapas crono-culturais que deron lugar á configuración actual deste espazo tradicional. O plan de actuación proposto estivo constituído por unha serie de accións e actividades como foron os traballos de campo de prospección superficial arqueolóxica e etnográfica, consulta e baleirado cartográfico e bibliográfico, rexistro e documentación da arquitectura tradicional, inventario de toponimia, estudo histórico, e entrevistas etnográficas entre outras¹.


Neste contexto, localizáronse dous gravados en Chan da Pólvora e un terceiro na Laxe, no barrio de Caño. (Fig.1)

O Chan da Pólvora, desde o punto de vista xeomorfolóxico, pódese definir como unha chaira situada aproximadamente no centro S da illa, nunha zona alta dende a que se ten un amplo control visual da illa e tanto de mar aberto como da ría. Esta chaira vai descendendo en suave pendente cara ao S, cara ao val das Xabreiras, ampla zona de cultivo, na actualidade case abandonada. Para diferenciar estes gravados nomeámoslos como Chan da Pólvora I e Chan da Pólvora II.

En canto ao gravado Chan da Pólvora I,(Fig.2) xa tiñamos coñecemento da súa existencia, posto que en maio de 2009 fora localizado pola Asociación Pineiróns² segundo as referencias que tiñan de Fernando Alonso Ro-

mero, quen o descubrira xunto coa súa muller, María Castroviejo, fai algo máis de 40 anos³.

Figura 1.
Localización dos
petróglifos na illa
de Ons.



Este elemento da arte rupestre está feito sobre un afloramento de xisto, cunha clara orientación N-S e cunha ampla visibilidade da metade S da illa, abarcando tamén o mar aberto, así como da costa xunto coa illa de Onza e as illas Cíes. Distingúense gravados de diferentes mo-

³ Produto desas lembranzas dou lugar a un artigo escrito por F. Alonso Romero no 2009, e publicado en *Aumios*, titulado “O petróglifo da illa de Ons” onde o autor describe as circunstancias do singular achado e do seu contexto.

¹ Na actualidade este proxecto ten continuidade noutro máis amplo denominado “Procesos de formación e cambio da paisaxe cultural do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia” (HAR2010-22004) correspondente ao Plan Nacional I+D do Ministerio de Ciencia e Innovación.

² <http://www.farodevigo.es/portada-o-morrazo/2009/05/05/petroglifo-ons-sale-luz/323477.html>

tivos aproveitando os planos máis horizontais da rocha, tanto en altura como a ras do solo así como nas zonas máis sobresaíntes coa posible intención de facer estes motivos máis visíbeis. Estes gravados son fundamentalmente coviñas, círculos e restos de círculos concéntricos con coviña central, de distintos tamaños e diferente forma e estado de conservación. Os restos visíbeis dos círculos concéntricos atópanse moi erosionados e nalgúns casos esta erosión eliminou a metade do motivo. Non podemos descartar que o panel tivera en orixe máis figuras hoxe irrecoñecíbeis polo seu grado de alteración.

No que respecta ao momento cronolóxico e cultural no que foron feitos, como veremos máis abaixo, os círculos concéntricos son un dos motivos máis característicos do Estilo Atlántico, o cal se adscribe, en boa medida, á Idade do Bronce. De feito, a este momento pódese vincular o achado, a mediados do século XX, de dous machados de talón (Vilas 2005: 149) sen que se saiba deles nin o seu lugar concreto de procedencia, nin o contexto arqueolóxico ou mesmo a autoría do achado. Tendo en conta os escasos datos, podemos supor que na illa de Ons, posiblemente en torno aos anos 50, recuperáronse dous machados de talón que, segundo a *Carta Arqueolóxica da Provincia de Pontevedra* (Filgueira e Alén 1954: 76) son de dous aneis, e que, segundo a bibliografía, estaban en depósito no Museo de Pontevedra coa numeración 2811 e 2823. Monteagudo debuxou, no seu tempo, o machado que se corresponde coa numeración 2811 e que aparece na súa obra *Die Beile auf der Iberischen Halbinsel* (1977, 228). Na actualidade, este machado atópase no depósito do Museo Arqueolóxico de Pontevedra e o segundo machado en depósito descoñecido.




Figura 2. Petróglifo do Chan da Pólvora I sobre un afloramento de xisto, visto cara ao sur. Debido á súa orientación ten unha marcada visibilidade cara ao mar e cara ao Castelo dos Mouros.

Para A. de la Peña, a existencia destes machados inscribíense no marco das relacións de intercambio vía marítima entre a fachada atlántica europea e o Mediterráneo e os problemas derivados da introdución das manufacturas de ferro polos fenicios nun mercado baseado na distribución e intercambio de minerais básicos para a fundición de bronce e de mercadorías dese metal (de la Peña 2003: 58).

Un segundo gravado, o denominado Chan da Pólvora II, (*Fig.3*) foi localizado nas inmediacións do anterior, aínda que nunha escada máis baixa, dende onde se ten unha visibilidade maior cara ao oeste, ao mar aberto, e tamén cara ao S da illa, aínda que debido á vexetación non se pode describir con maior detalle. Ao igual que o anterior, atópase sobre un afloramento de xisto de orientación N-S nun rechán que desemboca cara ao S no val das Xabreiras no que se atopa o Castelo dos Mouros. Os motivos gravados son coviñas de diferentes tamaños e forma, localizados nos diferentes planos da rocha así como nas arestas sobresaíntes da mesma.

O terceiro gravado (*Fig.4*) foi localizado na zona da Laxe, no barrio de Caño. A diferenza dos anteriores, está realizado sobre rocha granítica, nunhas laxes a ras do

chan, nunha zona de clara inclinación ao leste, cara ao mar da ría, dende a que existe unha ampla visibilidade da costa, e por onde discorre, nas proximidades, o rego do Caño que vai desembocar no Areal dos Cans. Os gravados están situados no plano superior desta laxe e os motivos son coviñas de diferente tamaño, destacando algunha de grandes dimensións, podéndose percibir algún suco aínda que moi erosionado.

OS MOTIVOS E A SÚA CRONOLOXÍA

Todos os motivos atopados en Ons son abstractos: coviñas (gravados semiesféricos) círculos, restos de círculos concéntricos e restos de sucos que non conforman figuras recoñecíbeis. Trátanse de figuras xeométricas que, salvo no caso das coviñas, posúen espazo interno. Debido a este carácter abstracto e á súa falta de asociación con motivos figurativos, é difícil dotalos dun significado concreto. As coviñas son os motivos máis sinxelos da arte rupestre, son gravados universais que aparecen en moitas culturas do mundo. No caso galego, distribúense por todas as áreas con arte rupestre pero son máis abundantes na metade S da provincia de Pontevedra. En canto aos círculos simples con coviña e aos os círculos concéntricos son dous dos motivos máis abundantes, localizándose tamén por toda área de distribución da arte rupestre galega. No caso dos círculos concéntricos o seu tamaño e complexidade varían pero o seu diámetro sempre é proporcional ao número de aneis que o compoñen.

O soporte principal e case único dos gravados galegos é o granito. Porén, no caso dos petróglifos de Ons atopamos unha diferenza posto que dous dos tres petróglifos atópanse sobre xisto. Como é típico na arte rupestre galega, os paneis atopados en Ons localízanse en rochas horizontais ou inclinadas. Tecnicamente os gravados caracterízanse porque presentan na actualidade un suco moi desgastado con sección en “U” aberta. Aínda que ás veces é posible saber a técnica observando algunhas características, especialmente o aspecto do suco, neste caso non atopamos ningunha evidencia da técnica aínda que é probable que os gravados fosen realizados mediante piqueteado e abrasión.

En canto á súa adscripción cronolóxica podemos dicir que as coviñas e círculos simples, cando aparecen como motivos únicos ou asociados a motivos de época indeterminada, é difícil establecer para eles unha cronoloxía posto que non se adscriben a ningunha época prehistórica concreta. Nestes casos, a única maneira de datalos é por contexto arqueolóxico, podéndose vincular tanto ao Neolítico (4.500 a. C – 2.500 a.C) –xa que poden aparecer asociados aos túmulos–, a Idade do Bronce (2.500 a.C.- 1.000 a. C.), como á Idade do Ferro (1.000 a. C. – século II d. C.). As únicas coviñas e círculos dos que podemos dicir algo máis son aquelas que comparten panel con motivos adscribíbeis a un estilo ou época, como ocorre en Chan da Pólvora I, onde aparecen asociadas con restos de círculos concéntricos os cales pertencen ao Estilo Atlántico de Arte Rupestre

O estilo Atlántico de Arte Rupestre é aquel que se estende desde o Norte de Portugal e Galicia ata Irlanda e o N das Illas Británicas, presentando deseños xeométricos moi semellantes: combinacións circulares, espirais, labirintos, etc. Na arte rupestre galega esta temática abstracta é

a máis numerosa e a que presenta unha maior dispersión xeográfica, pero ademais existen outros tipos de figuras que lle dan unha personalidade propia e aportan información sobre a súa cronoloxía e funcionalidade: zoomorfos –entre os que destacan os cervos e cabalos– armas, figuras humanas e pegadas de cuadrúpedes ungulados. Segundo Santos (2005) existen cando menos dúas fases na execución dos petróglifos de estilo Atlántico: unha primeira que comprende armas e combinacións circulares encadrada maioritariamente na Idade do Bronce, momento ao que tamén poderíamos vincular os machados de bronce aos que fixemos referencia anteriormente; e unha segunda formada tamén por combinacións circulares, labirintos, escenas de




Figura 3. Detalle dos motivos no gravado rupestre de chan da Pólvora II

equitación e cérvidos, que se encadran na primeira metade do I milenio a. C., polo que, cando menos en parte, serían contemporáneos dos castros da Primeira Idade do Ferro. Esta longa pervivencia das combinacións circulares introducen de novo un problema á hora de datar os paneis que conteñen combinacións circulares como único motivo, ou que comparten panel con coviñas ou círculos simples (motivos difíciles de datar tamén) como é o caso dos petróglifos de Ons.

Antes de entrar a analizar o emprazamento dos petróglifos de Ons debemos dar unhas breves pinceladas sobre a distribución xeral da arte rupestre galega. Esta concéntrase nunha espazo xeográfico determinado: a franxa litoral atlántica de Galicia, preferentemente na zona das Rías Baixas, atopando gravados nas terras litorais e prelitorais desde Fisterra ao Baixo Miño. Cara ao interior diminúe drasticamente a concentración de arte rupestre aparecendo só concentracións en zonas moi puntuais. Así pois, a relación entre a costa marítima e os petróglifos de Estilo

Atlántico en Galicia, semella a primeira vista clara. Un fenómeno moi semellante é posible observalo nas Illas Británicas, en Irlanda e na Península Escandinava onde gravados rupestres, moi posiblemente coetáneos, vincúlanse no seu emprazamento coa presenza de rías, fiordes ou baías (Fredell 2010). Os petróglifos de Ons non escapan a esa distribución costeira e concentrada nas Rías Baixas pero si presentan a particularidade de que están ubicados nunha illa.

Seguindo co emprazamento xeral da arte rupestre galega, sinalaremos que a gran maioría das estacións localízanse nas serras, en especial nas ladeiras evitando as zo-




Figura 4. Vista xeral do petróglifo de A Laxe cara ao oeste. Emprázase nunha grande laxe de granito orientada cara á ría.

nas de val e as cimas dos montes (Santos 2008). Aparecen fóra das áreas dos poboados e moitas veces ata afastados destas, en zonas a media ladeira (Criado e Santos 2000). Máis concretamente sitúanse rodeando cubetas, áreas pechadas polo relevo natural da zona que presentan fondos caracterizados por posuír humidade ata nas estacións máis secas (Santos 1998). Outras veces a arte rupestre aparece en espazos intermedios ou de comunicación e acceso entre eses espazos cóncavos, e dicir asociado a liñas de tránsito.

Neste caso parece que os petróglifos de Ons, dado o seu emprazamento topográfico, non están asociados con ningunha cubeta nin ningunha vía de tránsito terrestre pero si o poderían estar a liñas de tránsito costeiras (a posible relación entre petróglifos galegos e tráfico marítimo é sinalada por Santos e Seoane 2006 e Seoane 2005). A favor desta hipótese temos o seu emprazamento e a súa visibilidade a curta e longa distancia cara ao mar e cara á entrada da ría. Ao igual que o resto de petróglifos costeiros os petróglifos de Ons sitúanse en puntos estratéxicos desde os cales exercen un amplísimo control visual sobre as rías,

parecendo así que o obxectivo do seu emprazamento sexa a visualización destas zonas de entrada a terra.

Bibliografía

Alonso Romero, F. 2009. *O petróglifo da illa de Ons*. *Revista Aunios*, nº 14, pp. 3-4. O Grove.

Ballesteros-Arias, P. 2010. *Estudo arqueolóxico e etnográfico da paisaxe cultural das Illas Ons (Bueu, Pontevedra)*, Memoria Técnica. Depositada na DXPC da Xunta de Galicia con data de maio de 2010. Inédita.

Ballesteros-Arias, P., López-Romero, E., Güimil-Fariña, A., Daire, M.-Y. (e.p.). Human occupation and formation of the cultural landscape in Galicia's Atlantic Islands National Park. *BAR International Series*.

Criado Boado, F., Santos Estévez, M. 2000. Deconstructing rock art spatial grammar in the Galician Bronze Age. En *Signifying Place and Space. World perspectives of rock art and landscape*. BAR International Series 902. Ed. George Nash.

De la Peña Santos, A. 2003. As illas atlánticas, unha breve ollada á súa máis antiga ocupación humana. *Revista Aunios*, nº 7, pp. 55-59. O Grove.

Filgueira Valverde, J., García Alén, A. 1954. Materiales para la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra. *Rev. Museo de Pontevedra*, VIII. Pontevedra.

Fredell, Å. 2010. A Mo(ve)ment in time? A comparative study of the rock-picture theme in Galicia in Bohuslän. En *Representation and communication. Creating an archaeological matrix of Late Prehistoric rock art*. Oxbow Books: Oxford.

Monteagudo, L. 1977. *Die Beile auf der Iberischen Halbinsel*. München: C. H. Beck'sche Verlagsbuchhandlung.

Santos Estévez, M. 1998. Los espacios del arte: construcción del panel y articulación del paisaje en los petroglifos gallegos. *Trabajos de Prehistoria*, 55, 73-88. Madrid.


Santos Estévez, M. 2005. *Sobre la cronología del Arte Rupestre Atlántico en Galicia*. Arqueoweb. www.ucm.es/info/arqueoweb

Santos Estévez, M. 2008. *Petroglifos y paisaje social en la prehistoria reciente del NW de la Península Ibérica*. *Traballos de Arqueoloxía y Patrimonio*, Tapa 38. IEGPS-CSIC. Santiago de Compostela.

Santos Estevez, M., Seoane Veiga, Y. Os petroglifos do castro de Montealegre: entre a pedra e o mar. En *O castro de Montealegre* (Aboal, R e Castro V. coord). Toxosoutos: Noia.

Seoane Veiga, Y. 2005. *Rock Art and Prehistoric Routes*. Paper presented in the session: Thinking About Rock-Art: A Search For Meaning In Landscape Construction (M. Cruz, S. Fairén and G. Nahs coord.) 11th EAA Congress in Cork (5-11 September 2005). Inédito.

Vilas, A., Gamallo, M., Framil, J., Bomache, J., Sanz, K., Lois, M. e Toubes, M. 2005. *Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Guía de visita*. O. A. Parques Nacionales.



ALGÚNS TRAZOS DA FALA DE SAN VICENTE

Por: Xoán Fuentes Castro

“Ónde foste?”

“*Ayer* non trouxo nada”

“Hoxe cargou”

“O mes pasado foron a Pontevedra”

“Meus pais van en Pontevedra”

“Elas van a Pontevedra”

“Pensan ir a Pontevedra”

“Dille que vou no Grove”

“El vai ó Grove”

“Anda por *cuenda*”

“A *cuenda* do ‘reló’”

“Dáme esa *corda!*”

“*Bueno*, non me veñas con lérias”

“Aquí andamos, *luchando*”

“O *puente* caeu”

“Vai ‘acomedar’ os *cerdos*”

“As *cuentas* claras”

“Non se deron *cuenta*”

“A carteira é de *cuero*”

“E non ch’a de ser, oh?”

Etc. Etc. Etc...

As frases que se citan –nesta relación non hai afán selectivo– son só algunhas das moitas que salfiren a lingua dos habitantes da parroquia de San Vicente do Grove. Léndoas, podemos observar fenómenos de hibridación e substitución léxicas, usos sintácticos orixinais, afirmacións baseadas nunha interrogación negativa, asimilación fonética...

Mais, vexamos como se concretan este fenómenos nalgunhas das proposicións anteriores.

1) “Ónde foste?”


A forma tida por correcta sería: ‘A onde foste ou fuches?’ Como se ve, a preposición direccional “a” fúndese co “o” do adverbio de lugar “onde”, é dicir, “a” subsúmese na masa fonética do “o”, mais non sen deixar a súa pegada no resultado. Mentres o “o” do adverbio simple “onde” é fechado, o de “ónde” é aberto, cousa que indica unha alteración na calidade sonora desa nova palabra. Aquí a abertura vocálica leva consigo un cambio semántico funcional. A idea

estática de lugar transfórmase nunha idea dinámica polo mero feito de se abriren un grao os órganos fonadores. Nin o que emite a mensaxe nin o que a recibe dubidan un instante do significado da segunda forma.

2) “*Ayer* non trouxo nada, *hoxe* cargou.”

Nesta frase é manifesta a incoherencia léxica. Mentres a circunstancia pasada *ayer* pertence ao rexistro castelán, a presente exprésase en galego. A persoa que fala coñece perfectamente o termo galego *onte* para referirse ao día anterior. *Ayer* non amplía en ningún sentido o concepto de *onte*. E, non obstante, deixa este fóra da súa escolla. Por que? Primeiro: Deste proceder dedúcese que o falante non é consciente dos elementos formais da súa propia lingua e que non se preocupa de que as palabras respondan ao sistema lingüístico galego ou a un alleo. Escolto esa voz algunha vez, en algures e de labios de alguén e, no seu interior, elaborou de inmediato unha escala de preferencias. *Ayer* (francés: hier; italiano: ieri; románés: ieri) ven do latín *ad heri*, día anterior a aquel no que se está ou fala. *Onte* procede da expresión latina *ad nocte(m)* –con metátese– que en galego-portugués designou tamén ese día.

Vista da parroquia de San Vicente de O Grove dende Con da Edra, ao carón do *Ciradella*.



3) **“Meus pais van en Pontevedra”; “dilles que vou n(o) Grove”.**

Son equivalentes as frases anteditas coas de “meus pais van a Pontevedra” e “dilles que vou a(o) Grove”?

Ao meu ver, mentres *a* e *a(o)* son preposicións de pura dirección, é dicir, de sentido de movemento entre o punto de partida e o de chegada, *en* e *n(o)* sitúannos no noso destino facendo abstracción do sentido do movemento. Este vén presuposto na distancia entre os puntos inicial e final da viaxe. Outra característica destas construcións é que se usan co verbo de movemento “ir”:

a) en presente e imperfecto de indicativo: “van n(o) Grove”, “ían n(o) Grove”.

b) en futuro e en potencial cando hai dúbida: “iranche n(o) Grove”, “iríanche n(o) Grove”.

c) en imperfecto de subxuntivo (conxuntivo) forzando aparentemente a semántica do verbo “ir”:

“quen pode dicir que non fosen n(o) Grove?”. Como se ve neste exemplo, o valor de posibilidade impregna toda a proposición. Ás veces, son substituíbeis polo verbo de situación “estar”, aínda que, neste caso, falta o valor dinámico do verbo “ir”, que transfere idea de dirección á preposición locativa “en”.

4) **“A cuerda do reló”; “Dáme esa corda!”**

É evidente a alternancia especializada que o falante aplica a estes e a outros casos similares. “Corda” –do Latín *chorda*– é o lexítimo herdeiro galego da palabra latina citada. “Corda” funciona nun campo semántico bastante amplo. Non debemos confundir ‘campo semántico’ con ‘sinonimia’. Nese ‘campo’, móvense verbas como adival, cordel, cordón, soga, treló, baraza, cabo, brenza, cabestro, cordal, sedeño,

treixa, amalló(s)..., é dicir, que o galego non vai por detrás de ningún idioma por falta de termos que expresen a acción de atar nas máis variadas facetas ou de marcar unha liña. Isto quere dicir que un galego-falante dispón dun rico abano de posibilidades para non precisar préstamos de outras linguas no terreo que nos ocupa. Con todo, a xente, quizais influída por unha inexacta valoración de “corda”, apela a “cuerda” como algo especial, algo que interpreta mellor esa peza do intestino do reloxo. O que non se dí, por exemplo, é: colle esa “cuerda”.

5) **“A carteira é de cuero”; “o puente caeu”; “non se deron cuenta”...**

De novo, os termos con diptongo. “Coiro”, “ponte” e “conta” ocupan a plena satisfacción os lugares de *cuero*, *punte* e *cuenta*. Por que, entón, apelar ás formas diptongadas, que non responden á natureza fonética da frase? Un pouco antes dixemos que os fa-

lantes, por veces, non somos conscientes dos elementos formais da nosa propia lingua. Ademais, sen termos un motivo xustificábel ou razoábel, substituímos sen máis as palabras que se esperaría usásemos na nosa lingua “normal” por outras que, desde o punto de vista fónico, non

encaixan no esquema e renxen á orela. Mais, como na maioría dos casos, ese “renxido” vaise diluíndo na conciencia crítica do individuo a medida que a substitución se transforma en hábito. Cando isto ocorre, o contraste entre unha e outra unidade perde relevo e acaba por desaparecer, sempre, claro está, en favor da intrusa, e, aínda ficando no subconsciente unha leve vacilación, a elección recae na palabra importada. Que o resultado desta operación resulte dunha organicidade estraña non implica o rexeitamento de tal solución, sempre que o elemento receptor a interprete.

Entroido en San Vicente de O Grove. 1960.



6) **“E non ch’a de ser, oh?”; “E non han de vir, oh?”**

O idioma galego non é moi propenso a utilizar o adverbio afirmativo “si”. Para substituílo, dispón de fórmulas que cobren o mesmo campo significativo. Vexamos algúns exemplos: “fixo o que lle dixen?” –“Fixo”. “Vas de festa?” –“Vou”. “Has de vir?” –“Hei”. –“Veñen contentos?” –“E non han de vir, oh?”. Nas tres primeiras oracións, a repetición do verbo que figura na pregunta, variando, ás veces, a persoa e o tempo gramaticais, é un modo normal de afirmar. Ninguén bota de menos o “si”. A mesma construción é común con verbos potenciais e substantivos: “Podes axudarme?” –“Podo”. “É de ouro?” –“É”. O inglés responde a un esquema parecido de afirmación: “Did you write the letter?” –(Yes) “I did”. O auxiliar, “I did”, aparece aquí introducido polo adverbio formal de afirmación “yes”, quizais para dar “consistencia” fonética ao monosílabo “did”. Hai, xa que logo, unha diferenza con galego. O inglés usa sempre auxiliares neste tipo de respostas. O galego pode usar auxiliares ou verbos non substantivos. A expresión: “e non ha de vir, oh?”, malia o aspecto interrogativo que presenta, oculta sempre unha razón positivo-dubitativa, que pode ser matizada por unha modulación máis ou menos irónica.

7) **“Bueno, non me veñas con lérias!”: “Vai ‘acomedar’ os cerdos”, etc.**


Frases como as que preceden este apartado denotan o grao de interiorización que acadaron moitas palabras alleas na fala normal dos galego-falantes. As palabras castelás, *bueno* e *cerdos* –adxectivo con valor entre adverbio e interxección a primeira e substantivo a segunda– non son máis que dúas agullas nun palleiro. *Bueno* funciona como un elemento de contacto perfectamente substituíbel por *vaia*, por *mira*, por *ben*. etc. O enlace psicolóxico entre os falantes ficaría igualmente garantido por estas formas –neste caso–, de carácter dual. Por qué non se usan?

Na segunda frase, o termo, *cerdos*, é aínda máis ferinte para unha orella que procure certa lóxica no sistema fonético dunha lingua, nesta ocasión, da lingua galega. En galego, para o animal mamífe-

ro paquiderme chamado *porcus* en latín, *pork* (carne de porco) en inglés, *porc* en francés, *porco* en portugués e italiano, hai varios nomes –cocho, marrán, chino, quino, suíno, bácoro..., sendo o máis usual o de *porco*. Por que xente que sempre dixo *porco* sente desde unha época para acá unha especie de repelo fronte a esa palabra? Lingüisticamente ningún deses termos ten vantaxe sobre os outros. Todos designan o animal definido algo máis arriba. Por que, entón, abandona un nome para escoller outro que designa exactamente o mesmo animal? Por nada, unha persoa non muda de palabra. Que hai debaixo deste feito?

O substantivo *cerdo*, moi común en castelán, procede dun tipo de sinécdoque na que unha parte designa o todo. Mais, a palabra *cerda*, do baixo latín, *cirra*, (pelo hirsuto, ríspido, áspero, do porco, entre outros animais) tamén é galega e portuguesa. Son conscientes deste detalle os que fan a substitución? Ao meu ver, o falante foxe do uso dunha palabra que, a través do tempo, foi sendo situada no centro dunha familia semántica: *porco* (substantivo e adxectivo), *porcallada*, *porcallán*, *porcalheiro*, *porcamente*, *emporcar*, *emporcallar*..., pala-

Praia do Carreiro. Á esquerda o xacemento de Adro Vello, ao fondo as fábricas de Salga. San Vicente de O Grove.



bras sempre referidas á sucidade, a aquilo que non está ou non é limpo. Esta valoración pode afectar a aspectos exteriores e tamén interiores, é dicir, de natureza moral. O valor “negativante” deste feito fixo que un nome que, en infinitas casas galegas apareceu sempre cargado de alegría e de fartura, se convertese en tabú. (...)



SOÑOS DO PASADO

Por: Manuel Chazo Cores

RISAS NO CEO

Vilanova de Arousa,
porto acendido de gaivotas
adornado de barcos veleiros.
Coma unha onda enchiches toda a miña vida.
Ría de Arousa,
como se ven os teus portos!.

O inverno cru, á veces,
recobre, dun branco resplandecente,
os teus montes.
Xiabre, Castrove,...
e a longa serra do Barbanza.
A amalgama de verdes da súa vexetación
DESAPARECE,
baixo o manto da neve pasaxeira do cru inverno.
Vaise toda a xeografía envexable a recrearse,
á vez, na paisaxe.
Puxéronse tristes as cores.

Mirar á ría de ondas durmidas,
de beleza inigualable.
Emoción ao vela coas súas illas e escollos,
onde a súa valoración positiva non se limita.
Variedade de artes.
A pesca sempre foi abundante e variada.

Que lle pasou á ría nos anos corenta?
Cambiou acaso a súa vida mariñeira?
Foron as bateas mexilloeiras
as que invadiron os mares da ría.
Mares cheos de peixes azuis,
no seu máis puro estado, para os barcos do cerco.

Áreas de mar que eran tesouros.
Agora.....
ría chea de puntos negros.
Ao perder o mar parte da súa beleza,
e o verde dos pradairos.
Tristeira toda ela, xunto coas illas
e a area branca das súas praias.

Como unha onda éncbeste toda a miña existencia
xogando coas mareas
e con todas as promesas da miña vida.
Ala onde se cruzan os camiños
es VIDA e ESPERANZA.


VILANOVA DE AROUSA

Déixate querer miña terra mariñeira.
Lévote por dentro.
Terra fértil e bela
terra bendicida, terra santa.
Vila engalanada no Sacramento,
coro na ribeira do amor.
Soa nunca estarás, vila fermosa
os amores sempre volverán a ti.


Foise o meu sorriso de fábula moza.
Deixeime, ou non, de ti,
da túa dependente terra
pero o meu amor por ti
nunca se cubriu de xeo.

Terra e ceo de estrelas
que murmurio o teu silencio
oh! Vilanova, so! un chíto teu.
Sempre fuches boa no teu porto.

Os amores sempre volverán a ti
soa nunca estarás.
Solar antigo.
En ti naceu a igrexa monacal
de San Cipriano de Calogo.
Déixate querer,
miña terra mariñeira
non tes porque sentirte triste
os teus fillos sempre volven a ti
quérente con toda a alma.
Que nunca se perda a estrela
que guiou polos mares da costa
aos teus bravos mariñeiros
polas costas do teu mar Atlántico.



Vilanova de Arousa.
Torre e cruceiro de Calogo.




ONS, O MEU PARAÍSO DE ONTE (XI) *DE PEDRAS VELLAS; HISTORIA E CONFUSIÓN*

Por: Julio Santos Pena

Había na escola unas caixas de cartón medio escangalladas e húmidas ás que non me atrevera a tocar non sei por qué, probablemente consciente de que con só abanalaras íase espaxear o seu contido. Os nenos tampouco sabían moi ben o que tiñan porque estaban alí dende facía moito tempo, quizais máis do que eles levaban na escola. Aquel amoreamento de caixas no recuncho dunha das salas pequenas do edificio era como un misterio ao que non lle dera eu máis importancia porque tampouco era que atrancara nada o desenvolvemento normal da actividade diaria.

Corrían as semanas do curso entre temporais e días soleados e foi entón cando me decatei da existencia na Illa dun grupo de rapaces con idades, xa fóra das escolares propiamente ditas, que se dedicaban a axudar aos seus pais, ben nas tarefas do campo, ou no levado do gando ao monte, no espantar dos corvos á beira das leiras ou, nalgúns casos, na dorna en cada xornada de pesca. Empecei a pensar que aqueles xa mozos estaban destinados a ser futuros analfabetos porque, da escola gozaran pouco nos anos que lles correspondera e, una vez que se puxeran en serio a traballar, terían pouco que facer para recuperar o tempo perdido.



Tella atopada na salga romana de Canexol.

Algúns deles asomábanse pola escola nos momentos do recreo axexando polo valado cómo os nenos xogaban coa pelota naquel patio que liberáramos doutras funcións para deixalo convertido nun pequeno campo no que todos gozábamos do xogo cando o tempo o permitía. Algúns deles acabaron por saltar

e accederon a participar no xogo como os demais, o que os acercou á escola se cadra máis do que estiveran nunca na súa infancia. Pouco a pouco fun abrindo diálogo con eles que me miraban estrañados porque apreciaban en min a unha persoa nova, case como eles, que lles falaba de forma directa e amigable.

Á esquerda o Castro dos Mouros.

De forma circular. enriba do barrio de Canexol.



Ocorréuseme que, dado que aínda que a escola era unitaria, con aproximadamente trinta rapaces de todas as idades, e tendo en conta que aqueles mozos tiñan pouco que facer, invítalos a vir á escola sen máis compromiso que o de aprender algo do que non tiveran ocasión con anterioridade sen que eles tiveran a culpa de nada, ou lembrar as cousas que puideran ter esquecidas especialmente no que a contas e a escritura se refire. E só foi facer a proposta aos dous primeiros que chegaron aquel día para ver cómo se lles iluminaban as facianas e aceptaban sen ningún tipo de paliativo polo que acordamos que, ao día seguinte, estarían na escola como os demais, ben de mañanciña. E detrás deles foron incorporándose outros ata facer un grupo de seis ou sete mozos cos que, ademais de sentirme a gusto profesionalmente falando, cheguei a facer franca amizade que nalgúns casos, corenta anos despois, aínda perdura.

Foi un deles, un sábado de mañá no que determinamos que a escola precisaba un zafarrancho de limpeza (que tiñamos que facer nós mesmos porque non había ninguén contratado para este traballo), que, ao chegar á pila de caixas humedecidas fitou para elas e exclamou algo así como: - Aínda están aquí as tellas! Frase que me chamou a atención abrindo o meu interese polo contido das caixas.

- *Son tellas da Cova dos Mouros.* - aclaroume. - *Qué cova?* Preguntei desconfiando que me falaba dalgún resto arqueolóxico que podería haber na Illa. - *A dos Mouros!* Respondeu seguro do que dicía e estrañándose de que o mestre non tivera coñecemento dela.

- *Íamos alí co outro mestre, cavamos na terra e atopamos todas as tellas que están nas caixas, tamén cunchas de lapas e berberechos. Veña aquí a fóra.* - Díxome sinalando á porta da escola. - *Alí arriba é a Cova dos Mouros e desde alí trouxemos todas as tellas das caixas.*

Comprendín que estaba fronte a una novidade importante para min que, a dicir verdade, entendía moi pouco ou nada de arqueoloxía, pero aquel descubrimento picoume na curiosidade polo que decidín desmontar a pila de caixas e examinar o que nelas había. Ao luns seguinte empezamos a baixalas, unha a unha, e a extraer delas o contido de tellas e pedras que fomos estendendo polo corredor da escola ben ordenadas en catro filas. Eran tellas grosas, pedras pequenas e un sen fin de cunchas de mexillóns, vieiras, lapas, berberechos e peneiras, ademais de buguinas de varios tipos que eu nunca tal mirara. Os mozos recoñecían aqueles restos como cousa propia, ben porque axudaran ao mestre doutro momento a extráelas nas proximidades da Cova dos Mouros, ben porque aprenderan perfectamente a lección ocasional que o compañeiro lle dera daquela. Decateime de que sabían máis ca min porque me explicaban, dándolle volta as tellas.

- *Mira este sinal?... Pois é como a firma do romano que fixo a tella que marcaba co dedo o seu debuxo para cobrar ao final do traballo.* - Díciame mentres fitaba para min un pouco desconcertado de que probablemente tiña el máis coñecementos sobre o tema.

- *E estas cunchas son do cuncheiro que era o sitio onde botaban os restos da comida e como o que máis comían eran o que collían das pedras pois ían facendo os montóns.*

Outro daqueles alumnos avantaxados correu a dicir:


- *E alí miramos cómo había varias capas de cunchas, as de abaixo eran máis antigas.*

Confeso que as explicacións dos rapaces abriron en min unha curiosidade nunca sentida polos vestixios arqueolóxicos, entre outras cousas porque desta materia só mirara, no meu tempo de alumno, algúns debuxos nos libros de castros e poucas explicacións máis sobre os mesmos e as xente que neles vivirá. De acordo cos rapaces e en especial con máis veteranos que tiñan xa os coñecementos mínimos do tema, decidín crear un espazo museístico na sala da escola que

daba á ventá de fóra para facilitar a visión de quen pasara por alí e tivese curiosidade polo tema. Un dos rapaces díxome:

- *Esa mesma idea tivoa a noso mestre que cando recollemos estas pedras e tellas tamén as puxo nese cuarto.*

E así quedou inaugurado o noso pequeno museo arqueolóxico que, a dicir verdade, foi moi visto polas persoas que viñan á Illa de visita e no seu afán de velo todo, tamén entraban na sala e observaban aqueles restos que evidentemente, dicían moito do pasado da nosa Illa e o seu contorno, descuberta por civilizacións moi anteriores a nós que xa daquela gozaban da súa eterna beleza paisaxística e da bondade gastronómica relacionada tanto co mar como coa terra.



Correu o tempo e o museo foi quedando no noso esquecemento porque era una parte fixa do entorno escolar da que faláramos xa moitas veces. Para os nenos que nun principio miraban e tocaban aquelas pezas con verdadeira ansia pensando, sobre todo, na antigüidade que atesouraban, o interese foi decaendo e o museo quedou relegado só para os visitantes que de vez en cando axexaban pola fiestra ou entraban movidos pola curiosidade na sala da exposición.

Naquel verán deu coa illa un matrimonio novo de Ourense buscando a paz que só aquel enclave daquela, que non hoxe, podería ofrecerlles para recuperarse dun gravísimo accidente de tráfico. A muller sufrirá a peor parte e despois de permanecer en coma varias semanas, recuperárase o suficiente como para querer completar alí a súa volta á normalidade. Ambos só coñecían a Illa por algunha referencia pero aos dous días de estar nela eran xa os seus máis entusiastas. Antonio, que ese era o nome do esposo, tomou pronto a miña confianza e naqueles vinte días que a parella estivo alí, fixémonos moi amigos e xuntos percorremos a Illa de

punta a chicote. Todo lles gustaba, de todo gozaban e continuamente gababan aquela tranquilidade que tanto beneficiaba a Ester na súa convalecencia.

Nunha daquelas tardes Antonio descubriu o noso mini-museo e, deseguida, deixou constancia dos seus coñecementos en arqueoloxía. Era un verdadeiro afeccionado á localización e o exame de todos os vestixios da antigüidade. Escudriñou, un por un, cada elemento dos expostos e facía comentarios deles ampliando a explicación a épocas e momentos da Prehistoria e da Historia.

- *E onde está a cova dos Mouros? Teño que visitala – dixo nun intre.*

Como fixera aquel mozo comigo, saqueino á porta e sinaleille o lugar.

- *Está claro!* – Espetoume con entusiasmo – *É un alto defensivo e o poboado debe estar pola parte de atrás. Gustaríame ir alá...*

E alá fomos ao día seguinte. No camiño, Antonio, ao que eu lle declarara a miña pouca afección polas pedras vellas, foi dando unha verdadeira lección, se cadra, para animarme a colaborar co que levaba pensado facer. Chegamos a Cova dos Mouros e decateime do sorriso do mozo que empezou a dar voltas pola zona mentres eu o esperaba sentado nunha laxe. De lonxe e de cerca explicábame cousas do que el pensaba que tiña sido aquel lugar ata que descubriu un burato entre as pedras que espertou o seu interese.

Ante a miña sorpresa, deitouse no chan porque o burato en cuestión tiña pouca altura, empezou a reptar como se de unha cobra se tratara e foise perdendo no interior daquel enigmático oco mentres dicía cousas que eu, desde fóra, apenas lle entendía:

- *Julio, ven para dentro.* - Berroume desde o interior.

- *Estas tolo!* - Respondinlle desde fóra.

- *Pasa home que non hai perigo.* - Insistiu.

A verdade é que xa me picara a curiosidade e imitando o que Antonio fixera pouco antes convertinme noutra cobra ata que me vin dentro da cova na que Antonio se atopaba deitado no chan porque non daba para poñerse de pé. Coa pequena lanterna intentaba

iluminar as paredes do interior e explicarme o que a el lle parecía que era aquel habitáculo interno pero, pola miña cabeza empezou a correr a moitas veces comentada idea de que na Illa había víboras e outras cobras. Antonio seguía dándome a lección pero daquela eu só pensaba nos bichos que poderían estar alí tan tranquilos nos seus apousentos véndose importunados por outros dous bichos humanos. E mentres Antonio falaba e facía desprazar a luz da lanterna para chamar a miña atención, fun recuando cara á saída ata que me vin liberado do perigo.

- *Antonio, eu xa estou fóra!* - berreille aliviado e coa esperanza de que el puidera saír tamén indemne e sen que o comera unha cobra calquera en tan reducido habitáculo.

Cando xa atardecía retornamos a Curro. O afeccionado arqueólogo confirmaba a existencia dun castro Celta na zona pero doume a sensación de que ía un pouco desencantado co resultado da súa exploración no interior do burato, como si para os seus adentros

recoñecese que non era máis que iso, un simple burato.

- *Habería que investigalo cun pouco máis de tempo e de luz.* - dixo.

- *Sí, pero comigo non contes que por hoxe salvámonos.*

Mentres andabamos cara a Curro Antonio botou a man ao peto do pantalón e sacou una pedra case negra cunha forma curiosa.

- *Mira, outra pedra*


para o teu museo.

Collín aquela peza na man e examineina sen moita esperanza de saber que podería ser semellante vestixio. Comprendín que o meu amigo, de entre todas as pezas que meteu nos petos aquela tarde, aquela era a que máis interese lle ofrecía.

- *E que pode ser?* - pregunteille

- *A verdade é que non o sei pero estou seguro de que tería algunha utilidade para quen viviu aquí. Non miras que está tallada e ten esta cazoleta no centro, estas outras catro máis pequenas e no canto un fendido?... Pois iso quere dicir que tiña que ser algo útil senón importante.*

Aquela pedra foi parar a un lugar preferente no mini-museo e Antonio con unhas letras grandes e ca-



Restos da salga romana de Canexol.

ligráficas escribiu nunha cartolina: “Ferramenta localizada dentro da Cova dos Mouros. Xullo do 1972” o que daba a aquela peza un plus especial de interese.

Pasaron os días do verán. Antonio e Ester marcharan da Illa con pena e con desexos de volver. Nunca máis volvían a saber deles pero lémbroos con moito afecto cando os meus recordos percorren a Illa, a miña illa, que é frecuentemente.

Polos Santos aparecen na Illa un grupo de cinco ou seis rapaces universitarios con tendas de campaña e guitarras. Chovía e refuxiáronse na tenda de Checho á espera dunha escampada que lles permitirá acomodarse nalgún lugar. Pero seguía chovendo. E cada vez máis. E anoitecía. Os mozos miraban con desilusión e con preocupación para o ceo e chegado un momento ocorréuseme que para evitarlles máis desacougo, poderíalles ofrecer as instalacións da escola para pasar a noite. Cando llelo propuxen, o sorriso volveu ás súas facianas e encaramos a costa. Abrinlles a porta e propúxenlles que se radicaran nos corredores ou nunha pequena sala que estaba baleira ou, ata no recuncho que quedaba libre no museo. Efectivamente montaron os seus catres e volveron para a taberna de Checho onde se armou a festa coas guitarras e o bo humor daqueles rapaces que, ao día seguinte, por certo con sol a tope, gozaron da Illa e ata se bañaron en Area dos Cans como se fora verán.

Un deles, polo visto estudante de Historia da Arte, díxome que lle gustara moito o noso mini-museo e preguntoume cousas ao seu respecto. Díxenlle o que puideron pero tamén me interesei pola súa opinión sobre a estraña pedra que Antonio localizara meses antes e que lucía como principal na exposición. Aquel rapaz observouna con calma, tomouna na man, colocou cada un dos seus dedos nas respectivas cazoletas e dixo con toda seguridade:

- *Isto é una agulla de coser redes.*

Mirando a miña cara de perplexidade seguiu explicando

- *Ves? Cada xema do dedo da man vai a unha das pequenas cazoletas. A cazoleta do centro coincide coa parte da man que está debaixo do dedo polgar e*

esta fendedura que está ao borde é para enganchar e tirar das cordas ou dos cordóns cos que facían as primitivas redes que utilizaban. Colle, colle.

E para demostrarme que aquilo era así púxome a pedra na man que, en efecto, coincidía todo tal como el dixera. Apresureime a engadir naquela cartolina: “Agulla de coser redes”. E daquela en diante, aquela peza foi a reina do interese de todos os que visitaron o mini-museo e farteime de explicarlles a todos como coincidían os dedos coas cazoletas e a fendedura coas imaxinarias cordas das redes. Un tesouro.

Pasou o inverno e na primavera outro visitante acercouse á fiestra de escola pola que se podía ver a exposición. Interesado polo cartel onde poñía “Agulla de coser redes”, chamou á porta que estaba aberta e pediu permiso para entrar. Foi directamente á mesa de exposición e, tras pedir licenza, botou man da pedra. Doulle mil voltas como se non houbera máis pezas sobre a mesa e finalmente, fitándome cun sorriso dixo:

- *Isto non é una agulla de coser redes.*


O meu gozo nun pozo!, pensei, despois de facer tantas demostracións de cosido virtual de redes de pesca prehistórica mentres poñía cara de estrañeza. Pero antes de que lle preguntara algo aquel home dixo, case desculpándose

- *Home, non sei...! O que lle pode dicir é que son profesor de Arqueoloxía e non me parece que...*

- *E logo, a vostede que lle parece que é?* - Interrompino un pouco desconsolado.

- *Pois eu creo que é a base do eixo dunha porta que xiraba sobre esta cazoleta grande. Estas outras pequenas eran para manter a porta máis ou menos aberta e a fendedura exterior está producida por puro desgaste. Non lle caiba dúbida.* - sentenciou.

Daquela pensei que aquel home estudado podía ter razón pero a min gustábame máis coser as redes. Non obstante escribían na cartolina “Tamén pode ser o eixo dunha porta”. Co tempo decateime de que aquelas dúas posibilidades engadían un maior interese pola pedra e, cada quen, recibidas as miñas explicacións de ambas, elixía a que máis lle gustaba. Cousas da Arqueoloxía.



Sepulcro antropomorfo “Laxe do Crego”.
Ao fondo, á esquerda, o Castro dos Mouros



O MAR DE O GROVE

A ARTE DO MEDIOMUNDO E O PEIXE GATA

Por: Javier Fernández Soutullo

Nas costas illáns, de Sálvora a Ons e da punta de San Vicente aos Mesos de Corrubedo, faenaban uns mariñeiros do Grove, que usando unha curiosa arte de pesca, foron coñecidos como os Mediomundeiros.

Pois mediomundo chamábase a un enxeño de forma circular que consistía nunha circunferencia de tubo, xeralmente atravesada por unhas variñas aceiradas de 6 ou 7 metros de lonxitude, formando un diámetro que roldaba o dobre, uns doce ou catorce metros, aproximados, dependendo sempre, claro esta, do tipo de embarcación que o levase instalado a bordo, a maioría das veces un racú, aínda que non se lle negaba esta arte ás embarcacións maiores, e mesmo ás dornas.

As variñas levaban na parte superior uns ventos, xeralmente en número de oito, unidos no seu extremo a unha argola, situada no centro do mediomundo, pola que vai suxeita a petaca do isco, en forma de cucurucho, chamado <fol de engado>, que logo se unía á driza do izado. Todas as variñas e máis o aro exterior ían recollidas no pano de rede, duns cinco ou seis metros de fondo, pola totalidade da circunferencia perimetral.

O isco, consistía nunha mestura de xurelo, con berberechos, e triturábase na máquina de triturar os chourizos, que daquela sempre había pola casa. A todo iso engadíase unha pouca de area, para que afundise mellor; todo era metido na petaca, e quedaba listo para iniciar o lance. Botábanse nunha xornada entre quince e vinte lances, cunha duración de escasa media hora.

Tanto os racús coma as dornas, e outros barcos, adicados a estas faenas da pesca do mediomundo, necesitaban unha tripulación dunhas cinco ou seis persoas. Saían de mañanciña os *mediomundeiros* para, ao romper o día, estar dispostos no lugar escollido polo patrón, pois este era o punto álxido e ben escollido para o éxito na recollida das mellores capturas.

Un destes lugares, quizais dos máis solicitados, érache o N.O. da illa de Sálvora nas pedras Londeiras. Alí sempre despois da retida, que era o tempo

de espera para dar outro lance co mediomundo, poderíanse recoller entre dous ou tres caixóns de peixe, tanto fora de *burás* ou de xurelo, que acostumaban ser dun bo tamaño.

Largábase esta arte a tres ou catro brazas de fondo, aínda que ao poñer estes os peixes íase menos, pois acostumaba a romper os panos, na súa procura da liberdade, dando máis traballos case que beneficios. Queda claro que o peixe escollido polos mediomundeiros era o buraz aínda que nos últimos anos tamén o piardo era presa frecuente da arte destes mariñeiros chegando nalgúns pobos da zona a alcumalos de “piardeiros”.

As embarcacións do Grove no inverno acudían en masa ao uso desta arte. Os meses escollidos eran os do inverno comezando en novembro e rematando en febreiro. Coa chegada da primavera, pois nesta estación din que eran meses de fame, dicían que o peixe estaba *maído* ou que tiña o maio pois non se movía e non saía a comer.

Xa ao entrar o mes de xuño, as embarcacións recuperaban a súa trasfega e dispóñanse para saír ao cerco, e traballar á sardiña para as fabricas. Aquí volvían a quedarse solos os mediomundeiros.


O Sr. Juan, embarcárase aos catorce anos no Agripina, barco do seu pai, comprado en Cangas que foi un pequeno racú adicado á pesca para o fresco (consumo diario) durante moitos anos.

O Sr. Juan, embarcárase aos catorce anos no Agripina, barco do seu pai, comprado en Cangas que foi un pequeno racú adicado á pesca para o fresco (consumo diario) durante moitos anos.

As capturas vendíanse nos mercados e lonxas do Grove, Portonovo, Cambados, e Ribeira. Como unidade de medida usaban sempre a patela de vimbios.

A finais da década dos cincuenta, o mediomundo déixase de utilizar, e só esporadicamente se usa para capturas dentro da ría e cando había mal tempo. Hoxe en día, aínda que pouco, estase a usar en portos como o de Vilaxoán e Vilanova e de forma esporádica no noso Grove. E unha arte que caeu no esquecemento, excepto para

aqueles esforzados homes sempre chamados mediomundeiros.



O PEIXE GATA

Nas historias mariñas, non é frecuente que un peixe sexa o protagonista, pero non cabe dúbida de que estes animais forman unha das partes máis importantes das vidas dos mariñeiros, pois son o verdadeiro motivo das súas vidas adicadas ao mar.

O peixe GATA aínda que a día de hoxe é para a maioría de nós un descoñecido, noutros tempos non foi así.

En castelán este peixe denomínase <Negrita>, os portugueses chámanlle <Lisinha de fondura> e a súa denominación en latín é <Etmopterus spinax>. Estes peixes, ocasionalmente, nos anos 50 do pasado século, mostrábanse de cando en vez e mallaban nos trasmallos. Nas costas chamábaselle, como dixemos, peixe Gata, sen dúbida, entre outros motivos, polos fungos que emite ao ser atrapado e izado a bordo que semellan os dun gato doméstico.

Hoxe en día está practicamente desaparecido, pero, pola contra, este peixe tivo moita importancia no último século e medio. Nas casas era case que de extrema necesidade e dependencia, sobre todo no aspecto farmacolóxico, sen contar o uso da súa pel polos mariñeiros que a utilizaban como lixa para as panas dos barcos e outros traballos.

A súa descrición correspóndese coa de calquera peixe da familia dos escualos atlánticos. Posúe dúas aletas dorsais espiñosas, aínda que non ten aleta anal. Os seus dentes unicuspidados, na mandíbula inferior son coma coitelos cunha punta media e levan outros laterais secundarios. O ventre é o máis rechamante e valioso do animal; este transcorre ao longo de todo o corpo e nel ten unhas manchas negras todo ao seu largo ao igual que no lombo, dándose algúns dunha cor toda negra. Os seus laterais son moi semellantes aos da rabada, moi prominentes e con fendeduras branquiais máis ben pequenas; o corpo arredondado e a cor que varía de negro ao gris-acastañado, pero o ventre e o fociño sempre de cor negra. O seu tamaño oscila, de adulto, entre os 45 ou os 55 cm. de longo.

O seu hábitat e costumes son coma as dun escualo común, pois vive nos fondos entre os 70 e os 200 metros de profundidade, aínda que tamén se teñen atopado en profundidades próximas aos 500 metros.

Como caladoiros comúns máis próximos a nós están os do Pozo da Nave e o de Vixi. Ambos teñen fondos que roldan os 1000 metros, cunha extensión dunhas tres millas

náuticas cada un. Son fondos de rocha, area ou lodosos. As artes usadas son variadas: a volanta, o palangre e o pincho son as máis comúns. Son moi usadas polos barcos de Fisterra, Malpica, Muxía, Corme e Laxe. Antigamente o peixe Gato enmallaba nas proximidades das illas de Sálvora, Ons e Cíes, aínda que non soía entrar nas rías e só viñan entre 10 ou 15 destes peixes en todo o ano.

Hoxe xa é moi difícil atopalos, tan só nas costas atlánticas se adican á súa captura para explotar nas industrias farmacéuticas e de cosmética. As propiedades deste peixe están no seu ventre, pois aínda que o peixe Gata non serve para o consumo (nin tan sequera entraba nas lonxas), agás a súa pel, xa mencionada, o ventre era o máis apreciado. Este acostuma a ser moi grande e ocupado, case que na súa totalidade, por un gran fígado do cal se lle pode extraer un aceite que non ten parangón nas súas propiedades (Aceite de Gata). Estas son, ante todo, curativas e cicatrizantes

para toda clase de feridas, golpes e rozaduras. As súas propiedades cicatrizantes son asombrosas, e polo tanto isto indícanos a necesidade de telo na casa. Non había fogar de mariñeiros nu que o Aceite de Gata non estivese presente en todas as curacións.

Cabe destacar que incluso os labregos e gandeiros viñan por el para aplicarlle tamén aos animais. Como exemplo, nas rozaduras producidas polo xugo da vacas e bois, xa que sufrían moitas rozamentos no pescozo no seu esforzo por tirar do carro. Era pois un verdadeiro tesouro para a saúde de todos os da casa. Gardábase coma unha reliquia. Os homes

tamén o usaban para o reuma, para a pel que cicatrizaba sen deixar marcas,..., era un bo substituto de moitos fármacos,... Viña a ser, este Peixe Gata, como o "Rei do Mar", por todas as súas virtudes. Non é de estrañar que acadase uns prezos prohibitivos.

Polo que respecta ás súas capturas, entraba maioritariamente na arte do enmalle. Posuía un cheiro moi forte e penetrante (o frescallo). O procedemento para extirparlle os fígados era complexo, case coma un ritual. Non era doado, pois eran moi grandes, por mor de non estragalos. Abríase o peixe polo lombo e, con moito tino e cun coitelo, íanse aproximando ao fígado. Unha vez alcanzado e extirpado, cortábase en tiras finas e longas, para deseguido introducilo nos envases de vidro preparados para a ocasión, deixándoos a macerar ata que pouco a pouco ían soltando o tesouro que levaban dentro: o ACEITE de GATA.



COLABORA:




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Secretaría Xeral de Política Lingüística

COMO ERAMOS

Por: Lolita Agúin

- A ti déixanche falar na casa?
- A min si, sen gritar, sen preguntar, sen falar cando falan os maiores, sen falar cando teño a boca chea...
- Chea de que?
- Ti pareceas parvo. De que vai ser?
- E a ti...



Miña nai chamoume cedo para ir á escola pero eu non pensaba ir.

O día antes escachei unha botella de tinta da que facía a mestra mesturando po con auga. Era unha botella moi grande que poñía por fóra Anís del Mono, por iso o chan quedou todo esborrachado de cor. Estaba moi asustado. Vaia castigo que me esperaba.

Oín que me chamaban. Era Pacucho...

- Espera que xa imos xuntos á escola.
- Pero eu hoxe non vou, *fagho ghata*
- Por que?
- A ti que che importa.
- E que me dás se vou contigo a *faser ghata*?
- Douche estampas de Salsafrán.
- Non, desas non *axunto*.
- Pois douche un trompo de buxo que é *lansiño*, *lansiño*.

- Non, xa teño
- E logho, que queres?
- Quero unha estampa de Zamora, o porteiro do *Madri*!
- Que listo!. Non, non cha dou.
- Entón non vou contigo.
- Ben, douche estampas do cine, teño de *Fu-manchù*, de *Tarzán*...
- Tampouco quero, teño unha caixa chea das que reparten ao saír da misa.
- Ben, arrea *pa* ti! Entón *fagho ghata* eu solo.
- Empecei a camiñar dándolle *trompetadas* ás pedras que había polo camiño. Ía cantando en voz baixiña: "*A un sevilan seviliano cuatro hijas le dio Dios y tuvo la mala suerte que ninguna fue varón, que ninguna fue varón*....."
- Manolo! Manolo! Dame o trompo *lansiño* e vou contigo.
- Ai que ben, e a onde vamos?
- Podíamos ir a ver un defunto.
- Non, eu non vou, dáme medo. -Pois os mortos non fan mal a ninguén, di miña avoa que os que fan mal son os vivos.
- Si pero o meu curmán Moncho díxome que ás veces se che aparecen de noite aos pés da cama envoltos nunha saba branca e asústante.



-Vamos, non teñas medo que ves comigo! Eu non lle teño medo a nada!

Pacucho pra si: -Que ghabacho;

Entramos nunha sala onde estaba o defunto cunha candea a cada lado. No fondo a tapa da caixa apoiada nun pano negro. Enriba da caixa, unha taboíña cunha cunca de auga bendita cun ramo de oliveira. Cada vez que entraba alguén mollaba a fronte e asperxía a auga por enriba dos familiares que estaban ao redor do defunto. Pacucho esqueceu o medo e empezou a botar auga bendita, non só aos familiares, senón a toda a



xente que se lle puxo a xeito... Alguén nos colleu polas orellas e botounos á rúa sen contemplacións.

A Chuco quedoulle a certeza, que non había que ter medo aos mortos.

-Mira xa saen da escola.

-Velos aí veñen os da Praza de Arriba -dixo Pacucho, podíamos ir a xogar á pelota con eles?

-Non quero xogar con eles, andaron ao currelo comigo e fixéronme un pote.

-Onde? .

-Ti pareses parvo, ónde vai ser? Na cabeza. Como sanghraba moito, a miña avoa botoume azucre moreno con aughardente na ferida. Que bo estaba!

-Logho probáchelo?

-Claro

-Gran cousa ... a min danme xerez Sansón con ovos batidos e azucre cando teño catarro, tamén me poñen aughardente na moa cando a teño furada, e tamén cando me doe a barrigha por comer bruños verdes. E logho, a ti non che dan?

Á tarde fomos para o peirao. Collemos casapos, vellos e lenghuadiños rebuscando entre os montóns de pateiros que traían as dornas.

Asámolo todo nunha fogheirada nos Cons das Señoritas ..., estaban neghros de fume e, tamén sabían a fume,. E, cando acabamos de comelos, estabamos afumados nós tamén.

-Vamos a lavarnos ao pío da nosa horta? -dixen eu.

Collín na casa unha pastilla de xabón da Toxa -,como non,- forma parte da nosa pel. Coa forza da augha empezou a facer espuma. Cada vez crecía máis e máis e, ao pouco non nos viamos uns aos outros, só había espuma ao noso redor, todos estabamos somerxidos nela e metíase nos pola boca, polos ollos, polo nariz..... Atchisssssssssssssssss!!!. Socorro!!!.... afogo!

Un mundo de espuma enchíao todo.

Empezaba a ter conciencia do que me rodeaba ..., non, non había horta, nin pío, nin amigos xogando coa espuma, non estabamos neghros de fume, non me entraba espuma polos ollos, non afoghaba, ou si?


... Atchisssssssss!!!, socorro!!!.... Afogo!!!.... Espertei.

...Soaba unha radio e comecei a oír unha sarta de acontecementos -alguén falaba-

Que dicía aquel insensato?

...-Crise, despedimentos a esgalla,.. Crise, os xuíces acusados, ..Crise, os que rouban absoltos, ..Crise, pobreza, ...Crise, apertarse o cinto...Crise, a democracia para atrás.....

..... Unha mágoa. Por que non habería espuma?



A FALA DO GROVE E ARREDORES EN CLAVE DE HUMOR

Por: José Taboada García

O Galego podemos dividilo en dúas partes: antes da normativa e coa normativa. A normativa había que facela para que todos tiveramos un patrón para escribir. Fíxose, máis puideron facela moito menos complicada. Eu compároa coa xustiza, cos árbitros, con sindicatos, cos ecoloxistas, coas autoridades, coa banca, cos políticos,... Tenos que haber, máis...

Sempre que escribín fixen uso dela, agás esta vez, debido a que, para este artigo e para subliñar o que nel se pretende, teño que usar a fala do pobo. Fala que ten unhas palabras as que lles dan un significado especial segundo as circunstancias.

Lémbrome cando a TVG empezou a botar as películas e as series americanas dobradas ao galego normativo. Soábanme raro e chocante, escoitar a J.R., a John Wayne falando a nosa lingua.

Nunha delas entra no bar o eterno vaqueiro John Wayne, armado co seu inseparable revólver de cachas brancas, sombreiro, pano ao pescozo e botas de montar. De camiño á barra, bota unha ollada aos alí presentes e escóitao murmurar algo que non é do seu agrado. Volvéndose dilles:

- "Xa me estades tocando o carallo".

No Grove é moi típico a palabra <meu>, pero non empregada como posesivo.

Lémbrome que un mozo de Lugo veu a traballar ao Casino da Toxa. Durante a súa estancia neste pobo coñeceu unha moza, namoráronse e prometéronse amor eterno, ignorantes os dous de que o amor caduca. Ese amor acabou en voda, na que houbo moito arroz. Cando o amor se acabou veu o divorcio e, como case sempre pasa, o arroz volveuse paella.

El foise para o seu Lugo natal e ela quedouse cunha nena froito da súa relación. Xa pasados dez anos veu o pai da cativa a recollela; tiña un mes para estar con ela. Tocou o timbre e saúlle a súa ex.

- Elo *meu*, como che vai *meu*? Vas ter que pasarme máis *meu*, pois a meniña vai ir ao instituto *meu*, quere roupa e un ordenador novo *meu*.

Nesto sae a rapaza, xa coa maleta preparada, e cando comezaban a baixar as escaleiras, recordoulle:

- Ata logo *meu*, non esquezas o que che dixen *meu*.
- Eu non son teu. - Foi a súa resposta sen volverse -.

Se <meu> é típico do Grove tamén o é <vento>, pero non empregado como aire en movemento: *Dádelle vento a iso*: facédeo. *Dámoslle vento*: facémolo. *Hai que darlle vento*: hai que facelo. *Quen lle da vento a iso*!: complicación. ...

<Mío> era tamén do Grove, usado cando os compradores e compradoras paraban a poxa na lonxa para mercar peixe ou marisco. Poxa que se facía a viva voz, sen ningún *artiluxio*. Era unha forma de venda, que lle daba á lonxa un aire especial. Tamén se usaba para dicir que unha cousa era boa: *Puxéronnos uns percebes do primeiro mio*. Así mesmo para o viño e ata para as mozas de bo ver...

A tecnoloxía chegou tamén á lonxa e o <mío> transformouse nun "*clin*", son do mando a distancia que usan as peixeiras para parar a poxa. Agora teremos que dicir do primeiro "*clin*".

Do Grove é tamén <amolín> e <baticaso>. Lémbrome fai uns días, que camiñando pola rúa atopeime con Pedro, un rapaz de nove anos coñecido meu. Semellaba un Nazareno, un ollo denegrado, feridas na cabeza, nas mans, nos cóbados...

- Que che pasou Pedro?
- Onte iba na bicicleta e *amolín un baticaso*!



MAQUIEIRA
PESCA DEPORTIVA

Plaza de España, 4
Teléf.: 986 851 814

PONTEVEDRA



Da terra meca é tamén <boia>: *Ese non mira a boia*: é parvo. *Andamos aboiados*: despistados, perdidos. E a <pica>: anzol. *Ese come na pica limpa*: é parvo.

A finais dos anos cincuenta, moitos homes do Grove enroláronse na mercante en barcos estranxeiros e en plataformas petrolíferas e viñeron chapurreando algo de inglés.

Ata logo <yu>. Voume, que a miña <guaifa> ten malas pulgas, do son inglés “*guaiif*”: esposa. A min non me deron <chance>: oportunidade. Toda a noite en <estambai>: en espera.

Do Grove son tamén as populares collareiras, sobre todo as de antes. Esas mulleres que cun carrete de fío, unha agulla, cunchas da praia e un gran arte para vender, fixeron moitos cartos. Traballaban case todas na Toxa. Empregaban fío de mala calidade, para que rompese cedo e así vender máis.

- Cómprame un collariño, mozo
- Eu son de Portonovo
- Eló! As de Portonovo non teñen pescoso, meu.

Outras palabras e expresións típicas de O Grove son:

<Mundo>: empregado como comparación: O hotel era grande coma un *mundo*.

Palabras aforradoras como <Mi>. Mira: *mi*. Logo: <lo>. Profesor: <profe> e <pro>. *Pro* foi como as rapazas do Grove empezaron a chamarlle aos mestres catro anos antes da crise, eran futuristas e comezaron a aforrar.

<Seña>: Señora: Eu non son *seña* María da praia.

Remate en <in> do pretérito perfecto dos verbos da 1ª conxugación (ar). Bailar: *bailín*, Mirar: *mirín*, Parar: *parín*...

- Parín no semáforo.
- Ti soa
- Eló, para parar, fai falta axuda?

Na Guarda empregan <cata>, <catiña>: persoa. <Pisallada>: bronca. <Temporal>: Follón, cabreo. *E o cata botou unha pisallada*.

Unha parella con cara de poucos amigos: hai <temporal>. *Onte cheguei tarde a casa e a muller montoume un temporal*...

<Mar de fondo>: cando non se atopan a gusto. *Vámonos, que hai mar de fondo*.

Na Illa de Ons é típico a palabra <pañou>: por pescou. *Cesáreo os pañou un bo peis*.

Recalcan os ditos: iso foi <moito demasiado>. España é campiona do <mundo mundial>.

Empregan o (a) dúas veces:

- Eu a estes de Ons non os entendo, á radio chámalle: *a arradio*. Á moto: *a amoto*. E, sen embargo, a miña moza, que se chama Azucena, chámalle *Susena*.

Entre os veciños de Noalla e os da Illa de Ons sempre houbo boas relacións, xa por motivos comerciais e como tamén pola pesca, xa que os noalleges ían a pescar as augas de Ons. Isto deu lugar a uns piques, un tira e afrouxa, vaciles,...

Era polo ano 1930 e a pesca facíase case exclusivamente en dornas. Contan que unha noite de néboa estaban a pescar dous de Noalla preto de Ons e empezaron a meterse cos illáns, que tamén andaban por alí faenando.

- Cuá, cuá
- Corvos – Dician

Cabreados os de Ons, diríxense cara a eles. Cando os de Noalla ven achegarse catro dornas, dille un ao outro.

- Compañeiro, hai que morrer matando! Aqueles dous noalleges, sentados na dorna, parecían pouca cousa, pero o que menos medía, era 1'80 metros.

Sóbense un á popa e outro á proa co remo levantado e cando os de Ons ven aquilo di un:

- Vámonos aquí, que iso mesmo parecen os paus do Galatea.

A versión dos illáns non é a mesma. Téndoos rodeados, di un

- Para seres corvos tendes o pico moi longo, imos cortarlle un cacho
- Primo que só era unha broma!
- Ah! Es ti.

E esa relación de parentesco fixo que todo acabase de forma amigable.

T
E
X
T
O
S
:

J
O
S
É
T
A
B
O
A
D
A



D
E
B
U
X
O
S
:

T
O
Ñ
O
E
S
C
U
D
E
R
O

CONSTITUCIÓN DA TOXA COMO SOCIEDADE ANÓNIMA

Por: Xosé Manuel Pereira Fernández
Universidade de Santiago de Compostela

Aínda que a riqueza termal de Galicia arranca da Antigüidade, é a partir do comezo do tramo final da centuria decimonónica cando se asiste en Galicia a unha eclosión da “moda” termo-balnearia. O proceso levará aos balnearios galegos a vivir un momento de esplendor nos primeiros compases do século seguinte. Pola súa incidencia posterior, as actuacións máis espectaculares localizáronse na illa da Toxa.



Antigo pabellón do balneario de A Toxa.

Balneario da Toxa. Arredor do ano 1880. Construído todo en madeira. Destruído nun incendio. Foto: Arquivo familia Riestra.

Segundo o estudo de María Xesús Facal Rodríguez e Xoán Carmona Badía¹, a explotación comercial das augas da Toxa comezou cara a 1841². Ese ano, os empresarios Luís de la Riva de Santiago e Ramón Francisco Piñeiro de Vilagarcía formaron sociedade con Francisco Otero e Ambrosio Seoane, propietarios de Porca Morta, lugar onde estaban os mananciais empregados daquela. Coa finalidade de construír un balneario, os primeiros aportaron 70.000

¹ FACAL RODRÍGUEZ, M.J./CARMONA BADÍA, X., “Ascensión e caída da Casa Riestra” en CARMONA BADÍA, X. (coord.), *Empresarios de Galicia. Vol. 2*, Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2009, pp. 250-281.

² Vila Fariña sitúa a data en 1842, aínda que con un considerable aumento de visitantes dende 1837, VILA FARIÑA, X., L., “A Toxa, la isla de los baños”, en AAVV, *Historia de las Rías (I)*, Faro de Vigo, Vigo, 2000, pp. 245-246.

reais e os segundos o terreo. Á morte dos catro socios, a propiedade foise dividindo. Unido a unha serie de preitos, este feito provocou o deterioro das instalacións, as cales foron quedando semiabandonadas. En 1880 Luís A. Mestre arrenda en poxa xudicial os dereitos dos outros propietarios e ponse ao fronte do antigo balneario. Sen embargo, non será quen de darlle á Toxa o pulo necesario, presentando as instalacións existentes un deplorable estado cara a finais do século XIX. De tal circunstancia fixéronse eco tanto xornalistas anónimos como figuras de relevancia, caso de Emilia Pardo Bazán, quen, en 1899, consideraba a situación da Toxa peor que a da Idade Media³.

A conxunción da eclosión da “moda” termo-balnearia e o obsoleto estado das instalacións motivou a intervención directa da Administración Central en 1894⁴. Ao ano



Balneario da Toxa. Sobre 1894. Barracóns dos pobres, esperando a ser tratados das súas doenzas.

³ A modo de exemplo ver *La Correspondencia Gallega* e *El Diario de Pontevedra* do 14 de setembro, p. 1; 11 e 16 de xullo de 1908, pp. 1 e 2, respectivamente.

⁴ *La Correspondencia Gallega*, 8 de xaneiro de 1900, p. 1.

ACTIVIDADES “Pineiróns”

Agradecemento á:

Colabora



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE

seguinte, unha Real Orde do 29 de maio instaba á construción dun edificio “con las convenientes condiciones higiénicas para el suministro de baños, duchas y demás medios hidroterápicos”, e unha hospedaxe “con las comodidades precisas para un establecimiento de tanta importancia”⁵. Chegándose a contemplar a aparición de incendios supostamente intencionados⁶, éntrase entón nun proceso xudicial que desembocará a finais de decembro de 1899 na intervención directa do ministro de Gobernación, o coruñés e membro do Partido Conservador, Eduardo Dato, decretando a incautación das instalacións termo-balnearias da Toxa⁷.

O traballo de Facal Rodríguez e Carmona Badía indica que a incautación deu lugar a unha soada polémica, pois algúns xornais denunciaron que a mesma fixérase coa intención de favorecer os intereses do marqués de Riestra. Este encargáralle a Euloxio Fonseca, o seu apoderado xeral, a compra duns terreos na Toxa nos que se localizaban uns mananciais non empregados ata entón. En 1898, Fonseca compra a Manuel Botana o Xuncal de Louxo, proseguindo as actuacións nos dous anos seguintes. Rematadas as compras, o marqués de Riestra presenta un proxecto que incluía a construción dun balneario moderno, a expropiación dun perímetro de 450.000m². e a ampliación da tempada de baños. O proxecto foi aprobado case na súa totalidade por Real Orde do 26 de febreiro de 1902. De forma paralela, o capitalista Laureano Salgado e o farmacéutico Fernando Rodríguez Porrero, valéndose da boa relación que o primeiro mantiña co editor de *Vida Galega* Xaime Solá Mestre, mercáronlle á nai deste as pertenzas –tamén polémicas– en Porca Morta herdadas de Luís A. Mestre. Deste xeito, en 1903 aparecen dous proxectos que buscan explotar a illa da Toxa. Finalmente, os propietarios decidirán confluír nunha única empresa.⁸ Será o 7 de abril de 1903 cando ante o notario pontevedrés Valentín García Escudero dean corpo á Compañía Anónima “La Toja”⁹.

A Sociedade “La Toja” presentaba como obxectivo a explotación dos mananciais minero-medicinais da illa da Toxa, a de todas as industrias relacionadas con eles, adquirir bens e dereitos, así como a construción de edificios e vías de comunicación. A Sociedade fixaba o seu domicilio social en Pontevedra, podendo o Consello de Administración abrir sucursais ou oficinas en calquera outra localidade da provincia. A súa duración era de cincuenta anos –prorrogables se así o acordaban os accionistas–, constituíndose cun capital ampliable de 6.000.000 de pta. O capital estaba representado por 12.000 accións de 500 pta. cada unha, sendo as mesmas ao portador.

⁵ *La Correspondencia Gallega*, 8 de xaneiro de 1900, p. 1.

⁶ *La Correspondencia Gallega*, 14 de novembro de 1899, p.2

⁷ *La Correspondencia Gallega*, 2 e 8 de xaneiro de 1900, p.2.

⁸ FACAL RODRÍGUEZ, M.X. / CARMONA BADÍA, X., *art. cit.*, pp. 271-273.

⁹ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPPo), Sección *Protocolos Notariais*, mazo G 20115, fs. 1034rº-1051rº. No AHPPo, Sección *Facenda Pontevedra*, atado 8798, tamén existe unha edición dos Estatutos da Compañía Anónima “La Toja” publicada en Xixón no 1904.

A Xunta Xeral constituíana os socios que sendo donos de, polo menos, vinte e cinco accións, as depositaran nas Caixas da Sociedade oito días antes da data sinalada para a súa celebración, ou presentasen resguardo en forma que acreditase o seu depósito no Banco de España ou outro establecemento de crédito legalmente constituído. Cada vinte e cinco accións daban dereito a un voto, permitindo asociarse a varios accionistas que non acadasen a citada cantidade ata completar o número e delegar a representación nun deles. O dereito de asistencia podía traspasarse noutro accionista mediante carta ou poder. As mulleres casadas, os menores e as corporacións ou sociedades quedaban exceptuadas do dereito de asistencia. Tiñan que delegar a representación en maridos, titores ou administradores apoderados. O Consello de Administración resolvería en caso de dúbida sobre o dereito de asistencia á Xunta Xeral da Sociedade, non admitindo que a decisión fose recorrida posteriormente.

As Xuntas Xerais eran de dúas clases: ordinarias e extraordinarias. As ordinarias celebraríanse durante o mes de febreiro no domicilio social de Pontevedra ou na sucursal que designase o Consello. As extraordinarias levaríanse a cabo nos mesmos lugares cando así o acordase o Consello



Panorámica da Toxa. Ao redor de 1908. Capela sen cunchas no seu exterior. Detrás o balneario. Ao fondo, á esquerda, a primeira fábrica de xabón.

ou o solicitase, polo menos, a cuarta parte dos accionistas. O Presidente da Sociedade era o encargado e responsable de facer as convocatorias para as Xuntas Xerais ordinarias e extraordinarias. A convocatoria debería anunciarse, polo menos, con quince días de antelación, publicándose os anuncios no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e nun ou varios dos xornais diarios de maior tirada de Pontevedra capital e de Madrid. Tanto as Xuntas Xerais ordinarias como as extraordinarias quedaban constituídas, e os seus acordos eran válidos, cando os socios presentes ou representados superaban a terceira parte máis un do total das accións. No caso de que na primeira convocatoria non se reunise o capital indicado, faríase unha segunda convocatoria, sendo válidos os acordos tomados fose cal fose o número de accionistas presentes. Os acordos tomaríanse por maioría simple, decidindo o Presidente en caso de empate. As votacións serían secretas cando, sen ter en

conta o capital representado, o pedise unha terceira parte dos presentes. As Xuntas Xerais estarían presididas polo Presidente do Consello de Administración e na súa ausencia polo Vicepresidente. De faltar os dous, sería o socio presente con maior número de accións. Das Xuntas Xerais levantaríase acta, figurando á marxe o nome dos asistentes. Á Xunta Xeral extraordinaria correspondía a reforma dos Estatutos, a disolución da Sociedade, a súa fusión con outras, o aumento ou diminución do capital social e a emisión de obrigacións.

O Consello de Administración, composto por oito vocais, era quen designaba ao seu Presidente, Vicepresidente e Secretario. Cada dous anos renovábase a metade deles, podendo ser reelixidos. O primeiro Consello tería unha duración de cinco anos, estando composto por don Xoán Mesa González, don Xaquín Martínez García, don Xusto Martínez e Martínez, con Xosé Riestra López, don Fernando Rodríguez Porrero, don Bernardo M. Sagasta Echeverría, don Laureano Salgado Rodríguez e don Rafael Sáenz Díez de la Riva. Para ser conselleiro da Sociedade era preciso posuír un número de accións non inferior a 50.000 pta. No caso de vacante durante os dous anos, o Consello de Administración podía cubrir o posto interinamente. Sen embargo, na primeira Xunta Xeral que se celebrase, aínda que non estivese destinada á elección de conselleiros, ratificaríase o nomeamento ou elixiría a outro. Os conselleiros podían delegar o seu cargo noutro conselleiro ou nun accionista posuidor de cen accións. O substituto tiña as mesmas facultades e obrigas que o substituído.

O Consello de Administración reunírase sempre que o estimase conveniente o Presidente ou o solicitase a maioría dos conselleiros. As convocatorias fariáanse por carta e cunha antelación mínima de oito días. Para que os acordos do Consello de Administración fosen válidos precisábase a presenza —física ou por delegación— da metade máis un dos conselleiros. No caso de empate decidía o Presidente. Entre as facultades do Consello de Administración apare-

cían: elixir ou cesar ao Xerente; acordar a celebración das xuntas xerais e presentar cantos proxectos e proposicións considerase oportuno; adoptar os acordos necesarios para a boa marcha da Compañía; formar, a proposta do Xerente, o equipo de empregados fixos e temporais, os soldos

e os emolumentos; designar a dous dos seus membros para formar a Comisión Executiva encargada de resolver todas as dúbidas cando o Consello non estivese reunido, e adoptar os acordos de carácter urxente necesarios.

Era competencia do Xerente a administración da Compañía; efectuar os cobros e pagos da mesma; outorgar poderes xudiciais e extraxudiciais previa autorización do Consello; a contratación de

empregados fixos e temporais, así como todo o referido co réxime interior de oficinas, balneario, fonda e demais dependencias. Tamén debía formar o inventario xeral dos bens, aparellos, máquinas e demais útiles da Sociedade e dar conta ao Consello de todos os seus actos e resolucións.

Á hora da distribución dos beneficios, deduciríase o seis por cento de interese anual para as accións emitidas. No caso de existir sobranse, un vinte e cinco por cento do mesmo destinaríase para gastos de conservación e obra; un seis por cento para o Xerente, quen, de ser tamén conselleiro, percibiría igualmente a participación que lle correspondese como tal; outro seis por cento para cada un dos conselleiros executivos, e un dous por cento para os demais conselleiros. O remanente repartiríase como dividendo activo entre as accións emitidas. Cando o remanente fose superior a outro seis por cento de interese ás accións, o Consello podería acordar que unha parte se destinase a fondo de reserva, actuación que non sería executiva ata que o sancionase a Xunta Xeral.

A partir da súa constitución como sociedade anónima, A Toxa entra nun período de brillantez. Este acadará as súas maiores cotas a partir da inauguración do Gran Hotel, aparecendo en 1908 o marqués de Riestra como presidente da Sociedade Anónima “La Toja”.

Panorámica do Balneario da Toxa. A capela xa co seu exterior de cunchas.
Foto arredor de 1950.



Pabellones del Sur.



Monumento ao Marqués de Riestra.
Década dos 60. Hoxe desaparecido.

OS PUPILOS EN O GROVE

Por: José Miguel Besada Fernández

Desde que empezou o verame en O Grove a raíz do balneario e das instalacións hostaleiras na Toxa, chamóuselles **pupilos** á xente que se hospedaba no verán nesta vila, ben polos baños das augas medicinais da Toxa ou ben por vir á praia. Isto dou lugar a unha actividade moi importante, tanto no aspecto económico como no social principalmente, porque lle dou ao pobo outra dimensión, un ben engadido, que non tiveron os outros pobos das Rías Baixas coas mesmas actividades económicas no difícil tempo da posguerra, ou sexa, na época do racionamento.

Os **pupilos**, sobre todo os habituais, tiveron unha gran importancia no colectivo de O Grove por moitos motivos pois rompían coa monotonía da vida do inverno e, xunto co bo tempo, traían alegría e optimismo; en xeral eran boa xente, que se foron familiarizando cos veciños, atentos, educados, de bo carácter, interesados en saber as cousas do pobo. Eran xente importante, polo menos parecían, así o daban a entender: semellaban unha fonte de sabedoría que entendían de todo, e estaban relacionados coa elite da cidade onde residían.

Non obstante, os **pupilos** non eran un grupo homoxéneo como os que veñen do INSERSO, senón que eran de varios tipos ou categorías ben diferenciadas socialmente sendo, en xeral, as seguintes.

Os da Toxa: Eran os mais selectos. Hospedábanse no Gran Hotel ou en chalés particulares; eran xente coma se foran doutra galaxia coma quen di: *había ministros, embaixadores, artistas, grandes empresarios, supermillionarios...* que só se podían ver cando saían no NODO cando se ía ao cine; nun pobo era moi difícil velos ao natural e menos falar con eles. En xeral tiñan pouco contacto coa xente da vila, salvo cos traballadores da illa que lles caían ben e cando se interesaban sobre a navegación ou do traballo no mar. En xeral, os traballadores da Toxa eran uns afortunados, pois tiñan traballo fixo, facilidade de colocar aos fillos na empresa e, aínda por riba, trataban con xente importante, sendo para eles era un pracer enorme presumir da amizade cos señores.



Clientes do Gran Hotel. Hora do té.

Os dos chalés de O Grove: Eran os **pupilos** mais habituais. Viñan todos os anos coas súas familias, estaban integrados e moi encantados con todo o do pobo; tiñan moito contacto e participaban en actividades lúdicas como ocorreu coa obra teatral: *“La casa de la Troya”* que causou un gran impacto polo ben facer de todos os colaboradores, pola harmonía e o entusiasmo de todos os participantes. Eran moi ben acollidos polos veciños, que non ocultaban a satisfacción de velos de novo; eran moi familiares, interesábanse e ofrecíanse para o que necesitasen, se estaba na súas mans, polo que eran moi queridos e coñecidos no pobo en xeral; ademais, para os paisanos era unha boa ocasión para falar coa xente fina en castelán con confianza, contarlles a súa vida..., pois escoitábanos con toda atención, era dunha satisfacción impagable que perduraba para sempre.

Por último estaban **os que paraban nas casas particulares:** Estes tiñan o sistema de aloxamento mais interesante, que saía das normas oficiais da hostalería. Eran casas nas que se habilitaban ata o máximo posible de dormitorios. Tanto era así, que a maioría dos pousadeiros habilitaban os seus dormitorios no faiado para poder aloxar mais xente, dado que incluso viñan familias enteiras con rapaces pequenos e tamén as avoas, ás que lles viña moi ben o cambio de aires. No aspecto da comida non era precisamente á carta pero parecíaselle dábondo; todos os días a *patrona* preguntáballes aos hóspedes o que lles apetecía para xantar

para así traelo da praza e logo cocinar os menús que eran moi variados. Outra particularidade é que moitos destes **pupilos** xa traían da casa patacas, cebolas, chícharos... chourizos e porco do salgadoiro e así a estancia saíalles mais barata; tamén eran moi amantes da natureza e gozaban moito na praia, (as que mais lles gustaban eran as da Toxa, as que estaban preto da ponte). Nelas mariscaban, e a pesar de ser do interior, eran moi expertos nestas actividades. Non só apañaban para a caldeirada senón que aínda lles sobra para vender: incluso algúns pagaban en especies, en marisco, chourizos, costela salgada, etc...a súa estancia e así saíalles de balde o veraneo polo que reenganchaban todos os anos.

BAR LONXA

PORTONOVO

Teléf: 986724333

ESPECIALIDAD

* ALBARIÑO

* PESCADITOS

* MARISCOS


EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

CONTRABANDO DE ARMAS NAS PRAIAS DE SAN VICENTE

Por: Francisco Meis

A monarquía portuguesa, con máis de setecentos anos de existencia, rematou agonizando tralo alzamento republicano do país no mes de outubro de 1910. Coa marcha do último monarca, Manuel II, fuxido a Inglaterra un día antes do alzamento, Portugal trocou o sistema político que se viña demandando dende xa facía tempo. Estes acontecementos propagaron importantes cismas na

Antiga nave de salga preto de onde se enterraron as armas.



sociedade portuguesa onde segmentos da mesma, como as poboacións das zonas rurais ou os sindicatos, apoiaban e querían a volta da monarquía. Neste clima de descontento xurdiron faccións antagónicas que orquestraron unha resistencia que pretendía rearmarse para plantarlle cara ao novo sistema. Dentro deste marco comeza a historia que trouxo un episodio de contrabando de armas a unha praia da parroquia de San Vicente do Grove: O Carreiro.

No mes de abril de 1912 os carabineiros de Santa Uxía de Ribeira detectaron na costa un vapor con certo halo de misterio que levantou certas sospeitas polo seu comportamento. Os prácticos da Illa de Sálvora quixeron achegarse á embarcación coa finalidade de ofrecerlle os seus servizos pero, sorprendentemente, tivo un comportamento misterioso, ao fuxir mar dentro. Navegou pola costa, entrando na ría de Marín e acercándose a varios puntos do litoral ata que logrou as condicións idóneas para realizar a operación que estaban agardando: a descarga de armamento para as faccións monárquicas portuguesas. O punto elixido foi a praia do Carreiro, no entorno das fabricas de salga que alí traballaban.

Dende terra as forzas de seguridade foron observando os movementos do barco ata que, tras solicitar diversa información, desprazáronse dende Vilagarcía ata a zona do Carreiro. Temos que ter en conta que a principios do século XX esta área estaba practicamente solitaria e o núcleo habitable encontrábase a unha distancia tan considerable

que propiciaba que as operacións de contrabando se realizaran con total impunidad.

Coa chegada da noite uns catro galeóns foron transportando o armamento ata a praia. Con certa celeridade, pero de forma pouco coidadosa, un grupo de persoas foron enterrando as numerosas caixas que contiñan os fusiles. En varios puntos "*aparecían as areas da praia removidas profundamente como si algunha man revoltosa pasara por elas facendo escavacións e cubríndoas despois*". Inicialmente, non lles foi difícil atopalas porque "*bastou escavar coa punta dunha bota para que aparecerán, case a flor de terra*". Seguiron os carabineiros removendo a area e aos poucos minutos apareceron novas caixas e despois outras e outras, ata que por último xa eran ducias as que ían descubríndose. Algunhas delas estaban entre as rochas e nos declives do terreo, sen máis seguridade que uns cantos puñados de terra por enriba. En menos de dúas horas apareceron 40 caixas, ata converterse en máis de 200

Camión erosionado onde tamén se depositaron armas.



ao remate das tarefas de busca. Nunha das fotografías que ilustran este artigo pódese contemplar unha salga que debeu pertencer a un Carreró, veciño de Sanxenxo, na que preto dela foron enterradas as armas. O lugar elixido polos contrabandistas foron os terreos que rodeaban a fábrica de salga e inclusive a mesma propiedade do industrial. Supúxose que foron mais de 20 persoas, posiblemente de San Vicente, as que deberon participar na operación de

contrabando. Sábese que o transporte fíxose dende o vapor que albergaba o alixio e que o transporte dende o vapor ata terra fíxose mediante botes ou galeóns.

Tivo tal repercusión aquel suceso nas costas de San Vicente que rematou tratándose o incidente no congreso. Alí, tal e como vén recollido no libro de sesións, pódese comprobar como o Marqués de "Villanueva y la Geltrú" denuncia a situación ante o Ministro da Gobernación.

Todo o alixio foi requisado e os portugueses quedaron sen as tan ansiadas armas para dar comezo a recuperación da monarquía.